


GALLEGO 2



UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA

GALLEGO

2



INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

1972

© Universidad de
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dibujos: Julio Maside

SECRETARIADO DE PUBLICACIONES DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO

Depósito Legal: S. 172 - 1972

Printed in Spain

GRÁFICAS EUROPA - Sánchez Llevot, 1 - Teléfono 22 22 50 - SALAMANCA, 1972

Segundo as normas establecidas no Gallego 1 aparece agora o segundo volume deste método práctico de lingua galega.

Dando por suposto que todo o que estudiase con rigor o Gallego 1 está xa capacitado pra comprender calquera testo e expresarse con soltura na lingua cotidiá, pretende este segundo volume ampliar no posible o léxico xa adquirido e afianzá-lo os medios de expresión cun conocemento da estrutura gramatical. Por eso, usamos en todo momento como lingua esplicativa o propio galego, coa intención de que as clases se dean sempre nesta lingua. Non embargantes, as palabras novas, as non aparecidas no Gallego 1, levan a súa correspondente tradución castelá, axeitada ó testo que se estuda. Do mesmo xeito, e pra facilitá-la aplicación das regras gramaticales, consérvanse exercicios de tradución inversa do castelán ó galego.

Se a finalidade do primeiro volume era a de servir de base a un curso de iniciación que rematase dando uns bos conocementos pra comprender e falar galego, a deste segundo volume é a de servir como curso de ampliación e perfeccionamento pra todo aquello que se supón adquirido no Gallego 1.

Coa esperanza de que o Gallego 2* teña a mesma acollida que por estas mesmas datas tivo o Gallego 1 os membros do I. L. G. agradecen a colaboración prestada a todos aqueles que dun xeito ou outro lles indicaron erros, novos puntos de vista, etc., e lles fixeron algúna corrección.

Maio de 1972

* Anque todo o libro está escrito en galego, mantéñese o título en castelán —e o mesmo se fará no 3.º volume— pra conservá-la igualdade editorial do Método.

ADVERTENCIA PRELIMINAR

A estrutura das leccións deste 2.^º volume é análoga á do *Gallego 1*. Cada unha consta de:

- a) lectura
- b) teoría gramatical
- c) exercicios
- d) testo literario.

a) Comparadas coas do *Gallego 1*, as lecturas teñen, xeralmente, máis amplitude e a súa finalidade primordial é a familiarización do alumno con palabras novas, así como a lembranza de outras que xa conoce. No vocabulario adxunto a cada lectura vai a equivalencia castelá de tódolos vocábulos que non apareceron no *Gallego 1*, atendendo sóio á acepción que presentan dentro do contorno.

b) Na parte gramatical buscóuse unha profundización no estudo das partes do discurso e do seu comportamento formal e funcional. Os abundantes exemplos que acompañan á teoría permiten ó alumno unha millor comprensión daquela.

c) Os exercicios pretenden que o alumno poña en práctica a teoría que se lle acaba de ofrecer.

d) A lección termina cun texto literario en prosa ou en verso, que xeralmente continúa a temática da lectura, co fin de enriquecé-lo vocabulario que nesta aparece.

NOTA: Nos vocabularios e na teoría gramatical, como xa se fixo no *Gallego 1*, as vocales tónicas abertas *e/o* van destacadas tipográficamente (*e/o*), pra distinguilas das *e/o* tónicas cerradas.

LECTURA

O comienzo do curso

Estamos a mediar setembre. O vran está pra rematar... e as vacacións tamén. Nestes días, as rúas vólvense encher de rapaces e rapazas con libros. A volta ás escolas, ós institutos, á Universidade ten sempre un aquel de ledicia bullangueira. Os primeiros días son sempre dunha grande axitación. Todo un vran sin se ver dá pra falar moito. Os meses de afastamento teñen sempre un ricaz contido de aventuras, verdadeiras ou maxinadas, que dan tema a longas conversas nos corredores. Fálase das festas do vran, da praia, das mozas ou mozos que se conoceron, dos viaxes ó estranjeiro, do ben que se pasou. As primeiras clases teñen algo especial que gusta a todos. Pro... xa se sabe; como moito, dura a primeira semá. Despois, a matinar outra vez nas próximas vacacións.

Nótase tamén o comienzo do curso nas librerías. Hai



que mercar libros de testo, cuadernos e libretas, lápices de dibuxo e más de escribir, plumas ou bolígrafos... En fin, todo canto vai ser usado nos meses seguintes. Entran os rapaces coas mans valdeiras e saen con moreas de cousas nelas.

O primeiro día de clase, Lelo erguérase moi cedo, e moito antes da hora, estaba listo pra marchar. Cando volvér á casa, parecía moi contento:

—Temos dous escolantes, mamá. Amáis da maestra do ano pasado, hogano hai tamén un mestre que nos vai dar clase. Díxono que ibamos aprender moitas cousas xuntos. Vainos falar de xeografía, historia, matemáticas... De todo. Quere que lle levemos mañá unha redacción encol do que fixo cadaquén no vran. Eu vou falar dos días que estiven en Portonovo.

—Moi ben, Lelo. Supoño que terás que mercar libros e cuadernos, ¿non?

—Sí, vou ir con Enrique pola tarde moi cediño, pra que me dea tempo de facé-la redacción na libreta nova.

Pola tarde foron á tenda da vila. Enrique íbase pra Santiago ó outro día. A el non lle empezaban as clases áinda, pro quería amañalo todo con tempo. Mercaron unha chea de cousas pra Lelo, que debecía pola chegada do día seguinte pra poder contar todo o que lle pasara no vran. E decía dona Rosario vendo a dilixencia do neno:

—Xa verémo-los degoiros de traballo que tes de aquí a quince días.

Amáis das cousas que Lelo necesitaba prá escola, Enrique mercó dous diarios, ún de Madrid e outro rexional, e algunas revistas. Nas revistas non había nunca xeito de poñer de acordo a toda a familia. Naturalmente, Lelo pedía tebeos. Dona Rosario e Carme protestaban cando non levaban revistas femeninas ou, polo menos, que trouxeran algo de modas e fotos de artistas. Don Antón, en troques, facía corpo con Enrique e mercaban sempre revistas de actualidade cultural. O de millor conformar era o tío Pepe, que lía o que lle caía nas mans. Pra que non houbese

leria, Enrique mercó un tebeo de «Breoganix», unha revista femenina, «Xeitosa», e o derradeiro «Actualidade galega» prós homes.

VOCABULARIO

comenzou: *comienzo*
a mediar: *a mediados de*
aquele: *síntoma, aspecto, apariencia*
bullanguera: *jaranera, divertida*
axitación: *agitación*
afastamiento: *alejamiento, ausencia*
ricaz: *rico*
contido: *contenido*
verdadeiras: *verdaderas*
maxinadas: *imaginadas*
matinar: *cavilar*
próximas: *próximas*
testo: *texto*

dibuxo: *dibujo*
e más de: *y de*
saen: *salen*
moreas: *montones*
escolantes: *maestros*
mestre: *maestro*
encol de: *sobre*
cadaquén: *cada uno*
chegada: *llegada*
dilixencia: *diligencia*
rexional: *regional*
leria: *charla, broma, discusión*

PRONUNCIA

1. As vocales:

A) Lembrade que o galego ten sete vocales tónicas (vede *Gallo-g 1*, p. 12):

a: *casa, vran, rapaz.*
e aberto: *quere, quen, tamén.*
e pechado: *temos, cedo, facer.*
i: *día, ledicia, libro.*
o aberto: *volta, escola, home.*
o pechado: *todo, corredor, tolo.*
u: *lume, pluma, aventura.*

É moi importante distinguir ben entre as parellas e/e e o/o. En

certos casos diferéncianse palabras por ese único rasgo. Lembrade algúns deles (vede Gallego 1, p. 29):

bos (= cast. «buenos») / *vós* (= cast. «vosotros»).
bola (= cast. «bolla») / *bola* (= cast. «bola»).
presa (= cast. «presa») / *presa* (= cast. «prisa»).
ven (= cast. «ven») / *ven* (= cast. «viene»).

B) As átonas teñen un timbre menos definido e son más vacilantes cás castelás. O *e* átono seguido dun *i* tónico tende a pronunciarse como *i* (vede Gallego 1, pp. 34 e 42):

decía, cediño, quería
(case pronunciados: *dicia, cidiño, quiría*).

O *o* átono seguido de *u*, *i* tónicos tende a pecharse en *u*:

común, postura, cocciña, comida
(case: *cumún, pustura, cuciña, cumida*).

C) Cando dúas vocales átonas de diferentes palabras van en contacto (sinalefa), a primeira perdeuse na pronuncia; tanto se son iguales coma se non (vede Gallego 1, pp. 25 e 34):

Vólvens(e) encher.
Vend(o) a dilixencia.
Tiña moit(a) aquela.
Viron qu(e) andaba mal.

D) Entre dous *a* en contacto (sendo tónico o segundo), pode xurdir na lingua falada un *i* epentético (vede Gallego 1, p. 34):

a iauga, da ialma, na ialba.

E) Diptongo é a unión de dúas vocales na mesma sílaba. Exemplos:

mediar, vacación, moito, verdadeiro, lingua, cousa, morréu.

F) Os hiatos **æ**, **œ** en posición final (como en *cae, roe, choe, doe, moe, rae, sae, trae*) téndense a pronunciar como diptongos **ai**, **oi**:

cai, roi, choi, doi, moi, rai, sai, trai.

G) Triptongo é a unión de tres vocales na mesma sílaba. Aparece sóio nas terminacións da primeira e terceira persoas do perfecto dos verbos rematados no diptongo *-iar, uar*: *cambiéi, cambióu, acentuéi, acentúou*. As secuencias *-iei-, -uei-, -iou-, -ou-*, noutros casos, en pronuncia normal, silabéanse **i-ei**, **u-ei**, **i-ou**, **u-ou**:

fi-ei-to; vi-ei-ro; a-fi-ei, a-fi-óu (inf. a-fi-ar); bru-éi, bru-óu (inf. bru-ar).

2. As consonantes:

A representación gráfica dos sonidos consonánticos galegos é a seguinte:

Sonido	Grafía	Exemplos
(b)	<i>b</i> ou <i>v</i>	<i>boca, lobo, vrán, vida.</i>
(k)	<i>qu</i> cando lle sigue <i>e</i> ou <i>i</i> c nos demás casos.	<i>quero, requiexo, quilo, esquíu.</i>
(ch)	<i>ch</i>	<i>cativeo, recuncho, recreo, rector.</i>
(d)	<i>d</i>	<i>coche, chave, a cachón.</i>
(f)	<i>f</i>	<i>dedo, boda, saúde.</i>
(g)	<i>gu</i> cando lle sigue <i>e</i> ou <i>i</i> g nos demás casos	<i>freba, refaixo, fuso.</i>
(l)	<i>l</i>	<i>nogueira, guiso, Miguel.</i>
(ll)	<i>ll</i>	<i>galgar, agora, grolo.</i>
(m)	<i>m</i>	<i>landra, colo, luns.</i>
(n)	<i>n</i>	<i>lle, rolla, palla.</i>
(ñ)	<i>ñ</i>	<i>mollo, mango, miña.</i>
(p)	<i>p</i>	<i>navalla, neve, cano.</i>
(r)	<i>r</i>	<i>xuño, niño, roña.</i>
		<i>compás, premer, puchó.</i>
		<i>cara, furón, corenta.</i>

(r)	<i>rr</i> entre vocales	<i>carro, berro, morrer.</i>
	<i>r</i> nos demás casos	<i>reconto, melro, honrado, mar.</i>
(s)	<i>s</i>	<i>seo, souto, posto.</i>
(t)	<i>t</i>	<i>troita, teixo, contento.</i>
(š)	<i>x</i>	<i>xaneiro, roxo, xear.</i>
(θ)	<i>c</i> cando lle sigue <i>e</i> ou <i>i</i>	<i>celeiro, cicho, cocer.</i>
	<i>z</i> nos demás casos	<i>zoca, zurro, paz.</i>

A) Lembrade que o **n** se pronuncia velar cando está no último da palabra, a non ser **non**, **ben**, **quen**, **nin**, **tamén** seguidas das formas pronominales **o**, **a**, **os**, **as** (vede Gallego 1, p. 50):

Non as teño (pron. *nonas teño*).

Tamén o dou (pron. *tameno dou*).

B) Á grafía **h** non lle corresponde ningún sonido:

home, hombreiro, hedra.

Pro pode intervir como segundo elemento de dígrafo (vede Gallego 1, p. 10):

En **ch** pra representá-lo sonido (ê): *chave.*

En **nh** pra representá-lo **n** velar entre vocales: *unha, algunha, nin-*
gunha e os seus plurales.

EXERCICIOS

I. Indica na lectura tódalas palabras que teñen **e/o** abertos, **e/o** pechados.

II. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.

III. Traduce ó castelán a lectura.

IV. Versión ó galego:

1. En setiembre terminan las vacaciones de verano.
2. Enrique compra algunas revistas en la tienda.
3. Lelo pasó el verano en Portonovo.

4. El niño necesita libros de texto, plumas, lápices de dibujo, cuadernos y libretas para la escuela.
5. El nuevo maestro les va a enseñar muchas cosas.
6. En el curso que empieza tienen un maestro y una maestra.
7. En los primeros días del curso hablan de lo que les pasó durante el verano.
8. Lelo se levantó muy temprano.
9. En gallego hay vocales abiertas y cerradas.
10. A Carmen le gustan las revistas femeninas.
11. El verano está lleno de aventuras.
12. Los estudiantes piensan siempre en las vacaciones.
13. El tío Pepe lee todo lo que le cae en las manos.
14. Lelo tiene muchas ganas de ir a la escuela.

V. Conversa:

¿Cando empeza o ano escolar?

¿Cómo son os primeiros días do comienzo do curso?

¿Qué cousas contan os estudiantes cando voltan das vaca-
cions do vran?

¿Qué se merca ó empezá-lo curso?

¿Qué lle contó Lelo a súa nai ó chegar da escola?

¿Qué decía dona Rosario do entusiasmo do neno?

¿É igual o entusiasmo das primeiras clases có do resto do
curso?

¿A qué foron Enrique e seu irmán á vila?

¿Gustábanlle á familia Souto as mesmas lecturas?

¿Qué tipo de revistas lían as mulleres? ¿Cáles eran as que
preferían os homes?

¿Qué revistas e diarios mercó Enrique na vila?

VI. Comenta os refráns seguintes:

1. Nin muíño sin rodicio, nin home sin oficio.

2. O mozo preguiceiro, por non dar un paso dá un milleiro.
3. Mozas tolas e por casar, é mal gando de gardar.
4. Home moi faladeiro, home moi mentireiro.
5. Cada ún di da feira como lle vai nela.
6. Quen queira emprobecer, traia xornaleiros e non os vaia ver.
7. O que se deixa gobernar, mal pode mandar.

TESTO LITERARIO

Aquela mañá entró Ruliño por primeira vez na escola, cos zocos novos e o pelo algo encrechado¹. Levóuno súa nai.

Era un día coma todos, pro a el parecéulle diferente. A esa hora estaba afeito² a ir pró agro³, onde chamaba os bois ou facía contrapeso derriba da grade⁴.

Seu abó tíñalle falado da escola mentres lle enseñaba as primeiras letras. Amáis deso, el vía ir e vir ós outros rapaces, cun silabario na man e guiando coa outra o aro de ferro⁵ ou a roda con dentes de carraca.

Desde que brincou⁶ a soleira⁷ do portal foi pousando⁸ os ollos en canto se lle poñía diante. Viu a nogueira⁹ e os bancos de cantería e o patín¹⁰. Dentro había moito barullo. Os rapaces lían berrando e cantaban os números. Todos ollaron en fite¹¹ pra el cando o viron entrar coa nai. No primeiro¹², a Ruliño comenzáronlle a tremá-las pernas¹³. Sentía algunha vergonza. Pouco e pouco foille pasando, e hastra sorríu cando o mestre lle puxo garimosamente¹⁴ unha man no hombreiro.

Despós que arranxaron¹⁵ todo, súa nai aconsellóuno:

—Séntate, neno, e xa sabes: ten xuicio¹⁶ e mete as letras na cachola.

E Ruliño dixo, mentres apousaba¹⁷ nun banco:

—Sí, mamái¹⁸, ben entendo. Estudiaréi arreo pra deprender un eito¹⁹ de cousas. Xa o abó me falóu deso.

Ruliño sentíuse outro. Coma se nun día tivese medrado máis da conta.

Agora pasa tódalas mañás polo carreiro, guiando o seu aro de ferro e co silabario debaixo do brazo. Vai prá escola. Enreda no patín, canta os números, olla con curiosidade a cada rapaz novo que chega. E pensa no día en que súa nai o levóu por primeira vez.

Xosé Neira Vilas, *O cabaliño de buxo*

Ed. do Castro, Lugo 1971, p. 63.

NOTAS

¹	encrespado	¹⁰	escalera exterior de cantería
²	estaba acostumbrado	¹¹	fijamente
³	terreno destinado al cultivo, en	¹²	al principio
	que suelen tener parte varios	¹³	temblar las piernas
	dueños	¹⁴	cariñosamente
⁴	grada	¹⁵	arreglaron, prepararon
⁵	hierro	¹⁶	juicio
⁶	saltó	¹⁷	se sentaba, descansaba
⁷	umbral	¹⁸	mamá
⁸	posando, poniendo	¹⁹	fig. gran cantidad
⁹	nogal		

LECTURA

Outono no campo

A vida na aldea non ten moita variedade, pois o traballo no campo impón sempre os mesmos labores, que se van repetindo tódolos anos. En Ribarteme todo xira arredor das leiras e dos prados. A xente que non emigró ten que traballar decote, in-



verno ou vran, outono ou primaveira; está sempre á espera dunha boa colleita, de que o tempo sexa axeitado prós froitos que deben saír da terra, e sempre con medo de que a choiva ou a seca lles derramen o seu traballo.

O outono no campo non é coma nas vilas. Nestas, as rúas andan cheas de xente, que vai polos comercios mercando traxes, zapatos, camisas e outras pezas de vestir de entretempo. Nas aldeas nótase más o outono, porque hai máis arbres que perden a folla e os camiños vanse transformando en corredoiras. As leiras están cubertas de millo e axiña se escomenza a falar da recolleita. Despois ven o tempo da esfolla. As mazarocas amarelas van saíndo do casulo e os esfolladores divírtense contando contos e facendo festas. Esto é algo que lle gustaba moito ó tío Pepe e tamén a Lelo, que sempre ó saír da escola iba ver cómo esfollaban. O millo esfollado métese nos hórreos ou nos cabazos e a palla gárdase nos alpendres, pra que o gando teña que comer.

Hoxe emprégase moito o millo híbrido, que produce máis; pro aínda hai xente apegada á tradición que sementa o millo amarelo e o millo branco. Amáis do millo temperán tamén se bota o millo serodio, que se apaña máis tarde, en outubre ou polo San Martiño.

—Moito sudades pra non ter proveito —decíalle don Antón a Marcos da Lopas—. ¿Pra qué queréde-lo millo, se non vos dá rendimento?

—Vostede moito fala —decía Marcos—. ¿E qué lles damos de comer ós animais? O millo fainos falla pró gando e prós porcos, e a mi tamén lle me gusta comer algúna broa co caldo ou algúna torta de torresmos.

—Sí, pro deste xeito non millorades. Está ben que botedes herba ou alcacén pró gando nas leiras, porque botar millo ou centeo é un atraso. Debiades esplotá-la terra con outros produtos: con arbres fruteiras, con legumes... ou tendo moitas vacas, galinhas ou porcos. Debiades concentrá-lo voso traballo nunha produción única e traballar en comunidade, xuntándovo-los veciños e non sendo tan independentes.

Despois de collido o millo, as leiras teñen un aspeuto tristeiro; pro por pouco tempo, pois xa en novembre ven a sementeira do

trigo e más do centeo: outra vez a remexer na terra, a virar todo co de riba pra baixo, dándolle ás leiras unha fisonomía nova, escura...

—E eso non lle é todo, don Antón —engadía Marcos da Lopas—. Tamén hai que prepará-lo viño despóis de collelo no mes de setembre, esmagalo na tinalla, deixalo ferver, prensá-lo bagazo no lagar, botá-lo viño nas perfías, facé-la caña no alambique... Despois, agardar a que chegue o tempo de bebelo. Vostede xa conoce aquel dito:

«O día de San Simón
ponlle o tapón,
e o día de San Martiño
abilla o teu viño».

E polo San Martiño tamén lle hai que matá-lo porco.

VOCABULARIO

outono: *otoño*
traballo: *trabajo*
impón: *impone*
xira: *gira*
á espera: *esperando*
derramen: *estropeen*
recolleita: *recolección*
esfolla: *acción de deshojar la mazorca de maíz*
mazarocas: *mazorcas (de maíz)*
casulo: *hoja que cubre la espiga del maíz*
esfolladores: *los que deshojan el maíz*
esfollaban: *deshojaban*
emprégase: *se emplea*
millo temperán: *maíz temprano*
millo serodio: *maíz tardío*

proveito: *provecho*
rendimento: *rendimiento*
falla: *falta*
torresmos: *torreznos*
millorades: *mejorais*
alcacén: *alcacer*
produtos: *productos*
legumes: *legumbres*
independentes: *independientes*
aspeuto: *aspecto*
esmagalo: *pisarlo, estrujarlo*
tinalla: *tinaja*
bagazo: *orujo*
perfías: *vasijas o pipas para vino*
dito: *dicho*
abillar: *poner la espita a un tonel*

ORTOGRAFIA

1. Acento ortográfico (vede Gallego 1, pp. 28, 36-37)

- A) *Palabras agudas polisílabas*.—Levan acento gráfico se acaban en **vocal**, en **-n** ou en **-s**:

irmá, abofé, alí, acó, bambú, a carón, barquín, paspallás, vigués, amallóns, ruíns.

Nótese que os diptongos contan coma calquera vocal, polo tanto van coa regla:

merquéi, mercóu, coméu, fuxíu.

As outras palabras agudas e as monosílabas non levan acento gráfico:

candil, rosmar, pau.

B) *Palabras graves*.—Acentúanse aquellas que acaban en **-l**, **-r**, **-z**:

útil, cóndor, Lérez.

C) *Palabras esdrúxulas*.—Acentúanse **todas**:

cóxegas, lévedo, píntega, pértego.

D) *Casos particulares*.—Acentúase, en contra das normas anteriores, calquera palabra (grave ou aguda) na que entre un hiato que conteña *í*, *ú* tónicos, pra evitá-la confusión co diptongo:

sería, río, desconfié, lúa, acentúo, raiña, oíron, baúl.

Tamén con función diacrítica empregarémo-lo acento pra diferenciar palabras que se escriben do mesmo xeito e teñen significados diferentes:

sí «sí»	si «si» (pron.)
sóio «sólo, solamente»	soio «solo»
máis «más»	mais «mas, pero»
ún «uno» (pron.)	un «un»
á «a la»	a «la»
ó «al»	o «el»
có «que el» (comp.)	co «con el»
cá «que la» (comp.)	ca «que» (comp.)
pró «para el»	pro «pero»
prá «para la»	pra «para»
dá «da»	da «de la»
fóra «fuera»	fora «fuera» (ir)
é «es»	e «y»
té «te, infusión»	te «te»
nó «nudo»	no «en el»
pé «pie»	pe «pe»

As formas verbais que levan algún pronom enclítico acentúanse todas, de non ser cando a forma verbal é monosílábica e leva un pronom posposto que non teña más dunha sílaba:

escribínche, escribeme, trouxéronnolo, déronchenolo.

Pro: *seino, hainas, viunos...*

As formas verbais que levan enclítica a segunda forma do artigo acentúanse sempre:

Ó dá-las doce «al dar las doce».

¿Ónde botáche-lo coitelo? «¿dónde pusiste el cuchillo?».

Pérde-lo tempo « pierdes el tiempo».

Perdé-lo tempo « perder el tiempo».

2. Guión (vede Gallego 1, pp. 10, 17, 26)

Hai algúns casos en que se esixe a segunda forma do artigo (-lo, -los, -la, -las):

A) Despós dun infinitivo. Neste caso o -r do infinitivo desaparece e o artigo sóldase a el cun guión. Así:

¿Has traé-lo neno? «¿traerás el niño?».

Sentí-las curuxas dáme moito medo «oír las lechuzas me da mucho miedo».

Estóu cheo de oír cantá-los carros «estoy cansado de oír cantar los carros».

B) Despós da 2.^a (*cantas*), 4.^a (*cantamos*) e 5.^a (*cantades*) persoas dos verbos. Neste caso o -s final desaparece e o artigo sóldase a elas co guión. Así:

Ben oíche-lo que pasó «bien oíste lo que pasó».

Sentímo-lo cuco «oímos el cucillo».

Ahí té-la pluma «ahí tienes la pluma».

Xa sabémo-la lección «ya sabemos la lección».

C) Despós dos pronomes **nos, vos, lles**. Tamén neste caso se perde o -s e se solda o artigo cun guión. Así:

Tocóuno-la vez «nos tocó la vez».

Tráivo-lo que vos prometín «os traigo lo que os prometí».

Délle-lo arrauto «les dio el arrebato».

Con este guión quérese marcar que o artigo, a pesares da súa ligazón fonética co verbo ou co pronom, depende sintácticamente da palabra que lle sigue. Tamén os pronomes -lo, -la, -los, -las se soldan ó verbo, pro neste caso escribímolas sin guión, porque é do verbo directamente de quen dependen. Así: *Non quero facelo* «no quiero hacerlo»; *vou esperalos* «voy a esperarlos»; *¿trouxéchelas?* «¿las has traído?»; *hala comer* «tienes que comerla».

EXERCICIOS

- I. Indica as palabras que teñen acento na lectura e por qué.
- II. Indica nas lecturas 1 e 2 os casos que levan guión. Xustifica a razón.
- III. Forma frases coas seguintes palabras:
 1. el, querer, cortar, a folla.
 2. aquí, ter (= ti) o libro.
 3. eu, querer (pres.), contar, vos, o conto.
 4. deu, lles, a carta.
 5. non, dar (= eles), feitas, as cousas.
- IV. Traduce ó castelán a lectura.
- V. Versión ó galego:
 1. En el mes de noviembre se mata el cerdo.
 2. Con el maíz se hace la borona.
 3. El vino se prepara en el otoño.
 4. Los vecinos debían trabajar en comunidad.
 5. En el otoño las fincas están cubiertas de maíz.
 6. Cuando se deshoja el maíz la gente se divierte contando cuentos.
 7. El centeno y el trigo se siembran en noviembre.
 8. El aguardiente se extrae del orujo en el alambique.
 9. El maíz hace falta para el ganado.
 10. El maíz da poco rendimiento.
 11. La lluvia y la sequía pueden estropear los trabajos del campo.
 12. El maíz se recoge en los últimos días de setiembre y en octubre.
 13. La paja de maíz se mete en los cobertizos.
- VI. Conversa:

¿Qué tipo de vida se fai en Ribarteme?

- ¿Cando comenza a recolleita do millo?
 ¿Qué espera a xente de Ribarteme ó traballá-la terra?
 ¿Qué se fai despóis de apañá-lo millo? ¿Qué é a esfolla?
 ¿Qué fan os esfolladores mentres esfollan o millo?
 ¿Qué se fai coa palla do millo?
 ¿Qué tipos de millo hai que sementar?
 ¿Pra qué queren o millo os labregos?
 ¿Qué aconsella D. Antón que se faga co millo?
 ¿Cómo se debía esplotá-lo campo?
 ¿Cántas cousas se fan no mes de novembre?
- VII. Redacción: Describe as operacións da vendima.
 - VIII. Esplica os seguintes refráns:
 1. Ó que bebe viño chéiralle o fuciño.
 2. Come leite e viño, e de vello serás mociño.
 3. Ó amigo do teu viño non o queiras de veciño.
 4. Ó que non fuma nin bebe viño lévao o demo por outro camiño.
 5. Beber sin comer é cegar e non ver.
 6. Con pan e viño pásase o camiño.
 7. O millor viño fai borra.
 8. A auga de San Xoán tolle o viño e non dá pan.

TESTO LITERARIO

POR QUÉ O PAN DE MILLO NON ESPILE¹

Cando Deus e San Pedro andaban polo mundo déronlle pousada na casa dun marulán².
 A dona, muller moi lercha³, recibíunos⁴ recachando o fuciño⁵.
 —Vostedes non serán da xusticia, ¿non? Nin deses que chamán «desvestirigadores»⁶...
 —Señora, —atallóu San Pedro— somos doux probiños cami-

ñantes que imos pola vida: este á precura dunha cruz e eu, na dun gallo.

Reparou neles a muller con desconfío e como tiña o forno roxo comenzou a enfornar⁷ unhas bolas que daban xenio. O apóstol relambíase⁸, porque era algo lampantín⁹, e o marulán díxolle á dona:

—Muller, failles unha bica¹⁰ a estes probes, que están alampando¹¹.

—Será das raspas¹² daquela artesa, e conta que son de pan trigo.

Rosma que rosma, fixo un bolíño coma un ovo e deixouno no remol¹³. Despois pechou o forno rezando o Noso Pai, e acabado, Noso Señoriño erguéu a man dereita, marmulando:

Millo es, millo serás,
por máis que te amasen
non espilirás.

Logo que a fornada estivo cocida, o bolíño medrara hasta volverse fogaza e os pans de millo quedaron no seu ser, que desde aquela o millo nunca máis espiliú.

Recollido por Armando Cotarelo
NOS, Ano XI, Núm. 67, 1929, p. 130

NOTAS

- ¹ esponja
² dícese del labrador o persona más rica de un lugar o de una comarca
³ descarada, insolente, atrevida, redicha
⁴ los recibió
⁵ frunciendo el ceño
⁶ deformación por «investigadores»

- ⁷ meter en el horno
⁸ se relamía
⁹ goloso
¹⁰ torta de harina
¹¹ que están hambrientos
¹² residuos
¹³ rescoldo, brasa que se coloca en la puerta del horno


LECTURA

De caza

Aínda era noite pecha e xa estaba Enrique de pé. Iba de caza e convíñalle saír cediño. Amañouse deseguida e foise prepará-lo almorzo á cociña. Namentres fervía o leite nunha pota, metéu polos petos da cazadora os bocadillos que lle fixera súa nai o víspora. Estaba rematando de almorzar cando sentiu que petaban baixiño á porta e que chamaban por el. Eran o Roxo e máis Paco, dous veciños que tamén iban de caza.

Cando saíron, aínda non era ben de día. Os cans tíñanos nun cortello valdeiro; namentres os prendían, botáronles un anaco de pan.

O Enrique volvou á casa pra collé-la escopeta, os cartuchos e máila licencia de caza. Pechou a porta e xuntouse cos outros dous, que estaban trazando de empezar contra as leiras do monte, onde viñan pacé-los coellos polo cedo.



—Non hai que soltá-los cans hastra chegarmos ó monte. E ti, Enrique, mira se tes algo dentro dos caños, non che vaian reventar —advertiu o Roxo.

A escopeta estaba limpia, e metéulle os cartuchos. Era unha escopeta vella, do doce, pro tiraba ben e longo. A culata de pau de nogueira era noviña do trinque, que aínda lla botara Marcelino, o carpinteiro, pola Santa Cruz.

Xa se empezaba a ver ben cando chegaron ó monte, e entón soltaron os cans. O can máis pequeno, un cadelo, non traballaba moito, pro traíano pra que se fose afacendo e xa iba rastrexando medio ben. O can do Roxo era que nin feito prás perdices; cando as ventaba non había maneira de movelo. Pro a que era unha verdadeira xoia era a cadela de Paco, non a había millor en toda a volta; dáballe ben a todo. Paraba as pezas e habíalle que dar co pé pra que entrase. Estaba matinando Enrique en facerse cun can desta cadela, cando sentiu laiar, e case de seguido soou un tiro.

—¿Atinácheslle? —preguntou Paco—. ¿Qué foi?

—Aínda non o sei —respondéulle o Roxo—. Trasvíno sóio un intre, pro parecéume un coello grande. Ten tino, que pode saír por contra o muro, e que Enrique vixile o camiño.

Enrique, de presa, montou a escopeta algo nervioso e viu como Paco levantaba a súa e tiraba un tiro e, deseguida, outro máis.

—¿Décheslle?

—E eu qué sei? Parecéume que lle dera cando saltou pró carreiro. Cando lle asegundéi, xa se metera na bouza. Pro mira, tocar toquéille, pelo deixóuno. E non é un coello, é unha lebre que debe té-la cama por aquí.

Os cans, alporizados, seguían á lebre e o Roxo iba detrás, ás carreiras. Ún dos cans conseguiu virala e o Roxo zafreouna dun tiro contra o pé dun eucalito.

—¡Caéu! —berraba—; xa lle iba sendo hora. É moita lebre de Noso Señor. ¡Apalpádea! Eu bótolle os tres quilos macizos.

O tiro deulle de cheo. Pegou un capitón e caéu redonda. Veña pra acó esa bota, que a cousa ben merece un grolo. Non está nada mal pra empezar.

—Saúde —dixo Enrique—. E agora ¿pra ónde collemos? É unha boa hora pra atrelarlles ós pombos do souto pequeno.

—¡Bo! Déixate de pombos. É millor andar a unha cousa soia —dixo Paco.

—Eso érache antes, meu rei —dixo o Roxo—, cando non escaseaba a caza. Contaba meu pai, en paz estea, e eso aínda é na miña acordanza, que moitismas veces tiña chegado á casa cun cinto de seis ou sete pezas, con tal de ter un can que lle traballase un pouco e un ferro que lle respondese. Pro agora, xa o vedes, o monte vai zarrado de toxos e silvas, e a caza cómea toda o lobo e máilo raposo. ¡Pra estes non vedan o monte! Vindo ó caso: haille que tirar ó que saia.

Con estas conversas foron matando no tempo, porque outra cousa non había que matar. Os cans, de por veces, levantaban algún rastro, mais como era vello perdíano de contado. Aló polas doce sentáronse a xantar. Enrique estaba algo molente e canso. En toda a mañá non tivera ocasión de tirar un tiro, e pra más, agora poñíase a orballar.

Despós de comer bateron co rastro do raposo, que os levou hastra o alto da ribeira. Paco cambiou os cartuchos de munición por outros de balotes. O raposo estaba enfoscado na beira do río e os cans non o deixaban un minuto e traíano vale arriba. O sitio era malo, había moita leña de cocer. Nesto Enrique viu o raposo e aínda ben non apuntara, zorregóulle un tiro. Pro quen o matou foi Paco, como se viu cando chegaron á beira del.

—A munición do sete non sirve pra animales coma este —dixo Paco—; ten que ser un gran más gordo. ¿Ves? Sóio lle quitáche-lo pelo. E báixalle as chaves á escopeta, que aínda ha de haber unha desgracia. ¡Cómo cheiras ó fero, Pedro!

Atáronlle as pernas ó raposo e metérónlle un pau polo medio pra podelo levar más cómodamente. Debaixo do igrexario pousa-

ron o bicho, e Paco dixo que era millor ver se estaban as perdices na xesteira do cura.

—Vai moi frío, e seguramente han de estar pousadas no medio das xestas. Que as levanten os cans; mentres, nós esperámosas polas beiras. ¡Anda pequeniña! ¡busca! ¡busca!

Separáronse os cazadores e ó pouco sentiron cantá-las perdices. Cando saíu o bando tiráronllas e caeron tres: dúas pra Paco e outra pró Roxo. Enrique abríu con rabia a escopeta e decatouse que non repuxera o cartucho que lle tirara ó diaño do raposo. Cando chegou á casa, entre lusco e fusco, atopou a Carme e a Lelo sentados á mesa, cun tenedor.

—Mira, Lelo, a min, pra cear, vácheme ben o corzo.

—Non digo que non, pro o que trae Enrique é xabarín, e a min préstacheme moito.

Enrique non dixo nada, pro miróunos de través.

VOCABULARIO

pecha: *cerrada*
convíñalle: *le convienta*
o víspora: *la víspera*
trazando de: *tratando de*
noviña do trinque: *nuevecita, que acaba de estrenarse*
cadelo: *perro pequeño*
ventaba: *venteaba*
xoia: *joya*
laiar: *gemir*
soóu: *somó*
trasvíno: *lo entreví*
vixile: *vigile*
bouza: *monte lleno de maleza, maleza*
virala: *darle la vuelta*
zafreóuna: *la lanzó con violencia*
eucalito: *eucalipto*

capitón: *voltereta*
saúde: *salud*
pombos, palomas torcaces
ferro: *hierro (fig. escopeta)*
zarrado: *cerrado*
de por veces: *a veces*
de contado: *inmediatamente*
molente: *molido, cansado*
orballar: *lloviznar*
balote: *posta*
vale: *valle*
zorregóulle: *le sacudió*
fero: *olor montaraz*
igrexario: *iglesario*
xesteira: *retamal*
diaño: *diablo*
xabarín: *jabalí*

ORTOGRAFIA (cont.)

3. Contracciones

Decimos que hai contracción cando o fonema final dunha palabra se asimila co fonema inicial da que lle sigue. Ás veces son tres os fonemas que quedan reducidos a ún. Na lingua falada é moi frecuente esta contracción. Así, pódese decir *dáme aquél* ou *millor, dám' aquél*. Pro hai moitos casos nos que a contracción é obligatoria, ou sexa, non existe a alternativa de poder pronunciar con ou sin contracción. Estes casos témolos que rexistrar na lingua escrita, e representámolos soldando as dúas palabras sin que medie guión, nin apóstrofo, nin outro signo calquera. A saber:

- A) As preposicóns **a, con, de, en, por, pra**, contraen co artigo determinado: ó, á, ós, ás; co, coa, cos, coas; do, da, dos, das; no, na, nos, nas; polo, pola, polos, polas; pró, prá, prós, prás (vede Gallego 1, p. 20).
- B) As preposicóns **con, de, en**, contraen co indefinido (pronome ou artigo): dun, dunha, duns, dunhas; cun, cunha, cuns, cunhas; nun, nunha, nuns, nunhas.
- C) As preposicóns **de, en** contraen co pronome persoal de 3.a persoa **el, ela, eles, elas**: del, dela, deles, delas; nel, nela, neles, nelas (vede Gallego 1, p. 54).
- D) As preposicóns **de, en** tamén contraen co pronome demonstrativo: *deste, dese, daquel, destes, etc.; neste, nese, naquel, nestes, etc.; destoutro, desoutro, daqueloutro, destoutros, nestoutro, etc.* (vede Gallego 1, p. 93).
- E) Os pronomes **me, che, lle** seguidos dos pronomes oblicuos de obxeto directo **o, os, a, as**, tamén contraen: *mo, ma, mos, mas; cho, cha, chos, chas; llo, lla, llos, llas.* (vede Gallego 1, p. 62).

- F) Os pronomes oblicuos **nos**, **vos**, **lles** seguidos do artigo ou do pronome persoal oblicuo de obxeto directo, esixen as formas **lo**, **la**, **los**, **las**. Neste caso o *-s* asimíllase ó *l-* que lle sigue. O artigo sóldase cun guión e o pronome directamente (vede Gallego 1, p. 62).

Dínlle-la pluma; dínllela, «les di la pluma; se la di (a ellos/a ellas)».

Púxenlle-las peras enriba da mesa; púxenllelas, «les puse las peras encima de la mesa; se las puse (a ellos, a ellas)».

- G) O infinitivo dos verbos, cando vai seguido do artigo ou do pronome persoal oblicuo de obxeto directo, esixe a segunda forma **lo**, **la**, **los**, **las**. O *-r* final do infinitivo desaparece. O artigo sóldase ó infinitivo cun guión, o pronome directamente (vede Gallego 1, pp. 10 e 26):

Mañá non me veñas sin sabé-la lección; hei sabela, sí, señor
«mañana no vengas sin saber la lección; la sabré, sí, señor».

- H) A 2.^a, 4.^a e 5.^a persoas dos verbos tamén esixen a segunda forma do artigo e do pronome persoal caso oblicuo obxeto directo. O *-s* final do verbo desaparece e a soldadura do artigo ou do pronome faise conforme queda dito arriba (F, G) (vede Gallego 1, pp. 19 e 53-54):

Sabémo-la lección; sabémola «sabemos la lección; la sabemos».
Sábe-la lección; sábelo «sabes la lección; la sabes».

- I) O mesmo caso de contracción que vimos nos apartados F, G, H, dáse tamén cando a segunda forma do artigo vai en contacto con **todos**, **todas**, **máis**, **ambos** e **entrambos**: *tódolos días, tódalas mañás, o pai e máilo fillo, ámbolos dous, entrámbolos dous*. Neste caso non é preciso o guión, posto que non aparece nunca nesta circunstancia o pronome e polo tanto non se necesita sinal diacrítico ningún (vede Gallego 1, p. 19).

- J) **Ca**, partícula comparativa, seguida do artigo determinado, contrae: **có**, **cá**, **cós**, **cás** (vede Gallego 1, p. 45):

É meirande có meu «es más grande que el mío».

É meirande cá miña «es más grande que la mía».

EXERCICIOS

- I. Indica as contraccións que aparecen nas tres primeiras lecturas.
- II. Conxuga os tempos dos verbos que están na lectura.
- III. Forma frases coas palabras seguintes:
 1. De, este, lado, tendes, a, casa, de, o, tío.
 2. Din, lles, o, libro, que, estaba, en, unha, mesa.
 3. Digo, che, o, con, a, alma, en, a, man.
 4. En, aquél, tempo, fixeron, vos, as, obras.
 5. A, nena, é, más, pequena, ca, o, neno.
 6. Está, en, aquela, outra, mesa.
 7. Todas, as, cousas, son, de, el.
 8. Entrambos, os, dous, foron, pra, a, vila.
 9. Tes, que, resolver, os, problemas.
 10. Feitas, as, cousas, montaron, en, os, cabalos.
- IV. Traduce ó castelán a lectura.
- V. Versión ó galego:
 1. Enrique ya estaba de pie, aunque todavía era de noche.
 2. Los cazadores dan un trozo de pan a los perros antes de salir de caza.
 3. En el monte abundan los conejos al amanecer.
 4. La escopeta de Enrique tenía una culata nueva.
 5. Llevaban el perro pequeño para que se acostumbrase a la caza.

6. Al primer disparo cogieron una liebre bastante grande.
7. Los cazadores, contentos de sus primeros disparos, echan un trago.
8. Es mejor dedicarse a cazar lo que se encuentre.
9. Hacia las doce se detienen para comer.
10. Despues de comer siguen el rastro del zorro por un lugar difícil.
11. Luego se dedican a cazar perdices en el retamal de la iglesia.
12. Enrique llega muy cansado a casa.

VI. Conversa:

- ¿Qué fixo Enrique namáis se erguer?
 ¿Con quén iba de caza?
 ¿Cántos cans levaban?
 ¿Cómo era a escopeta de Enrique?
 ¿Qué levaba Enrique cando iba de caza?
 ¿Pra qué levaban o can más pequeno?
 ¿Qué foi o primeiro que cazaron? ¿Cómo era?
 ¿Qué lle advertiu o Roxo a Enrique cando saíron pró monte?
 ¿Hai moita caza nos montes de Ribarteme?
 ¿Qué fan os cazadores cando collen unha peza grande?
 ¿Ónde viron o raposo e cómo o mataron?
 ¿Qué fixeron co raposo morto?

VII. Esplica estas adiviñanzas:

1. Cen fillos ten e todos con leite os mantén (*os figos*).
2. Dous bois marellos metidos nunha corte de ferro (*os ovos na tixola*).
3. Ten un dente
e tira pola xente (*a campá*).
4. Estou pensando, pensando,

de pensar vólvome tola,
 coa sogra da muller de meu irmán,
 ¿qué parentesco me toca? (*é miña nai*).

TESTOS LITERARIOS

O CAZADOR

I

Un cazador avarento¹,
 Perucho do Cascalhar,
 foi hoxe ó monte a cazar
 e cazóu con moito tento.
 Viu de coellos un cento
 mais non lles quixo tirar:
 e é que pensaba o Perucho,
 moi asisado², ó meu ver:
 —Pódese o tiro torcer,
 ¡e alá se vai un cartucho!

II

Outro día o Cascalhar
 matóu un probe coello,
 enxoito³, pelado e vello;
 e cando foi a mirar
 onde o tiro lle acertara,
 ollóu que tiña tan sólo⁴
 un perdigón no miolo
 que o animaliño matara.
 Entón aquel gran larpán⁵
 decía prós seus calzóns:
 —¡Lástima dos perdigóns
 que se perderon no chan!

Sal e Pementa. Escolma de epigramas

Ed. Castrellos, Col. «O Moucho», Vigo 1968, p. 27

NOTAS

- ¹ avariento
² juicioso, sesudo
³ enjuto

- ⁴ castellanismo por *sóio*
⁵ hambrón, glotón, tontarrón

No PINAL

Cheira a resina, fiuncho¹ e marusía²
e escóitase lonxano o eco brando³
da flauta en que o rapaz, a par do gando,
repenica unha aldeana melodía.
Xeme o vento mareiro unha elexía⁴
entre os pinos que fungan murmullando
e unha aboa, coa netiña, vai xuntando
polas secas, ó pé da serventía⁵.
Pasa, a brincos, a lebre, e detrás dela
vai ladronzo, xadeante⁶, unha cedula
—un lóstrego tras de outro, en remuñío—.
Salta o valo⁷ un señor con carabina
e namentres a nena se persina⁸
berra a velliña: «¡Ahí vai...! ¡Polo camiño...!»

R. Cabanillas, *Obra completa*
Ed. Galicia, Buenos Aires 1959, p. 105

NOTAS

- ¹ hinojo
² olor a mar
³ blando
⁴ elegía

- ⁵ servidumbre de paso, camino
⁶ jadeante
⁷ muro, cerco
⁸ persigna

LECTURA

Oficios de Ribarteme (I)


—Mañá —decía o mestre— imos ver cómo traballan algúns veciños nosos no seu oficio. Podedes traé-la libreta pra facerdes dibuxos e apuntá-las cousas que non conozades. Así que, mañá ás nove e media, vémonos diante do pallal do zoqueiro. Onde vaimos tede tino de non lles topar ás ferramentas nin revovelas. Mirades e preguntades, pro namáis. ¿Entendido?

Cando ó día seguinte os rapaces chegaron onda o zoqueiro xa estaba o mestre falando con el.

—Poñédevos arredor —dixo o escolante— e estade atentos ó que nos vai esplicar Xosé.

—As zocas, como sabedes, fanse de pau; eu xa as teño feito de salgueiro e de ameneiro, pro o corrente é facelas de vidueiro.

—¿E por qué? —preguntou un pícaro.



—Pois, porque o vidueiro é máis levián, seca axiña e a madeira non abre, e se a ferramenta está ben afiada traballa ben nel. ¿Vedes este taco? Del faise a zoca. Primeiro desbástase co machado no cepo e despóis coa aixola afínase un pouco pra lle dar forma. Ó facé-la galga xa queda feito o tacón e más parte do bico. Deseguida métese no gastallo, ben apreixada con cuñas pra que non se movea. Logo esgúbiase a zoca con esta gubia de boca redonda e tradéase co trade; coas gubias e co trade empézase o cavamento da zoca.

—¿E entón pra qué sirve estoutra gubia plana?

—Pra facé-la pranta do pé. Despós trabállase coas legras. Como vedes, teñen a navalla volteada, cortan polos dous lados e levan un mango longo pra poder agarralas coas dúas mans e ó mesmo tempo apretalas contra o hombreiro. ¿Vedes? Manéxanse así e nunca se lles pode petar co macico. Con este revocador aféitolle a boca á zoca.

O zoqueiro quitóu a zoca que tiña posta no gastallo e sentóuse nun tallo cativo, puxo o prato contra o peito e, coa zoca apretada por riba dos xionllos, empezóuna a afeitar cun coitelo volteado que tiña dous mangos.

—Cando a zoca está ben afeitada —continuóu—, fáiselle o xabre co xabreador. Este adorno pódese completar más tarde co risco, pra que quede más bonito o traballo. ¿Entendéchede-lo asunto?

—Eu pola miña parte entendín —contestóu un rapaz, xa mocete, que se chamaba Luís e era algo arteiro, vaia, que se daba maña prás cousas—; pro queríalle preguntar, se non é molestia, ¿por qué pon as zocas á beira do lume? Eu téñollas visto empalladas detrás da lareira moitas veces.

—Non, home, non ¡qué ha ser molestia! Téñoas pra que se que más axiña a madeira; a zoca, así, afúmase tamén un pouquichinho e véselle millor o dibuxo.

—¿E vostede non fai zocos? —preguntóu o Lelo.

—Pois sí; pro sóio os fago de encarga e non fago más que o

pau. As pezas de material, cos seus amallóns, cómpranse xa feitas nunha feira. Eu, aquí, clávolle-lo coiro. Antes encargábanmos ferrados ou brocheados, pro como eran moi pesados e as brochas que lles caían podíanselle espetar a un animal no pé, xa case ningún mos pide.

O mestre deulle as gracias a Xosé e fórone cara á casa do ferreiro. Polo camiño atoparon a Antonio, o canteiro, que iba buscar unhas barrenas e uns picos que levara a apuntar.

—Bos días nos dea Deus —dixo.

—Santos e bos —contestóulle o mestre. —E logo trabállase polo oficio?

—Pois sí, estamos fendendo unhas penas. Xa lles témo-las cuñeiras feitas e fímoslles meté-las cuñas, pro como seguramente teremos que botar algún barreno, veño por ferramenta que teño no ferreiro. E más non sei se o penedo terá algunha seda...

—Nós tamén imos pra aló, pois quérolle amostrar ós rapaces a forxa.

VOCABULARIO

pallal: *pajar, cobertizo*

zoqueiro: *persona que hace zuecos*

topar: *tocar*

zocas: *almadreñas*

ameneiro: *aliso*

pícaro: *niño*

afiada: *afilada*

aixola: *azuela*

galga: *punte de la almadreña*

bico: *punta*

gastallo: *madero con entalla o muesca para asegurar una pieza, ayudándose de una cuña*

apreixada: *aprisionada*

esgúbiase: *se cava con la gubia*

tradéase: *se taladra*

trade: *taladro*

cavamento: *acción de cavar*

pranta do pé: *planta del pie*

legras: *instrumentos curvos de hierro con que se excava la madera de zuecos y almadréñas*

manéxanxe: *se manejan*

macico: *mazo*

tallo: *banco pequeño*

por riba: *por encima*

xionllos: *rodillas*

xabre: *incisión que bordea la pieza de madera de los zuecos para asentar en ella la pieza de cuero.*

xabreador: instrumento para hacer el xabre
 risco: raya; instrumento con que se hace
 una raya
 arteiro: artero, maño
 emparelladas: emparejadas
 pouquichinho: poquitito
 coiro: cuero

brocheados: con tachuelas
 brochas: tachuelas
 espetar: clavar
 cuñeiras: agujeros cuadrados en los que se introduce la cuña
 seda: grieta

O ARTIGO (vede Gallego 1, pp. 19-20)

1. Determinado

	MASCULINO	FEMENINO	MASCULINO	FEMENINO
SINGULAR	o / lo	a / la	un	unha
PLURAL	os / los	as / las	uns	unhas

As formas **lo**, **la**, **los**, **las** sóio se empregan en contacto co infinitivo, coa 2.^a, 4.^a e 5.^a persoas dos verbos e despóis de **por**, **todos**, **todas**, **máis**, **ambos**, **entrambos**, **nos**, **vos** e **lles** (vede Gallego 1, pp. 10, 17 e 19):

Ó dá-las doce «al dar las doce».
 Recollé-lo millo «recoger el maíz».
 Queréde-los cartos «queréis el dinero».
 Estragáche-la navalla «estropeaste la navaja».
 Tódalas cousas «todás las cosas».
 Foron pola rúa «fueron por la calle».
 Ámbolos libros «ambos libros».
 Ti e máilo neno «tú y el niño».
 Díxenvo-lo que pasara «os dije lo que había pasado».

2. Indeterminado

3. Contracción das preposiciones co artigo

	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>os</i>	<i>as</i>	<i>un</i>	<i>unha</i>	<i>uns</i>	<i>unhas</i>
<i>a</i>	ó	á	ós	ás				
<i>con</i>	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
<i>de</i>	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
<i>en</i>	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
<i>por</i>	polo	pola	polos	polas				
<i>pra</i>	pró	prá	prós	prás				

4. Uso do artigo

- A) Cando o sustantivo vai precedido do posesivo ten que levá-lo artigo determinado (vede Gallego 1, p. 101):

Os meus poderes «mis poderes».

A nosa casa «nuestra casa».

O voso coche «vuestro coche».

O artigo pódese deixar de usar cando o posesivo se xunta a un nome de parentesco:

Meus pais están de acordo «mis padres están de acuerdo».

É de meu irmán «es de mi hermano».

Chegóu teu cuñado «llegó tu cuñado».

Desaparece sempre o artigo cando o nome está en vocativo:

Non llo creas, meu fillo «no se lo creas, hijo mío».

- B) Non se usa o artigo determinado cando o sustantivo vai acompañado dun demostrativo ou dun indefinido:

Esta folla «esta hoja».

Ese dibuxo «ese dibujo».

Algún traballo «algún trabajo».

- C) Cos cuantitativos **todo** e **ambos** ou **entrambos** tense que usar sempre o artigo determinado, áñda no caso de sust. + posesivo:

Tódalas portas «todas las puertas».
Tódalas súas cousas «todas sus cosas».
Ámbolos fillos «ambos hijos».
Ámbalas túas carteiras «tus dos carteras».

- D) Úsase o artigo en frases adverbiales do tipo:

Ás escuras «a oscuras».
Ás veces «a veces».
Polo de agora «por ahora».

- E) Na fala, e menos na literatura, é común o uso do artigo con nomes de persoa, apelidos e alcumes:

O Lelo vai na escola «Lelo ha ido a la escuela».
A Maruxa está feita unha moza «Maruja está hecha una moza».
O Cazagatos está vello «El Cazagatos está viejo».

O apellido ou o alcume do home pode valer pra facer referencia á muller:

A Manca «la mujer del Manco».
A Arcea «la mujer de Arceo».

- F) Prós nomes xeográficos non se pode dar unha norma, pois úns levan artigo e outros non. Co artigo van, polo regular, os nomes de ríos, mares, montes e continentes:

A Ulla, O Miño, O Sar, O Tambre, O Atlántico, O Pedroso, A América.

Os nomes de nacións, ciudades, vilas e aldeas case sempre van sin artigo, pro hai moitos casos con el:

A Cruña, O Ferrol, O Brasil, A Arxentina, O Porto, A Capela, etc.

- G) Cos nomes dos días da semá tamén pode faltá-lo artigo:

Chegou sábado «llegó el sábado».
Domingo imos á festa «el domingo vamos a la fiesta».

EXERCICIOS

- I. Indica os artigos nas lecturas 3 e 4.
- II. Indica e esplica as contracóns que aparecen nas lecturas 3 e 4.
- III. Conxuga os tempos dos verbos regulares da lectura 4.
- IV. Pon no sitio dos guións os artigos ou contracóns correspondentes:
 1. - fragua quéntase - ferro.
 2. Non é quen a facer - casa.
 3. Todas - cousas - rapaz.
 4. Fixo - vara - navalla.
 5. Queredes - libro - neno.
 6. - túa casa ten - cuarto - visitas.
 7. ¿Qué facedes - tarde?
 8. Fun - vila.
 9. Fixeron todo - hora.
 10. Teremos que facelo eu e más - rapaz.
 11. A carteira é - xefe - estación.

- V. Versión ó galego:

1. El maestro y los niños fueron a visitar a algunos vecinos.
2. Los niños llevan una libreta para tomar apuntes.
3. Las almadreñas llevan adornos.
4. La madera de abedul seca pronto.
5. A las nueve y media nos veremos allí todos.
6. La madera para hacer las almadreñas puede ser de sauce, aliso o abedul.

7. Las tachuelas pueden clavarse en los pies de los animales.
8. El maestro llevó a los niños a ver la fragua del herrero.
9. El cantero iba a buscar las herramientas.
10. Hace falta que las herramientas estén afiladas.
11. Todos se pusieron alrededor de José.

VI. Traduce ó castelán a lectura.

VII. Conversa:

¿Qué van facer ó día seguinte os nenos da escola?

¿Qué lles recomenda o mestre?

¿De qué se fan as zocas?

¿Qué ventaxas ten o vidueiro?

¿Con qué se afeita a boca da zoca?

¿Qué se fai coa zoca despóis de ben afeitada?

¿Qué lle di Luís ó zoqueiro?

¿Úsanse moito os zocos? ¿Por qué?

¿A quén atoparon os nenos ó saír da casa do zoqueiro?

¿Qué estaba facendo o canteiro?

TESTOS LITERARIOS

Os ZAPATOS

De volta dunha ruada¹
correndo a paso de can,
cos seus zapatos na man
iba o mozo Andrés Parada.
Dá nun pé unha pancada²
contra un croio³ o probe Andrés;
vendo a uña do revés,
di, chorando: —¡Malos lobos!...

7. Las tachuelas pueden clavarse en los pies de los animales.
8. El maestro llevó a los niños a ver la fragua del herrero.
9. El cantero iba a buscar las herramientas.
10. Hace falta que las herramientas estén afiladas.
11. Todos se pusieron alrededor de José.

¡Ai, meus zapatiños novos,
quén vos levara nos pés!

Sal e pementa. Escolma de epigramas

Ed. Castrellos, Col. «O Moucho», Vigo 1968, p. 31

NOTAS

¹ fiesta y diversión popular nocturna, ronda

² golpe, tropezón

³ guijarro, canto rodado

CÁNTIGAS

1. A vida do carreteiro¹
non hai vida coma ela;
pola semá no carreto²
e o domingo na taberna.
2. Costureira, non a quero;
tecélá xa che ma dan;
a filla dun labrador
sabe traballá-lo pan.
3. Aprendín a barbeiriño³,
aprendín, non me pesou;
mándanme chamá-las nenas,
mándanme chamar e vou.
4. Nas palabras dos canteiros
meniñas⁴ non vos fiedes,
collen os picos e vanse:
meniñas ¿qué lles faredes?

NOTAS

¹ carretero

³ barbero (dim.)

² acarreo


⁴ muchachas, chicas

LECTURA

Oficios de Ribarteme (II)

O mestre e os rapaces indo prá casa do ferreiro xa sentiron de lonxe petar na forxa. Cando o ferreiro os viu pasar por diante da fiestra foilles abrí-la porta.

—Bos días —dixo o mestre.



—Bos días, don Salvador e a compañía. Vaian pasando a modo, que está todo esto revolto, e miren de non topalles coa man a esas follas que están onda a engrá; están quentes e poden deixar nelas a pel dos dedos. ¿E el qué se lles ofrece?

—Pois nada —dixo o mestre—. Vimos da casa do zoqueiro e queríamos saber cómo se traballa o ferro, se tes agora algúns vagar.

—Moito non lle hai, pro pra lles aprender ós rapaces sempre me ten á súa disposición. Veñan pra acó,

onda meu irmán Manuel, que está quentando o ferro pra calzar un machado.

Manuel estaba atizando no carbón e ó mesmo tempo tiraba do barquín.

—¿Qué, Manuel, ahí non terás frío?

—Non lle teño moito, non.

—¿E poderíasllles esplicar ós cativos e a min, que tamén me fai boa falla, o que estás facendo?

—Pois estou quentando aceiro; pra traballalo ten que estar moi quente; canto máis, millor é de traballar. Ademáis, haino que manexar sempre con tenazas.

Quitóu a peza do lume e púxose a petar nela enriba da zafra. As muxicas saltaban en tódalas direcóns, e algunas caíanlle nos brazos.

—¿E non se queima? —preguntou Lelo.

—Home, algunha muxica traba, pro xa estamos afeitos.

Cando a peza perdéu a cor vermella que tiña en primeiro, púxoa dentro de outra de ferro que xa tiña a forma do machado e volvérá a quentar todo xunto.

—Agora —esplicou Pedro— vaino quentar todo o que poida hastra case deixalo branco e entón teno que mazar outra vez a correr pra aproveitá-la caldea. Así, unha das partes más difíciles xa está feita. Mais pra que o machado corte ben, haille que dá-la templa xusta e eso sí que require tento. Se o aceiro, que é a boca do machado, ten moita templa, é decir, se se enfriá moi axiña, sae moi duro; corta moito, pro pode fender ou esmollar de contado. E se ten pouca templa, non corta porque se lle cega o fío. Compre ter moito tino.

—¿E ese machado xa pode cortar?

—Home, non. Aínda lle hai que comer algo coa lima e despois haille que sacá-lo fío na moa. Pra rematar, fáiselle un mango curioso e xa se pode picá-la leña que se queira.

—Ben, non vos incomodamos máis —despedíuse don Salvador—. Deica logo.

—A mandar, don Salvador.

Estaban sendo as doce cando chegaron á carpintería de Marcelino. Antes de ter carpintería, xa tivera unha serra. Despois, pouco e pouco, foi deprendendo o oficio. Hoxe xa ten moitas máquinas, pro aínda conserva a ferramenta vella, como as garlopas volteadas pra facer sellas e cambas; o xabreador pra botar fondos ós bocois; a serra de cordel pra voltear pezas, etc.

Despois de saudarse, amosóulle-la carpintería, onde había, ademáis del, dous oficiais e un aprendiz.

—Como ven, o carpinteiro ten que ter moita ferramenta e ben tratada, pro o principal é ter un bo banco co seu torno onde poder traballar cómodamente. Detrás del, colgadas da parede e á man, véde-las ferramentas...

—Coma as do zoqueiro, —dixo Lelo.

—Pois ...sí, pro algunas non. ¿Ves esta que parece que ten o fío do revés, co corte pra diante? Pois esta non a ten o zoqueiro; é mais ben de ebanista ou de tallista, e manéxase coa man. Ás outras pódeseles petar co macico. Tamén temos compases, esquadros, falsas escuadras e reglas pra aliñar, coma os canteiros.

—¿Pra aliñar? —preguntou ún.

—Sí, pra tirar unha liña por onde ha de pasá-la serra ou calquera outra ferramenta; pra eso tamén podemos usá-lo gramil, que risca. Pra desempenar unha táboa ou pra deixala lisinha, valémonos de todas estas garlopas. A última man, antes de barnizar unha peza, dáse con esto que parece unha lata, a raspilla. ¿Vedes qué viruta fina saca?

—¿E cómo se fan os empalmes das táboas? —preguntou Luís.

—Xa sei ó que te refires. Eso chámase machembrar e faise co cantil, que saca tanto machos coma femias.

—¿E a vostede con qué madeira lle gusta más traballar?

—Depende pra qué. Se teño que facer un móbel lucido, gústame facelo de nogueira ou de castiñeiro ou tamén de cerdeira. Pra pisar, pra facer acimbres ou cousa parecida úsase normalmente pino: pró carro hai que se valer de madeira da cerna do

carballo, menos o eixo que ten que ser de freixo ou de vidueiro. Xa ves que eso depende do tipo de traballo que che encarguen. Así que, como gustar, gústame toda a madeira, con tal que non teña nós. Agora, se queredes, podedes ir xunto ós carpinteiros e preguntárlle-lo que se vos veña á memoria. Tede tino de non vos achegar á circular que, como xira a moitas revolucións, pódevos levar unha man.

O mestre tamén se foi informando do que lle conviña. Tiña pensado facer algunas reformas na escola e interesábasele facer un estante prós libros. Marcelino iba tomando nota das medidas que lle daba o escolante.

VOCABULARIO

revolto:	<i>revuelto</i>
engra:	<i>yunque</i>
pel:	<i>piel</i>
vagar:	<i>tiempo libre</i>
aceiro:	<i>acerro</i>
manexar:	<i>manejar</i>
zafra:	<i>yunque</i>
traba:	<i>muerde, daña</i>
mazar:	<i>golpear</i>
a correr:	<i>de prisa</i>
caldea:	<i>caldeo, calda</i>
templa:	<i>templo</i>
fío:	<i>corte, filo</i>
esmillar:	<i>saltar en esquirlas metálicas el fi- lo de una herramienta</i>
moa:	<i>muela</i>
curioso:	<i>bien hecho</i>

O SUSTANTIVO

1. O xénero (vede Gallego 1, pp. 35-36)

O xénero dos nomes galegos coincide, polo xeral, co dos

nomes casteláns: os que rematan en **-o** son masculinos e os que rematan en **-a** son femeninos: *fillo* «hijo», *filla* «hija».

Pro debemos lembrar certas particularidades:

A) Dos nomes en **-a** son masculinos casos como *día*, *profeta*, *papa*, *garda*. Algúns sustantivos desta terminación son do xénero común: *o artista* / *a artista*, *asceta*, *atleta*, *patriota*, *parricida*, etc. Tamén hai casos do xénero común nos que rematan en **-e**: *intérprete*, *herexe*. Dos que rematan en **-o** é femenino *a radio*.

B) Os nomes de arbres fruteiras son, xeralmente, do xénero femenino, da mesma maneira có nome do froito; pro cando o nome do froito é masculino tamén costuma ser o nome da arbre. Exemplos:

a pereira «el peral»
a maceira «el manzano»
a laranxeira «el naranjo»
a nogueira «el nogal»
o limoeiro «el limonero»
o pexegueiro «el pérsico»

a pera «la pera»
a mazá «la manzana»
a laranxa «la naranja»
a noz «la nuez»
o limón «el limón»
o pexego «el pérsico».

Un caso especial témolo en

a figueira «la higuera» *o fígo* «el higo».

C) Os nomes das letras do alfabeto son masculinos: *o a*, *o b*.

D) Os nomes rematados en **-axe**, que non se refiren a seres sesuados, son femeninos: *paisaxe*, *carraxe*, *mensaxe*, *fogaxe*, *follaxe*, *romaxe*, *aldraxe*, *friaxe*, *moblaxe*, etc. Hai algunha excepción, pois son masculinos *traxe*, *garaxe*, *personaxe*, *viaxe*.

E) Son masculinos en galego:

o cal «la cal»
o lume «la lumbre, el fuego»
o nariz «la nariz»

o ubre «la ubre»
o labor «la labor, la tarea, el trabajo»

o sal «la sal»
o mel «la miel»
o leite «la leche»
o mar «el/la mar»
o dote «la dote»

o sangue «la sangre»
o cume «la cumbre»
o costume «la costumbre»
o couce «la coz»
o fel «la hiel».

F) Son femeninos en galego:

a ponte «el puente»
a cor «el color»

a dor «el dolor»
a calor «el calor».

G) Hai algúns sustantivos que, mediante as variacións de xénero, indican diferencias de tamaño:

o agro «extensión de terreno que suele pertenecer a un solo dueño»

o cesto «el cesto»
o caseto «caseta pequeña»
o bolso «el bolso»

a agra «extensión grande de terreno que suele pertenecer a varios dueños»

a cesta «la cesta»
a caseta «la caseta»
a bolsa «la bolsa».

Outras veces, o significado é diferente:

o pozo «el pozo»
o froito «el fruto»

a poza «la poza»
a froita «la fruta».

H) Hai nomes de animais que sóio disponen dunha forma única pró macho e pró femia, e esta forma pode ser masculina ou femenina:

o xilgaro «el jilguero macho o hembra»
o furón «el hurón»
a laberca «la alondra».

EXERCICIOS

- I. Indica o xénero dos sustantivos que aparecen nas lecturas 4 e 5.
- II. Indica nas 3 primeiras lecturas as diferencias de xénero que se atopan con referencia ó castelán.
- III. Traduce ó castelán a lectura.
- IV. Versión ó galego:
 1. Tenía la nariz pintada.
 2. Por costumbre estaban callados cuando trabajaban.
 3. El calor era muy fuerte junto al mar.
 4. Las higueras tienen higos y los manzanos, manzanas.
 5. La radio dio la noticia por la mañana, pero él no recibió el mensaje.
 6. No toquen con la mano las hojas que están junto al yunque.
 7. El carpintero tomaba nota de las medidas que le daba el maestro.
 8. Aquella casa parecía una cuadra y por fuera ya no tenía el color de la cal.
 9. Estuve contemplando el paisaje desde el puente.
 10. Para hacer muebles la mejor madera es la de nogal, la de castaño y la de cerezo.
 11. Me gustan la leche y la miel para tomar en el desayuno.
 12. Para el eje del carro se utiliza la madera de fresno o de abedul.
- V. Conxuga os tempos dos verbos regulares que aparecen na lectura.
- VI. Conversa:

—Por qué o mestre leva ós rapaces a vé-lo ferreiro e o carpinteiro?

—Qué lles di o ferreiro ós nenos e por qué llelo di?

—Qué facía Manuel? —Por qué di que non ten frío?
 —Por qué é difícil facer un machado?
 —Ónde van cando deixan a casa do ferreiro?
 —Qué oficio tiña antes Marcelino?
 —Qué cousas necesita primeiramente un carpinteiro? —Por qué?
 —Qué clases de madeira utiliza un carpinteiro?
 —Cómo debe sé-la madeira?
 —Qué iba facé-lo mestre na escola?

TESTO LITERARIO

MEU CURMÁN XEROME

—E logo que te trae pola vila? —preguntéille...
 —Pouca cousa... Xa levaba días cavilando en verte, porque ti sabes que eu son carpinteiro...
 —Ben sei que tes ese oficio, e tamén sei que tes sona¹ de facer moi ben os carros e os xugos²... Venche de casta, pois xa teu pai era un gran carpinteiro. Por eso lle chaman á vosa casa a «do carpinteiro»; pro sigue contando, porque supón que non virías sóio coa noitiña que caeu pra contarme que es carpinteiro...
 —Vénuste pedir que me busques un emprego³ no salto de Belesar. Quero ter un xornal⁴ seguro sin andar dun lado pra outro coma a gaita na romaría⁵.
 Parecéume un desexo moi atinado o do meu parente, e como eu conocía ó xefe da obra de Belesar, e sabía, a maiores, que no Salto tiñan un gran taller de carpinteiro con máquinas e ferramentas novas, adiantéime a decirlle:
 —Paréceme unha gran idea que veñas traballar ó Salto. Hai ali laboura pra moito tempo e pra moita xente. Tamén hai máquinas novas que deprenderás a manexar. Incluso sei que teñen carpinteiros modelistas que, cando creba⁶ a peza de algunha

máquina, fana en madeira e mándana fóra pra que a fundan nova. Así que falaréi co xefe da obra; pro xa che anticipo que te podes dar por colocado e cun bo xornal...

Como xa desconfiaba de meu curmán, estivera reparando que, namentres eu botaba a miña parrafada, tiña el postos os seus ollos en branco, coma se me estivese escoitando con sorna; así que, en canto acabéi de parolar, quedóuse mirando pra min con aquela facha de parvo⁷ que Deus lle dera, e díxome fungando, como tiña por costume:

—...Non me entendeches ben... Pra vir buscar un xornal de traballo, escusaba facer este viaxe de mañá cedo. O posto que eu busco no Salto é algúñ traballo no que non haxa que traballar. Se eu veño xunto a ti é porque sei que es home de influencia, pois pra lle seguir dando ó serrón ou á garlopa non precisaba da túa axuda...

Deixóume seco e parado, sin saber que lle respostar, hastra que rompín e díxenlle polo baixo:

—¡Agora xa te entendo!... O que ti precisas é un traballo no que non haxa que traballar, ¡non é así?...

—¡Xa se ve que es un home intelixente!... Axiña te decataches do que eu quero. Tí sabes de sobra que, no Estado e nas grandes Empresas, aínda sin chegar a eso de Inspetor, hai moitos traballiños, coma xefe de taller, vixilante, listeiro e outros choios nos que o traballo consiste en mirá-lo que fan os demás, e a maiores de non facer nada cóbrase máis xornal... ¡O que eu non quero é ter que dá-lo sebo!... Moito me folgo⁸ de ter un parente tan listo, pois pronto caíches na conta de que, pra traballar de verdade, non precisaba virte a molestar tan cedo...

L. Moure Mariño: *Sempre matinando*

Ed. Galaxia, Vigo 1970, pp. 78-80

NOTAS

1	fama, renombre	5	romería
2	yugos	6	rompe, quiebra
3	empleo	7	tonto, necio
4	jornal	8	me alegro

LECTURA

Música

Mientras está en Santiago, Enrique vai pola Agrupación Folclórica «Salaios do Roncón», da que son socios el e Carlos. Entrambos son dos que lles ferve o sangue cando sinten unha foliada



e non hai cousa pola que debezan máis ca por deprender cántigas e bailes novos. Quer ún quer outro van tendo xa un repertorio ben comprido. Son quen pra cantar unha noite seguida sin botar dúas veces a mesma tonada.

Imos asistir con eles a un día de ensaio, pra que vexades en que consiste a trécola. Eles dous chegan case sempre os primeiros e mentres se vai xuntando a xente mollar algo a palleta no bar que hai ó lado do coro. Pouco e pouco van chegando os coristas e os músicos e todos fan unha pousa no mesmo bar. Millor dito, todos menos o Dositeo, porque lle prohibiu o médico cheirá-lo viño tan siqueru.

O último en chegar é sempre o director, bo home, anque algo rabudo. Hai quen di que é pra que lle teñan respeito, e por se acaso, todos están ben caladiños. Xa non é a primeira vez que lle baixa a ún a batuta prás orellas.

—Hoxe imos ensaiar o alalá de Codesedo. Poñédevos os baixos alí detrás (e o Enrique colléu cara onde mandaba: claro, tiña a voz moi tombal). Os barítonos, aquí diante dos baixos (entre eles iba o Carlos). As sopranos, desoutro lado, atrás. Aquí diante, as triples.

Nesto sacou o director o diapasón, soou o «la», deu un compás ó aire e emprincipiaron todos a cantar o alalá de Codesedo. Non saíu mal de todo e, se a corda dos barítonos tivese outros dous cantadores, aínda sairía millor.

Despois do alalá botaron unha pandeirada, unha foliada, un canto de arrolo e un canto de arrieiro. Pró outro día tiñan actuación fóra e cantaron todo dúas veces.

En acabándose o canto emprincipiou o baile. Carlos fixo parella con Lina e Enrique con Lola. A primeira danza foi unha muiñeira. Os puntos saíran ben, pro a volta aínda estaba algo verde.

—Carlos, —berró a maestra de baile—, corre pra aquel recanto a picar hastra que che saia ben a volta. Lina que cha tararee.

Os outros seguiron a bailar en grupo. Despois da muiñeira botaron unha ribeirana, unha «jota» e unha carballesa. A carballesa deixárona pró último, porque despóis dela queda ún sin folgos pra máis e hai quen non pode dar outro paso.

Desde que acaba o ensaio os coristas vanse indo cada ún prásúa casa, fóra de algúns amigos que se quedan áinda un anaco de trouleo. Enrique e Carlos andan deprendendo a tocá-la gaita, guiados polo Claudio e o Mazaroco, os gaiteiros do coro. Polo día, a cada intre que teñen libre, fan dedos nunha flauta doce, que toca baixiño e amáis de levar pouco aire non molesta á vecindade; a esta hora da noite pratican na gaita o que traen deprendido polo día. Pra tocá-la gaita cómprevos algo máis ca folgos e dedos: o son do roncón e do punteiro teñen que ser armónicos; e acadar esta armonía (é decir, afinar ou temperá-la gaita) require certas facultades: canto millor oído tanto millor afinación. Pra atinguila, cadaquén ten as súas mañas: ou ben alongando o roncón (que por eso lle deixan os espigos longos) ou ben chantándolle un pouco a palleta ou dándolle más ou menos aire (apretándolle o fol) ou de outro xeito, que as gaitas tamén teñen os seus antoxos e o que vale pra unha non vale, se cadra, pra outra.

Carlos e Enrique tocan a dúo. Teñen cadansúa gaita grileira que lles fixo Claudio. Ímoslles escoitar dúas ou tres pezas.

Colócanse entrambos ún ó par do outro. Á dereita deles Tomás coa pandeira, Xurxo cos ferriños e Amador co bombo. Á esquerda están Pepe co pandeiro e Manolo coas cunchas. Despois de afinado botan unha muiñeira. Síguenlle unha alborada e un pasacorredoiras. O compás lévanlo ben, pro fáltalles repenicar algo máis, pois no floreo é onde está a gracia da gaita. De tódalas maneiras, co seu tocar xa valen pra ir comer ás festas.

VOCABULARIO

foliada: *diversión ruidosa; tipo de composición musical*
ben comprido: *bastante amplio*
trécola: *asunto, esencia de la cuestión*
mollar: *mojar*
palleta: *lengüeta de la gaita*

mollá-la palleta: *echar un trago, refrescar la garganta*
pousa: *descanso*
tan siquera: *ni siquiera*
rabudo: *de carácter difícil, áspero, desapacible*

voz tombal: *voz grave*
soar: *sonar*
corda: *cuerda*
pandeirada: *danza que se baila al son de los panderos*
canto de arrolo: *canción de cuna*
muiñeira: *baile popular gallego, muñeira*
ribeirana: *baile típico de la comarca de Ribeiro de Avia (prov. de Orense)*
carballesa: *especie de «muñeira» propia de la comarca de Carballiño*
fóra de: *excepto, fuera de*
trouleo: *diversión*
punteiro: *pieza de la gaita gallega, que*
es una especie de caña con varios agujeros
aceriar: *conseguir*
certas: *ciertas*
atinguila: *alcanzarla, conseguirla*
cadaquén: *cada uno*
alongando: *alargando*
espigos: *machos del encaje de dos piezas*
gaita grileira: *gaita de tono agudo*
pandeira: *pandereta*
ferriños: *triángulo*
pandeiro: *pandero*
cunchas: *conchas*
pasacorredoiras: *pasacalles*

O SUSTANTIVO (cont.)

2. Formación do femenino (vede Gallego 1, p. 36)

Temos diversas posibilidades:

- A) Os nomes rematados en **-o** cambean esta vocal en **-a**:
fillo/filla, neno/nena, etc.
- B) Engaden **-a** pró femenino os nomes masculinos rematados en consonante ou en vocal acentuada: *pintor/pintora, rapaz/rapaza, deus/deusa, abó/aboa, etc.*
Fan excepción algúns nomes rematados en **-r** e os que rematan en **-n**. Prós primeiros témo-la terminación femenina **-triz**: *emperador/emperatriz, actor/actriz*. Prós segundos, o máis antigo é a perda do **-n** ó formarse o femenino: *irmán/irmá, patrón/patroa*. Unha formación irregular témola en *ladrón/ladra* e nas palabras máis modernas hai conservación da consonante: *sultán/sultana, león/leona*.
- C) Os masculinos rematados en **-e** fan o femenino en **-esa** ou **-isa** e os que rematan en **-a** teñen o femenino en **-isa**: *duque/duquesa, león/leonisa*

duquesa, conde/condesa, sacerdote/sacerdotisa, abade/abadesa, profeta/profetisa, poeta/poetisa.

- D) Algunos nombres tienen o femenino de maneira especial: *can/cadela, galo/galiña, barón/baronesa, rei/raíña.*
- E) Outra serie de nombres tienen formas independientes pró masculino e pró femenino: *home/muller, cabalo/egua, xenro/nora, pai/nai, boi/vaca, carneiro/ovella, castrón/cabra.*

3. Formación do plural (vede Gallego 1, p. 27)

Case tódolos sustantivos galegos tienen singular e plural, pero hai algunos nombres que, normalmente, sólo tienen singular: *ouro/oro*, *viño/vino*, *éter*, etc. Estes sustantivos pueden llevar plural en determinados usos específicos: *os viños galegos* «los vinos gallegos». Outros sustantivos sólo tienen plural: *cirolas* «calzones», *cóxegas* «cosquillas», *estrepías* «trébede». En poucos casos cambia o significado no plural: *miolo* «miga de pan» / *miolos* «sesos». Outros nomes tienen a mesma forma pró singular e plural: *luns, martes, furabolos, fervellasberzas.*

Prá formación do plural temos varias posibilidades:

- A) Os nomes que rematan en vocal engaden **-s** ó singular: *paso/pasos, berbiquí/berbiquís, boi/bois, pé/pés.* Os sustantivos *rei* e *lei* tienen un plural popular *reises, leises.*
- B) Tamén engaden **-s** os nomes rematados en **-n**: *can/cans, xamón/xamóns.*
- C) Os que rematan noutra consonante calquera engaden **-es**: *animal/animales, mes/meses, noz/noces, perol/peroles, señor/señores,* etc. Destes diverxen *cadril, real* e *adral*, que tienen como plurales *cadrís, reás, adrás.*
- D) Nomes compostos: Cando están formados por dous sustantivos levan, polo xeral, os dous o **s**: *porco teixo* «tejón» / *porcos teixos, porco bravo* «jabalí» / *porcos bravos.* Noutros casos xa

se considera a palabra como un todo e forma o plural normalmente: *cartafol* «cartapacio» / *cartafoles, pirifol* «pera asada» / *pirifoles.* Tamén poden levar plural doble os compostos de sustantivo e adjetivo: *sapo-concho* «tortuga» / *sapos-conchos, vacaloura* «ciervo volante» / *vacaslouras, paporrubio* «petirrojo» / *paposrubios.* Os compostos de verbo e sustantivo ou de dous verbos engaden sólo o **-s** final: *bulebule* «bullebulle» / *bulebules, picafolla* «especie de reyezuelo» / *picafollas, víchelocregos* «oro-péndola» / *víchelocregos.*

EXERCICIOS

- I. Indica nas lecturas 5 e 6 os nomes masculinos e femeninos.
- II. Indica nas lecturas 5 e 6 os nomes que están en singular e plural.
- III. Conxuga os tempos dos verbos regulares que aparecen na lectura.
- IV. Forma frases cos verbos e palabras conocidos, aproveitando pra formá-los femeninos e os plurales dos sustantivos.
- V. Traduce ó castelán a lectura.
- VI. Versión ó galego:
 1. No todas las gaitas se afinan de la misma manera.
 2. A Dositeo le prohibió el médico tomar vino, ni si quiera olerlo.
 3. Entre los dos tienen ya un cumplido repertorio.
 4. Pueden cantar toda la noche sin repetir la misma canción.
 5. Para afinar la gaita se necesita tener buen oído.
 6. El director siempre llega el último.
 7. Antes del ensayo entran en un bar que hay al lado del coro.

8. Son socios de una agrupación folclórica en donde aprenden a cantar y a bailar.
9. Tiene un carácter difícil, pero es buena persona.
10. Las oropéndolas me gustan más que las tortugas.
11. Hoy se cuenta por pesetas y no por reales.
12. Tanto el hombre como la mujer querían conocer a la actriz.
13. Los reyes hacen las leyes.
14. El padre quería más a la nuera; la madre, al yerno.

VII. Conversa:

¿Gústanlle as cántigas e os bailes a Carlos?
 ¿Qué fan antes de comenzá-lo ensaio?
 ¿Por qué non entra Dositeo no bar coma os outros coristas e músicos?
 ¿Cómo é o director?
 ¿Por qué cantaron tódalas cántigas dúas veces?
 ¿Qué fixeron despóis do canto?
 ¿Qué lle di a maestra a Carlos?
 ¿Qué bailes botaron?
 ¿Por qué deixaron a carballeira pró último?
 ¿Qué se fai pra temperá-la gaita?
 ¿Qué istrumentos tocan os amigos de Carlos e Pepe?
 ¿Qué pezas tocan xuntos?

VIII. Aprende de memoria:

1. Axudádeme a cantar,
rapaces da miña aldea;
axudádeme a cantar,
porque estou en terra allea.
2. Non busques moza na feira
nin menos na romaría;
tes que atopala na casa
coa roupa de cada día.
3. Home de moita parola
gasta a forza en parolar
e nin fai todo o que di,
nin tampouco di o que fai.
4. Non hai cántiga no mundo
que non teña o seu refrán;
nunca ninguén faga conta
senon do que ten na man.

TESTO LITERARIO

O GAITERO

Dendes¹ do Lérez lixeiro²
 ás veigas que o Miño esmalta,
 non houbo no mundo enteiro³
 máis arrogante gaitero
 có gaitero de Penalta.

Sempre retorcendo o bozo,
 erguida sempre a cabeza,
 daba de miralo gozo:
 era un mocíño... ¡qué mozo!
 era unha peza... ¡qué peza!

Despois do tempo pasado,
 pasado pra non volver,
 como un profeta inspirado,
 inda mo parece ver
 na festa de San Trocado.

Calzón curto⁴, alta monteira,
 verde faixa, albo chaleque,
 e o pano na faltriqueira⁵:
 sempre na gaita parleira⁶
 levaba dourado fleque⁷.

Neno era eu cando el vivía,
 mais non o pudo esquencer.
 ¡O que el na gaita sabía!
 ¡O que el cos dedos podía
 naquel punteiro facer!

Cando nas festas maiores
 era esperado o gaitero,
 botábanlle as nenas frores,
 ledas copras os cantores,
 foguetes o fogueteiro⁸.

Tras del, en longa riola⁹,
 da gaita o compás levando
 con infernal bataola,
 iban correndo e choutando
 os rapaciños da escola.

Ninguén poido averiguar
 véndolla repenicar,
 por qué, o son da gaita oíndo,
 cantos bailaban sorrindo,
 acababan por chorar.

Pero¹⁰ cando el no turreiro¹¹
 cal na trébede a Sibila,
 pegaba o pío primeiro,
 daban ó vento o sombreiro¹²
 tódolos mozos da vila.

Comenzado o baile entón,
 cousa era pra ademirar¹³
 aquel semblante bulrón¹⁴,
 aquel aire picarón
 e aquel modo de mirar...

E era de ver con que trazas,
sin facer pausas nin guíños
nin caso das ameazas¹⁵
furtaba¹⁶ un bico ás rapazas
dos noivos¹⁷ diante os fuciños.

Ninguén soubo frolear¹⁸
do xeito que el froleaba:
verlle a muiñeira botar,
era unha nube mirar
de anxeliños¹⁹ que pasaba.

Xentil²⁰, aposto²¹, arrogante,
en cada nota o gaiteiro
ceibaba un limpo diamante,
que logo no redobrante²²
pulía o tamborileiro²³.

M. Curros Enríquez: *Aires da miña terra e outros poemas*
Ed. Castrelos, Vigo 1971, pp. 62-66

NOTAS

- ¹ desde
- ² ligero
- ³ entero
- ⁴ corto (forma regional)
- ⁵ faltriquera
- ⁶ parlera
- ⁷ fleco
- ⁸ cohetero
- ⁹ rueda o círculo de personas
- ¹⁰ forma divergente de *pro*
- ¹¹ plaza o lugar donde los aldeanos celebran sus bailes
- ¹² sombrero
- ¹³ admirar

- ¹⁴ burlón
- ¹⁵ amenazas
- ¹⁶ hurtaba
- ¹⁷ novios
- ¹⁸ florear
- ¹⁹ angelitos
- ²⁰ gentil
- ²¹ apuesto
- ²² redoblante
- ²³ tamborilero
- ²⁴ fuele de la gaita
- ²⁵ ruixeñor
- ²⁶ hada

¡Qué Orfeo se lle igualaba,
se mesmo, dentro do fol²⁴
que co cóbado apretaba,
parecía que cantaba
escondido un rousiñol²⁵!

Músico a un tempo e poeta,
algunha fada²⁶ secreta
tiña con que commovía,
pois nunca dunha palleta
saíu tan doce armonía.

.....

Que desde o Lérez lixeiro
ás veigas que o Miño esmalta,
non houbo no mundo enteiro
máis arrogante gaiteiro
có gaiteiro de Penalta.


LECTURA

O día de defuntos

O día de defuntos está adicado especialmente á lembranza de todos aqueles que xa non están connosco. Por eso hai que ir visitalos e rezar unha oración polas almas dos parentes e amigos xa mortos.

Ese día hai moito rebumbio no cementerio, que deixa de ser un sitio medoñento pra se convertir no lugar de xuntanza de todos veciños.

Agora os nosos cementerios xa van millorando, non é coma cando se enterraban os mortos no adro, arredor da igrexa, que hasta daba arrepío pisá-las campas. Agora, nas parroquias do campo coma na cidade, xa ten un lugar propio o cementerio, con panteóns e nichos, con canteiros e arbres por entre as ringleiras que forman as sepulturas. Pro a xente sóio o vai visitar polo día de defuntos, non fai coma noutras terras, onde o cemen-



terio está todo o ano con froles e os seus corredores parecen unha alameda.

Lelo andaba matinando nestas cousas que lles contara o mestre, cando súa nai foi chamalo o día dous de noviembre. Xa levaba o rapaz moito tempo esperto, trazando de lembrar tódalas cousas que se facían naquel día.

—Érguete, Lelo, temos que ir buscá-las froles.

—¿Qué froles, mamá?

—Pois, ¿cáles van ser? As que temos que levar ó cementerio pra lles poñer ós abós e más ós tíos.

Aquela mañá foron coas froles ó camposanto, que está perto do adro da igrexa. Dona Rosario púxose a amañá-lo nicho. Limpóuno, deullas brillo ós metales, accendéu as lampariñas, e colocou os crisantemos e os caraveles con moito xeito. Había moitas mulleres que andaban a amañá-los nichos e as campas prá tarde. Un pouco despóis, cando xa case acabaran, chegou Carme cuns ramallos de verde. Colocáronos tamén e volveron prá casa.

Xantaron un pouquiño máis cedo cós outros días. Pola tarde, toda a familia subíu ó camposanto. Tódolos veciños de Vilanova estaban aló reunidos. As campas e os nichos estaban todos moi bonitos con froles, cos faroles acesos, coa terra ben postiña e as lápidas limpas. O crego pasaba polo medio da xente. Todos lle pedían que botara un responso polas ánimas dos seus defuntos. Con el iba o sacerdote levando un caldeiro de auga bendita, que o crego asperxía cada vez que botaba un responso.

Lelo non perdía detalle. O abó tiña unha cara moi seria. «Estará pensando na aboa», decía Lelo pra si.

O crego chegou cabo deles. Don Antón díxolle que botase os respostos dos defuntos da familia Souto, e Lelo rezou con moita devoción por todos aqueles que non chegara a conocer, pro que foran tamén parte da súa familia.

VOCABULARIO

defuntos:	<i>difuntos</i>	limpóuno:	<i>lo limpío</i>
adicado:	<i>dedicado</i>	caraveles:	<i>claveles</i>
lembanza:	<i>recuerdo</i>	ramallos:	<i>ramos</i>
rebumbio:	<i>ruido, barullo, bulla</i>	acesos:	<i>encendidos</i>
xuntanza:	<i>reunión</i>	postiña:	<i>colocadita</i>
millorando:	<i>mejorando</i>	crego:	<i>cura, sacerdote</i>
campas:	<i>losas que cubren las sepulturas</i>	caldeiro:	<i>caldero</i>
ringleiras:	<i>hileras, ringleras</i>	asperxía:	<i>aspergía</i>

O ADXETIVO CALIFICATIVO

1. O xénero (vede Gallego 1, p. 44)

O femenino fórmase de maneira case idéntica á do sustantivo. Hai adxetivos que teñen unha forma común prós dous xéneros e outros que teñen dúas.

A) **Variables:** *morno* «tibio» / *morna, santiagués / santiaguesa, falador* «hablador» / *faladora, bo* «bueno» / *boa, chan* «llano» / *cha*.

Xunto a *chan* / *cha* témo-la formación más normal *chorón* / *chorona, lambón / lambona*, etc. Dos que rematan en **-es** non varía cortés.

O adxetivo *malo* apocópase sempre que vai anteposto: *maldente, mal fillo*. Tamén é normal a apócope de *santo*, pro hai algúns nomes de santos que esixen a forma sin apocopar: *San Xoán, San Xosé, etc.; Santo Tomás, Santo Domingo, Santo Tomé, Santo Toribio*. O adxetivo *grande* anteposto pode apocoparse ou non: *Unha grande cantidade de pexegos; era un gran home*.

B) **Invariables:** *ruín, fácil, mol, capaz, persa, doente, millor, pior, menor, maior, probe, común, cortés, feroz, fiel, quente, etc.*

2. Formación do plural (vede Gallego 1, p. 44)

Fórmase do mesmo xeito ca no sustantivo, engadindo **-s** ou **-es**, asegún a terminación do singular: *bo* / *bos, boa* / *boas, chan* /

chans, cha / chas, santiagués / santiagueses, santiaguesa / santiaguesas, probe / probes, etc.

Algúns adxetivos rematan en **-s** e son invariables: *bardallas* «charlatán», *brégolas* «descuidado en el vestir», *baldragas* «desmañado», etc. En todos estes casos aparecen sustantivados.

3. Notas sintácticas

A) É corrente a sustantivación do adxetivo: *É un santo* «es un santo», *os ricos* «los ricos».

B) O artigo *o* unido ó adxetivo masculino pode corresponder ó castelán «*lo + adxetivo*»: *O pior do caso* «lo peor del caso»; *o bo gústalles a todos* «lo bueno les gusta a todos».

C) Se o adxetivo vai antes ou despóis do sustantivo pode ter un significado diferente: *un rapaz probe* «un muchacho pobre» / *un probe rapaz* «un pobre muchacho».

4. Formación das frases comparativas (vede Gallego 1, pp. 44-45)

O comparativo pode ser de igualdade ou de diferenciación.

A) Igualdade.—Fórmase antepoñendo o adverbio **tan** (**tanto**) e pospoñendo a conxunción **coma**:

Come tanto coma min «come tanto como yo».

O fillo é tan bo coma o pai «el hijo es tan bueno como el padre».

B) Diferenciación.—A diferenciación pode ser positiva ou negativa: prá primeira antepónse **máis** e prá segunda **menos**; o termo posposto é sempre a conxunción **ca**, que se modifica en contacto co artigo, pasando ás formas **có**, **cá**, **cós**, **cás**:

O meu can é más grande có teu «mi perro es más grande que el tuy».

Eu como más ca ti «yo como más que tú».

O carballo é más alto cá casa «el roble es más alto que la casa».

Tenho menos cartos có teu amigo «tengo menos dinero que tu amigo».

Tes menos traballo ca min «tienes menos trabajo que yo».

Téñanse en conta as seguintes particularidades:

a) Algúns adxetivos teñen unha forma especial pró comparativo:

<i>bo</i>	millor
<i>malo</i>	pior
<i>grande</i>	maior
<i>pequeno</i>	menor

Especialmente na lingua popular, tamén se usan as formas analíticas:

O fillo é millor có pai / *O fillo é más bo có pai*.
O irmán é pior cá irmá / *O irmán é más malo cá irmá*.

Desta maneira pódese chegar a unha especialización cos comparativos **maior** e **menor**:

O neno é mais grande cá nena (= en estatura).

O neno é maior cá nena (= en edade).

b) Hai outros comparativos que conservan a forma latina: *superior* (de *alto*) e *inferior* (de *baixo*), con réxime preposicional idéntico ó de *anterior*, *posterior* e *ulterior*. O segundo termo da comparación é a preposición **a**:

Este tabaco é inferior a aquel.

c) A conxunción **ca** é substituída por **do que** cando sigue un verbo como segundo termo de comparación:

É más vello do que coídas «es más viejo de lo que creías».

É más listo do que decías «es más listo de lo que decías».

Na fala de certas zonas tamén se emprega **do que** no sitio da partícula normal **ca**.

d) Como forma substituta de *máis grande* aparece, ás veces, **meirande**:

A casa é meirande cá caseta «la casa es más grande que la caseta».

5. Formación do superlativo (vede Gallego 1, p. 45)

Pró superlativo temos dúas posibilidades:

A) O superlativo chamado relativo pode ter unha marca positiva ou negativa e fórmase antepoñendo o **máis** ou o **menos** e pospoñendo a preposición **de**:

É o máis grande de todos «es el más grande de todos».

É a máis grande de todas.

Son os máis grandes de todos (fem. **as máis**).

É o máis cativo dos fillos / das fillas.

É a menos leda das rapazas «es la menos alegre de las chicas».

É o menos ledo dos rapaces.

B) O chamado superlativo absoluto pódese formar de dúas maneiras:

a) Co adverbio **moi** ou outro equivalente:

Eran moi altos «eran muy altos».

Era ben boa «era muy buena».

Chegóu sumamente canso «llegó sumamente cansado», etc.

b) Co sufijo **-ismo**:

Eran altísmos «eran altísimos».

Virxe santísima «Virgen santísima».

Na fala xúntanse moitas veces o sufixo e o adverbio pra formá-lo superlativo:

Era moi grandismo.

Esisten outras formas especiais de superlativo que sóio aparecen na lingua escrita, pois na fala empréganse as formas co sufixo **-ismo** e máis aínda a formación co adverbio **moi**. Trátase de cultismos como *celebérmino*, *paupérrimo*, *nobilísimo*, etc. e das formas especiales que corresponden ós adjetivos seguintes:

<i>bo</i>	óptimo
<i>malo</i>	pésimo
<i>grande</i>	máximo
<i>pequeno</i>	mínimo
<i>alto</i>	supremo
<i>baixo</i>	ínfimo .

EXERCICIOS

- I. Indica nas lecturas 6 e 7 os adjetivos calificativos e forma o masculino ou o femenino correspondente.
- II. Forma os plurales dos adjetivos calificativos que aparecen nas lecturas 6 e 7.
- III. Indica nas lecturas 5, 6 e 7 os comparativos e os superlativos que se atopen.
- IV. Formas de comparación (tódalas posibilidades):
 1. É — parvo — outro.
 2. O pai sabe — — filho.
 3. O fillo é — bo — pai.
 4. Estes libros costan — — esas follas.
 5. O neno é — bo — nena.
 6. Teño — cousas — ti.

- V. Formas de superlativo (relativo e absoluto):
1. Era — listo de todos.
 2. Aquel rapaz era alto.
 3. Ten — malas notas de tódolos compañeiros.
 4. Fixo unha casa grande.
 5. Compón ben as cousas.
 6. A auga estaba fría.

- VI. Conxuga os tempos dos verbos regulares que aparecen na lectura.

- VII. Traduce ó castelán a lectura.
- VIII. Versión ó galego:

1. Aquel día comieron más temprano que de costumbre.
2. Antes se enterraba más a los muertos en el atrio de la iglesia que en un lugar propio para cementerio.
3. Lelo era el niño más listo de la escuela.
4. Le gustaban más las flores que los árboles.
5. Al ver la cara seria del abuelo, Lelo se decía que estaría pensando en la abuela.
6. El mejor de todos era el más pequeño.
7. Lelo ya estaba despierto cuando su madre lo llamó para ir a buscar flores.
8. Por la tarde hace más calor que por la noche.
9. Será el más inteligente de los hermanos, pero no lo demuestra.
10. Estoy cansadísimo.

- IX. Conversa:

¿A qué é adicado o día de defuntos?
 ¿Ónde enterraban antigamente os mortos?
 ¿Cómo son hoxe os cementerios das aldeas?
 ¿Ónde foron Lelo e dona Rosario pola mañá cedo?
 ¿Qué fixo dona Rosario pra limpá-lo nicho?
 ¿Qué froles son as propias do día de defuntos?

¿Qué fixo a familia de Souto despóis de xantar?
 ¿Qué facía o crego?
 ¿Quén iba con el e qué facía?
 ¿Qué pasou cando o crego chegou cabo dos Souto?

- X. Comenta os refráns e ditos seguintes:

1. A San Andrés de Teixido, vai de morto o que non foi de vivo.
2. Contra a morte non hai home forte.
3. Morte de sogra e dor de nora,
menos por dentro ca por fóra.
4. Morre o rei e morre o papa,
e de morrer ninguén se escapa.
5. Na sepultura amolece a carne máis dura.

TESTOS LITERARIOS

ENTERRO DO NENO PROBE

Punteiros de gaita acompañábano.	Abaixo, o mar; o camiño no aire
O pai, de negro;	da mañá.
no mar, unha vela	El iba de camisa
branca.	limpa
Os amiguiños levábano.	e zoquiñas brancas.
Non pesaba nada.	Os amiguiños levábano.
	Non pesaba nada.

Luís Pimentel, *Sombra do aire na herba*

Ed. Galaxia, Vigo 1959, p. 74

O CORVO BRANCO

Este corvo branco viuse no Valedouro hai algúns anos, na parroquia de Budián. Tódolos da parroquia o viron, menos o

crego, que andaba primeiro bulrento¹, pro despóis, habendo tantos testigos, enrabexábase² cando lle viñan coa nova de que se vira o corvo branco en tal terra. O corvo branco non era branco coma a neve, que era medio amarelo, e andaba polas sementiras, e fuxíanlle os outros corvos. Os señoritos da Ferreira de Valedouro, que sempre os houbo alí con escopeta, saíron a caza-lo, pro non lle acertaron.

Hai xente que di que o corvo non era tal corvo, senón un tal Pousada, de Xerdiz, prestamista. Uns desconocidos entraron na súa casa unha noite, e queimaron tódolos papeles e recibos que atoparon. Non levaron unha peseta. Comeron e beberon, eso sí. Ó día seguinte, o Pousada morréu. Díxose que ún dos que queimaron os papeles fora un cura de perto de Viveiro, e que o fixo por caridade. A xente do país comenzó a decatarse de que o corvo branco se vía a carón das casas dos que lle debían cartos a Pousada. Un xastre chamado Presas mandóu decir unha misa pola alma de Pousada, e o corvo partíu e non volvéu a ser visto.

—Non berraba coma os outros corvos, díxome ún de Muras. Eu non o oín, pro os que o oíron, imitában moi ben. Berraba: ¡Viiide, viiide! Chamaría polos cartos que tiña estrados³ por ahí.

—E logo, ¿os cartos oen?

—Ofr, oirán ou non. ¡O caso é que entenderan!

Alvaro Cunqueiro: *Escola de menciñeiros*

2.^a ed., Ed. Galaxia, Vigo 1969, pp. 125-126

NOTAS

¹ burlón

² se enojaba, se enfadaba

³ esparcidos

LECTURA

Nadal

No comedor da casa do médico reloce, acesa, a arbre de Nadal: unha teima de Lelo, que arrecunchóu o portal de outros anos.

Despós de comé-lo turrrón, os Soutos beben un pouco café e parolan pra facer tempo hastra a misa do galo.

—...A Noiteboa —esplícalle o abó a Rosario—, na maior parte das casas, celebrábase cunha cea a base de zonchos e patacas amañadas.

—¿Amañadas?

—Sí, cachelos cun rustrido, que outras veces podía ter torresmos, pro que esa noite tiña bacalláu, porque era día de abstinenzia. O turrrón, o mazapán, as almendras, champán e todas estas cousas son novedades. Cando os tempos milloraron, empezóuse a comer coliflor ou repolo, e na beiramar peixe fresco,



como besugo, polbo, raia, etc. Do pavo aínda non se sentira falar. Pola parte de Lugo, tal coma hoxe ou mañá, comíase, e cómese, capón, que se mercaba nas capoeiras. O capón, que ten que estar ben gordo e lucio, non se lle corta o pescoco, senon que hai que sangralo de vagariño, espetándolle unha agulla debaixo da lingua, poño por caso.

—Dá arrepío pensalo —estremorecéuse Carme.

—Pois ti debías criar capóns prá feira do Ano Vello —dixo Enrique—; así poderías ir preparando o enxoval.

Lelo non lle prestaba moita atención á conversa; pra el tiña máis interés unha bandexa onde había piñóns, figos, uvas pasas e tanto ben de Deus. A bandexa pasaba e repasaba por diante dos seus fuciños, pro manifestaba unha rara tendencia a esquivá-las súas mans. Era un feito experimental que constató repetidas veces ó longo da noite. ¡Qué lle iban facer a el mal as lambe-tadas! Cando se ergueron da mesa pra iren á igrexa, estas inxusticias tíñano sumido en amargas cavilacións: ¡A quén se lle conte! ¿Qué azos pode ter ún pra subir á tribuna e cantar? Pro sobre-púxose ás súas desgracias e aínda introduxo algunas variantes na panxoliña que cantaban mentres o cura daba a bicá-lo Neno Xesús despós da misa. Tales floreos, recibidos con sorpresa polos fieles e con desagrado polos compoñentes do coro parroquial, alporizaron ó director. A súa reacción foi pouco cordial: «Non desafines, mete os galos no poleiro. ¡Sácate de deante!». Estaba visto que aquela non era a súa noite.

Cando volveron á casa e a familia se deitou, dona Rosario foi poñé-los regalos pra todos. Ela prefería que Lelo se divertise cos xoguetes nas vacacións e non esperar a Reises, cando tiña que voltar á escola.

O día seguinte estaba cada ún co seu paquetiño. O abó sacou do seu unha petaca, unha cachimba e os aparellos precisos pra limpala. A D. Antón, en vez da corbata e a media ducia de panos da man de costume, hogano trouxeronlle unha máquina de escribir. Dona Rosario esaminaba un anelo e un colar de doas

todas brancas. Enrique tiña enriba da mesa un microscopio con tres lentes. Carme andáballe nas teclas a unha radio casete. Lelo prescindía da mesa e consideraba o chan coma a cousa más axeitada pra desempaquear aqueles tesouros: unha filarmónica, un mecano, os seis primeiros libros de Guillermo («Eso: dádelle ideas, que xa ten el poucas» —comentario materno—), un par de guantes e... más nada.

—¿Qué, Lelo, contento? —indagó Enrique.

—Pois... sí —dixo Lelo un chisco insatisfeito, despós de recantá-las súas pertenencias e mirar toda a habitación. Faltáballe algo. Pouco e pouco o seu interés foise concentrando no mecano hastra que súa nai lle dixo:

—Vai abrí-la porta, que están chamando.

—Eu non sentín nada —dixo el, cun camión a medio facer.

—Pois xa podes escarabellá-las orellas.

—Non hai ninguén, xa cho decía eu... ¡Ai mamaña, está aquí, trouxérona!

—¿Qué é o que está ahí, Lelo? ¿Qué che trouxeron?

—A bicicleta, mamá, a bicicleta. E ten manillar de carreiras, e faro. ¡Oí!, téñolle que sacá-lo gardabarros...

Nesto chamaron de verdade e dona Rosario foi abrir.

—Bos días, dona Rosario —saudou Vicente, o eletricista.

—Bos días, Vicente; pro pasa, non te quedes ahí parado, que vai moi frío. ¿Hai algunha novedade?

—Non, que eu saiba...

—Pois hoxe non temos ningunha avería. Pro agora que o penso e xa que estás aquí, hasme de mirá-lo muíño do café, que non traballa.

—Hoxe non lle teño moi tempo. Eu vénolle instalá-la secadora e máila lavadora como me mandou o tío Pepe. Se me axudan a sacalas da furgoneta, acababamos máis axiña.

—¿Pro de qué estás falando?

—Eu sóio lle son un mandado. Mandáronme traer eso pra

aquí e aquí estou —dixo Vicente, mirando pró resto da familia, que estaba moi divertida.

—Pois xa que estás aquí non é cousa que perda-lo viaxe. Pasa e monta eso —falou don Antón.

—Bo, parecedes parvos —dixo dona Rosario, toda colorada e feliz—. Se mo dixérades antes podería escoller millor ca vós. Eu vin unhas en cas Gómez que son boas e baratas. Sabe Deus o que vos meteron...

—Se é por eso perda coidado —aclarou Vicente—, pois son as mesmas que vostede apreciou.

—Pois pra dentro con todo —ordenou dona Rosario. Ti, Enrique, bótalle unha man. Ti, Antón, saca os plomos, e ti, Carme, vai librá-lo lavadoiro, que imos poñer todo alí.

VOCABULARIO

reloce: <i>reloce</i>	bicar: <i>besar</i>
teima: <i>manía</i>	alporizar: <i>exasperar</i>
arrecunchou: <i>arrinconó</i>	poleiro: <i>gallinero</i>
Noiteboa: <i>Nochebuena</i>	Reises: <i>Reyes</i>
zonchos: <i>castañas cocidas con piel y cáscara</i>	aparellos: <i>aparatos</i>
cachelos: <i>patatas cocidas sin condimento</i>	panos da man: <i>pañuelos</i>
rustrido: <i>sofrito</i>	anelo: <i>anillo</i>
bacalláu: <i>bacalao</i>	colar: <i>collar</i>
polbo: <i>pulpo</i>	doas: <i>cuentas, bolillas agujereadas</i>
capoeiras: <i>mercados de capones; sitios donde se guardan los capones</i>	tesouros: <i>tesoros</i>
lucio: <i>lucido, gordo</i>	chisco: <i>poco</i>
de vagariño: <i>despacito, lentamente</i>	insatisfeto: <i>insatisfecho</i>
estremorecéuse: <i>se estremeció</i>	escarabellá-las orellas: <i>hurgar con los dedos en los oídos</i>
enxoaval: <i>ajuar</i>	gardabarros: <i>guardabarros</i>
bandexa: <i>bandeja</i>	muíño do café: <i>molinillo</i>
azos: <i>ánimos, ganas de hacer algo</i>	librar: <i>vaciar</i>
panxoliña: <i>villancico</i>	

PRONOME PERSOAL

1. Primera e segunda persoas (vede Gallego 1, pp. 51-52)

SUXETO	eu	nós	ti	vós
COMPLEMENTO CON PREPOSICIÓN	min			
	comigo	connosco	contigo	convosco
OBXETO DIRECTO			te	
	me	nos		vos
OBX. INDIRECTO			che	

A) Eu «yo», nós «nosotros», ti «tú», vós «vosotros» teñen función de suxeto:

Eu cheguéi onte «yo llegué ayer».

Ti non fas nada «tú no haces nada».

Nós fomos á vila «nosotros fuimos a la ciudad».

Vós quedáchedes na casa «vosotros quedasteis en casa».

Como suxetos, estes pronomes teñen uso moi limitado, porque xa chegan as desinencias verbais pra indicá-la persoa. As formas de plural nós e vós funcionan tamén como complemento con preposición e en expresións comparativas, levando sempre acento ortográfico pra se diferenciar dos homófonos átonos:

Sodes coma nós «sois como nosotros».

Pra vós non hai nada «para vosotros no hay nada».

A vós non vos deixan «a vosotros no os dejan».

B) Min «mí» e ti «ti» funcionan sempre como formas oblicuas con tódalas preposiciones, coa soia excepción de con:

Esto é pra min «esto es para mí».

De ti non din nada «de ti no dicen nada».

Tamén se usan **min** e **ti** despóis das partículas comparativas **ca** e **coma**:

É más grande ca min e ca ti «es más grande que yo y que tú».
Sabes tanto coma min «sabes tanto como yo».

As formas **min** e **ti** coa preposición **a** poden ir acompañando ás átonas correspondentes:

A min non me gusta «a mí no me gusta».
A ti trouxéronche un libro «a ti te trajeron un libro».

- C) Coa preposición **con** aparecen as formas **comigo** «conmigo», **contigo**, **connosco** «con nosotros» e **convosco** «con vosotros». As formas de singular teñen un uso idéntico ás do castelán:

Imos contigo «vamos contigo».
Fixeron o exercicio conigo «hicieron el ejercicio conmigo».
Vou convosco «voy con vosotros».
Connosco non tes nada que facer «con nosotros no tienes nada que hacer».

As dúas formas de plural non se poden usar cando o pronomé vai acompañado dun adxetivo:

Con nós mesmos «con nosotros mismos».

- D) As formas **me** e **nos**, como en castelán, son complementos sin preposición directos ou indirectos; o mesmo acontece con **vos**:

Quérome ir «me quiero marchar».
Fainos catro «haznos cuatro».
Tróuxovos unha laranxa «os trajo una naranja».

Importante é que o **-s** dunha forma verbal da persoas **nós** desaparece cando leva enclítico o pronomé **nos**:

Levámonos ben «nos llevamos bien».
Facémonos vellos «nos hacemos viejos».

- E) **Che** e **te** son as formas átonas da persoas **ti** e **teñen** distinta función, pois **che** «te» é obxeto indirecto e **te** «te», obxeto directo:

¿Qué che parece? «¿qué te parece?».
Non te entendo «no te entiendo».

O uso correcto de **che** e **te** non é doadoo prós falantes que teñen de lingua base o castelán, posto que as dúas equivalen á única forma «te». Pra non se trabucar no emprego hai que ter en conta a seguinte norma (vede Gallego 1, pp. 72-73):

- a) **te** emprégase sempre que o pronomé funciona como complemento directo:

Esperéite na rúa «te esperé en la calle».
Lévate comigo «te llevo conmigo».

Como veremos máis adiante, cando o verbo é reflesivo esixe sempre a forma **te**:

Érguete da cama «levántate de la cama».
Non te metas neste «no te metas en esto».

- b) **che** emprégase cando o pronomé funciona como complemento indirecto:

Quíxenche contar un conto «te quise contar un cuento».
¿Qué más che dá? «¿qué más te da?».
Quédache ben «te queda bien».

Aqueles falantes casteláns que fagan distinción entre **le** e **lo** (a que corresponden en galego **lle** e **o**) pódense ater á norma seguinte pra non confundir **che** e **te**. Trátase de **sustitúi-lo** pronomé de segunda por ún de terceira persoa. Desta maneira a **lle** «le» correspónelle **che** e a **o** «lo» a forma **te**. Vexamos uns exemplos: Se queremos traducir ó galego «te esperamos para comer» ou «te quiero contar un cuento», poderíamos pensar en «agardámosche pra xantar» / «agardámoste pra xantar» e «quéroche contar un conto» / «quérote contar un conto». Sustituímos entón na frase o pronomé **te** por ún de terceira persoa: «lo esperamos para comer» (en galego «agardámolo pra xantar»), «le quiero contar un cuento» (en galego «quérolle contar un conto»). Se agora temos en conta as equivalencias **o = te**, **lle = che** temos como solución «agardámoste pra xantar» e «quéroche contar un conto».

EXERCICIOS

- I. Indica nas lecturas 7 e 8 os pronomes persoais de 1.^a e 2.^a persoa.
- II. Pon no sitio das palabras *en cursiva* ou dos guíóns os pronomes persoais que correspondan:
Ex.: *Antón e eu fomos á festa = nós fomos á festa.*
 1. Dá — (= a min) o libro.
 2. Chegou unha carta pra —, Pepe.
 3. Quéro — (= a ti) decir unha cousa.
 4. Levaréi — (= a ti) con — (= eu).
 5. *Pepiño*, non podes vir.
 6. Non — gusta (= a min, a nós).
 7. ¿Por qué non — levades ben?
 8. ¿Vides con — (= eu, nós).
 9. ¿— sabédelo?
 10. Pra — (= plur.) non — trouxeron nada.
- III. Conxuga as formas dos tempos verbais que aparecen na lectura.
- IV. Traduce a lectura ó castelán.
- V. Versión ó galego:
 1. ¿A tí qué te parece?
 2. No puedes venir con nosotros.
 3. Jugó mejor que yo.
 4. Iremos con vosotros a la fiesta.
 5. No sé que te diga.
 6. A mí me gusta más el turrón que el chocolate.
 7. Te voy a regalar muchas cosas por la Navidad.
 8. El día de Nochebuena se comen muchas golosinas.
 9. Levántate inmediatamente para ir conmigo a la ciudad.
 10. Nos pusimos a mirar los juguetes de Lelo.

VI. Conversa:

- ¿En qué consistía antes a cea da Noiteboa?
 ¿Cómo cantou Lelo na misa do galo?
 ¿Qué viña facé-lo eletricista á casa dos Souto?
 ¿Por qué poñía dona Rosario os regalos pola Noiteboa?
 ¿Iba Lelo contento á misa do galo?
 ¿Qué regalos recibiron os membros da familia?
 ¿Qué se cea hoxe o día da Noiteboa?
 ¿Estaba Lelo contento cos seus regalos?

TESTO LITERARIO

A TRAXEDIA DO PAVO

Cando o Chintolo camiñaba prá escola, atopouse coa rúa chea dunha bandada de pitas mouras que tiñan a testa da cor dun pimento vermello. Tras delas iban dous homes tanguéndoas¹ cunhas varas moi longas, e o que máis lle chistou² foi que os homes da porra vían pasar aquelas pitas e non lles decían nada. ¡Debían ser de algúin que mandase moito, senón... deseguidiña as deixaban que se paseasen polas rúas luxándoas³!

Os rapaces que seguían a grea⁴ facían outra maior, e entre mirar prós bichos e escoitá-los berros que daban os homes, esquençíanse de ir prá escola. Chinto deu cun compaíñeiro seu, que o puxo ó tanto daquela novedade ó preguntarlle:

—Chintiño, ¿e vós non mercades un pavo?

O Chinto caeu na conta de que aqueles bichos que el coidaba pitas eran pavos, e moi fachendoso⁵ contestou:

—Poida que sí.

Entón o compaíñeiro esplicóulle que aqueles pavos viñan de moi lonxe e vendíanos pra cebalos e comeños polo Nadal. O amigo do Chinto era moi sabido⁶ e contóulle unha chea de cousas dos pavos; coa conversa en pouco estivo que perdesen a escola, e cando chegaron xa era tarde e o escolante púxolle mala cara.

En todo o serán o Chintolo non fixo cousa de proveito. Íballe a maxinación⁷ ós pavos e xa se vía cun daqueles bicharelos⁸, botándolle de comer e facendo porque engordase moito, pra comelo na Noiteboa. O pavo agradecido facía a roda, e o Chintolo quedaba aparvado⁹.

Por fin saíron da escola e o Chinto corréu cara á casa con más presa que nunca; non embargantes, non era a fame da renda o que o facía correr. Por eso coidóu volverse tolo de ledicia cando súa nai lle dixo:

—¡Chintiño! Mira que pavo máis xeitoso che merquéi pra que ti o coides.

Ben-cho-shey, *Andrómenas*
Ed. Monterrey, Vigo 1953, pp. 71-72

NOTAS

- 1 tocándolas
- 2 agrado, hizo gracia
- 3 ensuciándolas
- 4 manada, rebaño
- 5 presumido, vanidoso, presuntuoso

- 6 que sabe mucho, resabido
- 7 imaginación
- 8 bichejos
- 9 atontado

LECTURA

O mal tempo

Chegou o inverno a Ribarteme. Víase vir, pois xa no mes de San Martiño se fora descompondo o tempo e caera moita auga. A familia de D. Antón non se descoidaba e tomaba sempre medidas pra combaté-la friaxe e a choiva. O médico tiña que viaxar sempre polas aldeas veciñas pra visitá-los enfermos; por eso mercóu unhas boas botas e uns zapatóns feitos de encarga, deses que chaman de becerreiro. O zapateiro dérase moi maña con eles e D. Antón quedara moi contento da súa obra. Pra Lelo tamén houbo novedade, pois súa nai chegoule cuns zocos fermosos e rechamantes, ben adornados con chatolas.

—Eu non quero zocos —dixo Lelo—. Que os poña o zoqueiro. Os zocos son prá xente probe e a min dáme vergonza andar con eles.



Costóu traballo convencelo, pro as razóns de dona Rosario e de Carme impuxérонse e o rapaz, rosmando, con algunha bagulla, metéu os zocos nos pés.

Na casa tampouco faltaban gabáns, bufandas, panos do pescozo, panos da cabeza, mantos, calcetíns de la, zapatos de goma... tódalas cousas axeitadas pra botá-lo frío fóra.

¿A quéén lle gusta o inverno? En Ribarteme agora aínda se nota máis. Antes, as familias pasaban as noites de inverno a carón do lume, sentados no escano ou na pedra da lareira, vendo ardé-las achas das cañotas e contando contos de medo ou falando mal dos veciños. Agora é diferente: case todos na aldea teñen cociñas de ferro e xa houbo quen se decidíu pola cociña de gas; pro as cociñas de gas non quentan a casa coma as de ferro ou as lareiras. No inverno toda a casa está fría e, cando se vai prá cama, non hai quen se meta nela: é coma se estivesen molladas as sabas.

Na casa dos Soutos teñen calefacción, anque o abó non se acomoda con ela:

—Eu prefírovos un braseiro, que me quenta más. Estes aparellos modernos comen cartos e non dan calor.

Onde o sinten más é na escola. Alí nótase a humedade, o frío entra polas regandixas da porta e das fiestras. Os nenos teñen que pasar moitas... Xa cando veñen prá escola desde as aldeas veciñas, pola mañá cedo, sinten como lles formigan as orellas e non teñen tentos nas mans. Ás veces está todo cuberto de brétema ou xea de noite, aparecendo os carballos e os piñeiro con caramelos de xeada; outras veces chove que arroia e case non se pode andar con tanta lama. Cando escomenza a chover en Ribarteme non para máis. Non é unha chuvieira más ou menos, son pingas gordas e seguidas, que fan regos de auga por todas partes; hastra se marcha a terra cando non está moi presa, o mesmo que acontece coas enxurradas polo vran. E algunha vez chega a caer saraiba ou síntense tronos.

Lelo sóio está ledo o día que por primeira vez aparece Ribarteme cuberto de neve. Entón hai unha festa na aldea, anque non son raras as nevadas naquelas terras. Ese día non hai escola. Lelo e os demás rapaces andan a brincar pola neve, facendo bolas, vendo como farrapa.

Os rapaces non se fixan na fermosura da paisaxe, toda branca; sóio pensan nos seus xogos, en facer monecos ou bolas xigantes, en dar tombos e cuadas. Cando Lelo chega á casa vai feito un lázaro e hastra Carme queda abraiada:

—¡Ai mamaíña, cómo se puxo!

Dona Rosario non lle berra, sabe que o neno poucas veces pode dispoñer dunha ocasión coma aquela e tamén se lembra do que ela e seus irmáns facían de pequenos, cando nevaba. Todo se resolve pra Lelo vestindo outro pantalón, outra chaquetá e outra muda e poñéndose á beira do lume pra que non o colla un costipado.

VOCABULARIO

descomponer:	<i>descomponer</i>	pingas:	<i>gotas</i>
combater:	<i>combatir</i>	regos:	<i>surcos</i>
becerreiro:	<i>tratante en becerros</i>	presa:	<i>compacta</i>
fermosos:	<i>hermosos</i>	enxurradas:	<i>aluviones, avenidas fuertes de agua</i>
rechamantes:	<i>llamativos, chillones</i>	saraiba:	<i>granizo</i>
chatolas:	<i>tachuelas</i>	tronos:	<i>truenos</i>
achas:	<i>trozos de leña</i>	farrapa:	<i>copea (en el sentido de caer copos de nieve)</i>
cañotas:	<i>tocones, castaños seculares carbonizados</i>	fixan:	<i>fijan</i>
molladas:	<i>mojadas</i>	fermosura:	<i>hermosura</i>
braseiro:	<i>brasero</i>	xigantes:	<i>gigantes</i>
regandixas:	<i>rendijas</i>	cuadas:	<i>culadas</i>
formigar:	<i>hormiguear</i>	abraiada:	<i>asombrada, pasmada</i>
brétema:	<i>niebla, bruma</i>	dispoñer:	<i>disponer</i>
piñeiro:	<i>pinos</i>		
chuvieira:	<i>aguacero</i>		

PRONOME PERSOAL (Cont.)

2. Terceira persoa (vede Gallego 1, pp. 53-54)

	SINGULAR		PLURAL	
	M	F	M	F
SUXETO/COMPLEMENTO CON PREPOSICIÓN	el	ela	eles	elas
OBXETO DIRECTO	o/lo	a/la	os/los	as/las
OBXETO INDIRECTO	lle		lles	

OBSERVACIONES

A) **El, ela, eles, elas** (castelán *él, ella, ellos, ellas*) funcionan como suxetos e complementos con preposición e tamén coas partículas comparativas:

El/ela teñen moitos cartos «él/ella tienen mucho dinero».
Fun con el á festa «fui con él a la fiesta».

Sodes máis preguiceiros ca elas «sois más perezosos que ellas».

As catro formas de suxeto poden aparecer tamén como reforzo, despóis dun relativo que se refire ó mesmo nome:

¿Conoces ún que é el barbudo e bo mozo? «¿conoces a uno que es barbudo él y buen mozo?».

Atopéi unha que era ela ben feitiña «encontré a una que era buena moza ella».

Esiste unha forma **el** na fala de algunas zonas, que se usa como reforzo nas frases interrogativas. Ten pouca vixencia literaria:

¿E el qué se di á pita? «¿y qué se dice a la gallina?».

¿El non se lle chama máis ca don Martiño? «¿no se le llama más que D. Martín?».

¿E el qué fas ahí? «¿qué haces ahí?».

¿E el qué te trae por aquí? «¿qué te trae por aquí?».

B) Pró obxeto directo temos dous tipos de formas. As propias son **o, a, os, as** (castelán *lo, la, los, las*). O segundo tipo (**lo, la, los, las**) sóio se usa enclítico dos infinitivos ou das persoas verbais que rematan en **-s** (2.ª, 4.ª e 5.ª) e dos outros pronomes con **-s** final (*nos, vos, lles*). Neste caso o **-r** do infinitivo e o **-s** das outras formas desaparece:

Quero que o/a merques «quiero que lo/la compres».

Dixeron que os/as levaban «dijeron que los/las llevaban».

Chego eu pra levalo/levala «basto yo para llevarlo/llevarla».

Queróvolo decir «os lo quiero decir».

As formas **o, a, os, as** poden aparecer como predicados nunha oración atributiva que fai referencia a outra pra afirmala ou negala. Nestes casos o castelán emprega o neutro **«lo»**:

Boa, éa; anque non o parece «buena, lo es; aunque no lo parece».

Grandes, sonos; pro non moito «grandes, lo son; pero no mucho».

Cando as formas **o, os, a, as** van enclíticas das formas verbais que rematan en diptongo engádese un **-n-**. Desta maneira témo-la mesma forma **nos** prós pronomes **os** e **nos**:

Levaréino «lo llevaré».

Levóunos prá casa «los llevó para casa» / «nos llevó para casa».

C) Pró obxeto indirecto temos **lle, lles** (castelán *le, les*). Na fala de moitos lugares chegouse ó uso de **lle** pra singular e plural e algúns escritores botan man desta posibilidade:

Díxolle que viñeran «les dijo que viniesen».

Díxolle que viñera «le dijo que viniese».

- D) As formas de obxeto directo e indirecto poden ir acompañadas da forma **el** coa preposición **a**:

A el/ela leváronlle todo «a él/ella le llevaron todo».

A eles/elas leváronos/leváronas pola rúa «a ellos/ellas los/las llevaron por la calle».

3. Formas de cortesía (vede Gallego 1, pp. 54-55)

	SINGULAR	PLURAL
SUXETO E COMPLEMENTO CON PREPOSICIÓN	vostede	vostedes
OBXETO DIRECTO	o / a	os / as
OBXETO INDIRECTO	lle	lles

OBSERVACIONES

As formas de cortesía prá segunda persoa úsanse cando falamos cunha persoa que nos merece tratamento de respeito. As formas **vostede**, **vostedes** funcionan como suxetos, complementos con preposición ou termos dunha comparación; como suxetos esixen sempre o verbo en terceira persoa:

Vostede moito fala «usted habla mucho».

Vou con vostede «voy con usted».

Son coma vostede «soy como usted».

As outras formas do pronome de cortesía son idénticas ás do pronome de terceira persoa e funcionan da mesma maneira:

Tráiolle/-lles estas troitas «le/les traigo estas truchas».

Véñoo/-a visitar «vengo a visitarlo/la».

EXERCICIOS

- I. Indica os pronomes de 3.^a persoa e as formas de cortesía que aparecen nas lecturas 8 e 9.

- II. Pon no sitio das palabras *en cursiva* ou dos guións os pronomes que correspondan:

Ex.: *O Lelo* ten moito xenio

El ten moito xenio

1. Levaron o libro pra *Antón*.
2. Quero que — merques un xoguete *a Lelo e a María*.
3. Fixen — (= a vostede) esta caixa.
4. Chego eu pra levar *a el, a ela*.
5. — ten moito traballo (= forma de cortesía).
6. Quero ir con —, don Ricardo.
7. Vimos *un can*.
8. Leva *o libro*.
9. Aquí léva-lo *traxe*.
10. Contó *o conto*.

- III. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.

- IV. Traduce a lectura ó castelán.

- V. Versión ó galego:

1. Lo tenemos con nosotros.
2. Le piden dinero a la hermana.
3. Le dije que no.
4. La llevé conmigo.
5. Con usted no hay problemas.
6. No le gustan las manzanas.
7. Las tenemos todas.
8. La hermana le quiere mucho.
9. Voy a verlo.
10. A Lelo le compraron un paraguas muy bonito.

11. No le gusta la nieve.
12. Los llevó a jugar con la nieve.
13. Su madre fue a buscarlo a la escuela.
14. Les traigo juguetes a los niños.

VI. Pon en plural as frases que lóxicamente o admitan.

VII. Conversa:

- ¿Qué cousas anunciaban a chegada do inverno?
 ¿Qué facía a familia de D. Antón pra combaté-lo mal tempo?
 ¿Por qué non quere Lelo os zocos?
 ¿Por qué era antes millor o inverno en Ribarteme?
 ¿Qué quere o abó pra se quentar?
 ¿Ónde se siente más o frío?
 ¿Por qué fan festa os rapaces, ás veces, en Ribarteme?
 ¿Chove moito en Ribarteme?
 ¿Qué fan os nenos da escola coa neve?
 ¿Qué fai Lelo cando chega á casa de xogar?

VIII. Comenta os refráns seguintes:

1. Sempre que chovéu, escampóu.
2. Cando chove e fai vento, mal tempo.
3. En cada tempo seu tento.
4. En tempo mollado vende a la e deixa o fiado.
5. Cando trona, forza é que chova.
6. Cando a carballeira zoa, ó pé do lume ben sabe a broa.

TESTOS LITERARIOS

Un vello camiño é unha voz oída noutro tempo.
 Rubios paxaros dormen no mansío das horas.

Pasa un eco do vento que abanaba¹ cereixas.
 Eu ben sei que a xeada é un antigo salouco²
 que choréi cando neno polo home de agora.

M. González Garcés, *Nas faíscas do soño*
 Ed. Galaxia, Vigo 1972, p. 15

NOTAS

¹ sacudía

² sollozo

LOUBANZA¹ DA CHOIVA

Nestes anos pasados non chovéu en Galicia en longas temporadas. Foi algo desaxeitado² e tristeiro. Calaron os regatos coa súa cantaruxa³ nos fondales⁴ das corgas⁵; debeceron⁶ os ríos hasta descubriren os segredos dos cabos dos seus leitos; secaron as herbas dos lameiros⁷, morreron nos muros os counselos⁸ e os fieitos; nos montes os toxos, sempre froleidos, deixaron de medrar; e nos cornellos⁹ das habitacións, mordéu a traza¹⁰ na tea dos paraguas.

Desde aqueles intres, collín en aborrecemento ó ceo de Galicia cando o miro limpo, sin un lixo¹¹, e tan azul e tan brillante que se coida que o barreron e o lavaron pra que por el pasaran, con todo o seu esplendor, o sol, a lúa e as estrelas, cansos e monótonos pelegríns¹² que percorren¹³ sempre os mesmos camiños, acompañados polo paso dos días; camiños conocidos e calculados xa polos magos caldeos, bos e sabedores da astroloxía¹⁴ e da matemática. É un ceo de moita luz, de pouca varianza¹⁵, desprovido¹⁶ de calquera episodio pintoresco, frío coma a auga xeada, e transparente coma ela.

Apetezo, por contra, o ceo de Galicia cando está cuberto ou siquera embazado. Gusto dos nublados de invernía, escuros e unánimes; dos que traen a neve, que chegan atolados¹⁷ do norte, en fatos¹⁸ dacabalo¹⁹ no vento e que cruzan á presa entre dous

feixes de raios de sol; dos secos fríos que creban²⁰ as calores do vran, co seu toldo branco e asucado²¹; dos cúmulos portadores dos tronos, parecidos a grandes serras, cos cumes nevados e os vales sombrizos²²; e gusto ánda desas outras nubes longas e afusadas²³ coma barcos que navegaran pra ningures; das que semeillan inmensas e apreixadas veceiras²⁴ de las rizas, e dos trasparentes celaxes²⁵, tan delgados, finos e sutiles que se poden coidar veos de deusas olímpicas ripados²⁶ dos corpos pola furia dos fillos do Eolo.

F. L. Cuevillas, *Prosas Galegas*
Ed. Galaxia, Vigo 1971, 2.^a edición, pp. 39-40

NOTAS

- | | |
|---|----------------------------|
| 1 alabanza | 14 astrología |
| 2 insólito | 15 variedad |
| 3 canturreo | 16 desprovisto |
| 4 partes más bajas de un terreno en declive | 17 alocados, avenados |
| 5 cañadas | 18 grupos, hatos |
| 6 fueron a menos, se agotaron | 19 a caballo |
| 7 prados | 20 rompen, quebrantan |
| 8 ombligos de Venus (planta) | 21 formando surcos |
| 9 esquinas, extremos | 22 sombríos |
| 10 polilla | 23 ahusadas |
| 11 mancha | 24 veceras, tandas, turnos |
| 12 peregrinos | 25 celajes |
| 13 recorren | 26 sacados, arrancados |

CHOVE

É noite pechada e chove miudiño¹.

Nas lousas de pedra,
ó longo da rúa
escura e deserta
estoupan² as pingas
que deitan as tellas³.

Ó través dos ferrollos⁴ das portas
o vento salaia⁵ a dor dunha queixa⁶.

Lonxana, a voz rouca
dun can de palleiro que oubeara.

No medio da rúa,
coma folla de aceiro, sangrenta⁷,
unha raia de luz roxa, ardente,
que sae da taberna.

R. Cabanillas, *Obra completa*
Ed. Galicia, Buenos Aires 1959, p. 56


NOTAS

- | | |
|-------------------------|--------------|
| 1 menudo, fino (dimin.) | 5 suspira |
| 2 revientan | 6 queja |
| 3 que las tejas echan | 7 sangrienta |
| 4 cerrojos | |

LECTURA

Liortas familiares

Aquel día houbo moito que falar en Ribarteme: morréu a señora Pepa, que estivera casada co señor Xan do Curro, ún dos labregos máis podentes da parroquia, por non decir da bis-



barra. A súa casa tiña tódolos adiantos que se podían supoñer nunha casa labrega: ó lado da lareira, que aínda conservaba o pote de ferro colgado da gramalleira, había unha cociña económica; os cortellos dos porcos e as cortes do gando estaban fóra, nos alpendres; a auga corrente chegaba a tódalas partes da casa, mesmo á eira, onde tiñan un pilón pra dar de beber ás vacas.

Xunto á cociña había unha tulla grandísma e o hórreo era de oito claros. O que se di: unha verdadeira regalía.

A finada deixaba sete fillos e na aldea falábbase de que as cousas irían a mal. Case todos tiñan muller e fillos e entre cuñados, sobriños e curmáns non había moito acordo: todo por mor do herdoiro.

—É que Xan do Curro fixo as cousas mal —decía o abó—. ¿A quén se lle ocorre deixárlle-la casa a dous fillos? É a morte prá casa.

—Certo —asentía D. Antón—. ¿Lémbraste dos de Pasiños? A casa quedou pra dúas fillas e agora está arruinada. O pior é que nin vendela poden. Unha das irmás morréu sin fillos e sin testar e a súa parte herdárona os outros irmáns, pro como case todos morreron, agora a casa ten más de vinte donos. Así son as cousas mal feitas.

—Pois pior é no caso de Xan de Porto —decía dona Rosario—, ainda que sóio deixó dous fillos e unha filla. Como esta foi a que o coidou, pra ela foi a millora; pro agora, os dous fillos bótanse á irmá coma cans e quérenlle levar todo, e eso que ún deles xa lle pedira a lexítima ó pai.

—E no caso de Xan de Curro todo vai empiorando —volvía a falar o abó—. Disque ún dos fillos e un xenro xa tiveron unha agarra e chegaron ás mans. O que sofre coas partillas é o perito, pois está canso de chamar a todos pra que se poñan de acordo e non dean que falar á xente.

—No reparto das leiras parece que non teñen problemas e, mal que ben, todos concordan co perito —interviña dona Rosario—. Onde xurden as complicacións é no monte. Moitas toxieras non as atopan, anque están nas escrituras, e vanas ter que herdar como monte perdido.

—¿E qué me decides do que lle queren facer á irmá que está casada na casa? —decía don Antón—. Agora resulta que non sóio deben repartí-las cousas que hai dentro (louza, roupa, camas, gando, etc.), algúñ dos herdeiros quere que a irmá lle dea unha

certa cantidade de diñeiro polos anos que estivo no usufruto das cousas. Debe estar tolo. El bota boas contas: as vacas teñen un cuxo tódolos anos, así que tantas vacas, tantos cuxos...

—Sí —falaba o abó—, e tantas galiñas e tantos porcos. ¡Qué sei eu! Pro non quere saber nada dos porcos que morreron coa peste, nin da vaca que se desgraciou, nin dos cuxos que naceron mortos. Pra el sóio hai ganancias e ningunha perda. Ademais, todos chegaban á casa de súa nai e comían coma na súa. E bos sacos que levaban sempre cheos de cousas. ¡Moita fame lles ten sacado do corpo!

—Os nosos paisanos van un pouco á marxe do progreso —decía o médico—. Con tantos fillos e co reparto das leiras vai chegar un día en que teñamos que contar por metros e non por cuartilllos ou ferrados. ¿Cómo poden saír desta maneira da súa probeza?

—Coa concentración todo cambiará —di dona Rosario.

—¿Ti coidas eso? —falaba outra vez o abó—. Eu non. Din que, sendo moi grande a parcela, se poderá repartir e con esto volvemos ó de antes. E se non se reparte os problemas van ser gordos: o que queda na casa reserva os bens e os outros irmáns terán unha compensación económica. Pro, ¿onde teñen os cartos? No peto non, terános que pedir prestados ó banco ou a un veciño.

—Tres razón —dixo D. Antón pra rematá-la conversa—, pro nós non témo-la solución. Por eso é millor que deixemos de falar desto e nos deitemos. Eu xa che vos teño sono.

Dito e feito. Os tres erguérонse dos sofás, o abó colléu un caneco de auga quente e todos subiron os banzos da escaleira pra se ir meter na cama.

VOCABULARIO

podentes: *pudientes*
bisbarra: *comarca*
adiantos: *adelantos*

cortello: *establo pequeño*
claros: *divisiones del hórreo*
írfan a mal: *irían mal*

por mor de:	<i>por causa de</i>	xurden:	<i>surgen</i>
herdoiro:	<i>herencia</i>	herdeiros:	<i>herederos</i>
herdárona:	<i>la heredaron</i>	diñeiro:	<i>dinero</i>
dono:	<i>dueños</i>	usufruto:	<i>usufructo</i>
millora:	<i>mejora</i>	tolo:	<i>loco</i>
empiorando:	<i>empeorando</i>	naceron:	<i>nacieron</i>
lexítima:	<i>legitima, parte de la herencia</i>	marxe:	<i>margen</i>
partillas:	<i>partijas</i>	dito e feito:	<i>dicho y hecho</i>
concordan:	<i>concuerdan</i>	caneco:	<i>caneca</i>
interviña:	<i>interventa</i>	banzos:	<i>peldaños</i>

PRONOME PERSOAL (Cont.)

4. Contracóns

Son de dous tipos:

- A) As formas de suxeto do pronome **el** contraen coas preposiciones **de**, **en**. Os resultados son (vede Gallego 1, p. 54):

	el	ela	eles	elas
de	del	dela	deles	delas
en	nel	nela	neles	nelas

Exemplos: *O libro é del* «el libro es suyo».

Non se lembraron dela «no se acordaron de ella».

Non vexo nada bo nela «no veo nada bueno en ella».

- B) Cando aparecen xuntas as formas oblicuas do pronome persoal **contraen** da seguinte maneira (vede Gallego 1, p. 62):

	o	a	os	as
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	nolos	nolas
vos	volo	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

Pódese ver que o obxeto indirecto **precede** sempre. O significado non varía e corresponde a cada ún dos elementos contraídos. De tódalas formas convén resaltá-las contraccións de **lle/lles**. Non debemos esquencé-la diferencia entre **llo** «se lo (a él, a ella)», **lla** «se la (a él, a ella)» e **llelo** «se lo (a ellos, a ellas)», **llela** «se la (a ellos, a ellas)»:

Véndello «véndeselo (a él, a ella)».

Véndellelo «véndeselo (a ellos, a ellas)».

Na fala de moitos lugares e en moitos escritores perdéuse esta diferencia, chegándose ó uso de **llo**, **lla** pra singular e plural.

5. Colocación das formas oblicuas (vede Gallego 1, pp. 63-64)

É moi importante a colocación correcta das formas oblicuas polas diverxencias co castelán. A situación normal é a seguinte:

A) Nas oracións simples e na principal das subordinadas o pronome vai **despóis** do verbo:

Levóunos con el «nos llevó con él»; «los llevó con él». *Dixonos que quería ir* «nos dijo que quería ir».

Hai algúns casos que non van coa norma xeral e levan o pronome **antes** do verbo. Son estes:

a) Cando a oración vai **introducida** por un **adverbio**:

Moito lle quería «mucho le quería».

Tampouco llo dixo ó pai «tampoco se lo dijo al padre».

Esta particularidade non sirve pra tódolos adverbios, pois con moitos dos de **tempo** e **lugar** síguese a norma xeral, pospoñéndose o pronome. Son **onte** «ayer», **antonte** «anteayer», **mañá** «mañana», **hoxe** «hoy», **pasado** **mañá** «pasado mañana», **antes**, **despós** «después», **agora** «ahora», **entón** «entonces», **enriba** «encima», **debaixo** «debajo», **detrás**, **atrás**, **diante** «delante», e algún outro:

Onte levéille unha carta «ayer le llevé una carta».

Agora quéroche ben «ahora te quiero mucho».

Co adverbio *logo* o pronome vai antes ou despós, asegnú o significado:

Logo fórонсе deitar «después se fueron a acostar».

Logo se foron «pronto se fueron».

b) Cando a oración vai **introducida** por unha **conxunción negativa**:

Nin eu llo pedín nin ela mo deu «ni yo se lo pedí ni ella me lo dio».

Non lle dixeche nada «no le dijiste nada».

c) Cando a oración vai **introducida** por un **pronome indefinido**, **interrogativo** ou **exclamativo**:

*Alguén o fixo «alguien lo hizo».
¿Quén o quere? «¿quién lo quiere?».
¡Cántas lle chamóu! «¡cuántas le llamó!».*

Non tódolos indefinidos antepoñen o pronome, pois con **algún, os demáis, ún, moito, outro e varios** o pronome vai posposto ó verbo:

Algún axudaríalle de boa gana «alguno le ayudaría de buena gana».

Moitos fóreron buscar «muchos fueron a buscarlo».

Ún díolle que sí, o outro díolle que non fora «uno le dijo que sí, el otro le dijo que no fuera».

d) Tamén se antepón o pronome nas oracións **desiderativas** sin **que**:

Un raio te parta «mal rayo te parta».

O demo me leve «que el diablo me lleve».

B) Nas oracións subordinadas o pronome vai **diante** do verbo:

Dixo que llo trouxeran «dijo que se lo habían traído».

Choróu cando llo contaron «lloró cuando se lo contaron».

IMPORTANTE: Hai que ter moi en conta todas estas normas, pois moitos escritores galegos colocan o pronome arbitrariamente. Sólo é posible a posposición cando se introduce unha oración entre a concunción e o pronome, nunha enumeración de varios verbos e en algunas frases en que se adianta o esquema da oración simple: *Tede tino de non vos achegar á circular, que, como xira a moitas revolucións, pódевos lever unha man; supón eu que o tolo deixaba de cismar e rañar nas súas teimas e poñíase nos asuntos do ficticio; xente é que se entrista, enfíaca, cánsase, desavece a comida; o certo é que eu maxinábate de outra maneira; dille a fulano que mañá ou pasado vaille enfermá-la besta (pro dille que lle vai enfermá-la besta).*

C) Con relación ó infinitivo e ó xerundio, temos que ter en conta dúas posibilidades prá colocación do pronome:

a) Tratándose de perifrasis verbales (vede *Leción 21*), o pronome pódese **pospoñer** ó ausiliar ou ben ó ausiliado:

Hei facelo / Heino facer «he de hacerlo».

Estou véndoo / Estóuno vendo «lo estoy viendo».

No caso de que entre o ausiliar e o ausiliado haxa un elemento de relación (preposición ou concunción) hai tres posibilidades: o pronome pódese colocar **despós** do ausiliar ou do ausiliado ou **antes** do ausiliado:

Hai que roelo / Haino que roer / Hai que o roer «hay que roerlo».

Se son dous ou máis os pronomes oblicuos, teñen que aparecer **sempre** xuntos e **non** se poden disociar. Nas variacións da frase que sigue sóio son posibles as que **non** leven asterisco:

Teño que darllo «tengo que dárselo».

Teño que llo dar.

Téñollo que dar.

* *Téñolle que o dar.*

* *Téñolle que dalo.*

* *Teño que lle dalo.*

b) Cando o infinitivo ou o xerundio funcionan como **subordinados**, é decir, en usos non perifrásicos (vede *Leción 20*), os pronomes oblicuos que se lles refiran van sempre **pospostos**:

É millor deixalo «es mejor dejarlo».

Valíalle más deitarse «le valía más acostarse».

Había un home facéndonos acenos «había un hombre haciéndonos señas».

Se o infinitivo ou o xerundio se subordinan ó verbo principal por medio dunha preposición, o pronome pode

ir **antes** ou **despóis**, rexistrándose na fala certa preferencia pola **anteposición**:

Imos cansos de decirlo.

Imos cansos de llo decir «estamos cansados de decírselo».

Non te vayas sin avisarme.

Non te vayas sin me avisar «no te vayas sin avisarme».

En acabándoas pide más.

En as acabando pide más «al acabarlas pide más».

EXERCICIOS

I. Indica as formas do pronome persoal contraídas nas lecturas 9 e 10.

II. Coloca o pronome no lugar que lle corresponde:

1. Non as dou (*vos*).

2. Non o dixo (*me*).

3. Véndeo (*lles*).

4. Teño que dar (*che, o*).

5. Non había nada dentro (*de ellas*).

6. Acordéime moito (*de el*).

7. Mañá iréi levar eso (*lle*).

8. Vou facendo (*o*).

9. Antes quero facer eu (*che o*).

10. ¡Cántas fas! (*me*).

11. Levo todas (*vos as*).

12. Agora vou dar unha pancada (*lle*).

13. Alguén fixo (*as*).

14. Veño traer (*vos os*).

15. Dixo que levaras (*lle o*).

16. ¡Así coman! (*te*).

17. Dille que calquera día destes vai dar unha volta (*lle*).

18. Dixo que levabas ben con el (*me, te*).

19. Coidaba que gustaban (*vos*).

20. Foron levar (*lles os*).

III. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.

IV. Traduce ó castelán a lectura.

V. Versión ó galego:

1. Ya lo sabía.

2. Te llevaré la carta.

3. Le doy un libro.

4. Dímelo.

5. No hay nada en ella.

6. Te lo cogió el niño.

7. Díselo a ellos. Si no se lo quieres decir no se lo digas.

8. Ayer la vimos pasar, pero hoy no la encontramos.

9. ¡Que el diablo te lleve!

10. ¿Quién te contó ese cuento?

11. ¿Me lo das? ¡Dámelo!

12. Me imaginé que vendrías a saludarnos antes de marcharte.

13. Muchos le querían ayudar, pero sólo algunos lo hicieron.

14. Varios se marcharon ya, porque era muy tarde.

VI. Pon en plural as frases do exercicio V que o admitan.

VII. Subordina as oracións que siguen unha á outra.

Ex.: *Quéreme. Dímo.*

Dime que me queres.

1. Halle dar uns paus. Díxonolo.

2. Lévote no corazón. Pénsao.

3. Vaite prá casa. Cóllete o frío.

4. Os nenos non van á escola. Lévanos de escursión.

5. Quero velo. Lévame contigo.

6. Cómproche o cabalo. Véndemo.

7. Chégate ó portal. Ten coidado co can.
8. Non a tires. Dígocho eu.
9. Dálle outro. Meréceo.
10. Vente. Fai falla.

VIII. Conversa:

- ¿Por qué houbo moito que falar en Ribarteme?
 ¿Qué adiantos tiña a casa da señora Pepa?
 ¿Por qué se decía que as cousas iban ir a mal?
 ¿Qué pasó co herdoiro dos Pasiños?
 ¿Con qué teñen complicacións os fillos de Xan de Curro?
 ¿Qué lle queren facer á irmá que está casada na casa?
 ¿Gústalle ó abó a concentración parcelaria? ¿Por qué?
 ¿Qué leva o abó prá cama?
 ¿Qué é a millora?
 ¿Qué é a lexítima?

IX. Comenta os refráns seguintes:

1. O que se herda non se rouba.
2. Gasta en copas e vasiños o que has deixar ós sobriños.
3. De facer testamento, faino a tempo.
4. Bens divididos, bens perdidos.
5. Á casa de teu irmán, non vaias cada serán.
6. O que casa fai, casa desfái.

TESTOS LITERARIOS

DISCURSO

Escoitade este pequeno conto, que é de moito proveito.

Unha vez un vello petrucio estaba enfermo de morte. Chamou ó rente do seu leito ós nove fillos que tiña, e díxoille ó máis pequeno que collera unha vara de vimbio¹ e que a rompera. A vara rompéu fácilmente. Despois díxolle ó fillo máis vello, que era forte e valente, que rompera as nove varas xuntas. Por moita

forza que fixo non poido nin siquerá dobralas. Entón dixo o vello petrucio: —«Xa vedes, meus fillos, que unha vara soia é fácil de romper, pro todas xuntas non hai quen as doble. Eu vou morrer axiña, e rógovos que teñades sempre irmadade², que vos defendades todos xuntos, pra que os vosos enemigos non poidan facervos mal».

Manuel Lugrís, en Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*
 2.ª ed., Editorial Maucci, Barcelona 1911, p. 498

NOTAS

¹ mimbre

² hermandad

UN VINCULEIRO

Vive en casa grande,
 ten as tullas cheas...
 —E ¿qué almorza?

—Sorbe
 papas sin manteiga.
 Pra aforrá-los zocos
 vai descalzo ás feiras,
 onda os cochos dorme
 e sin luz se deita.

¡Este é o vinculeiro
 do cimbro¹ da serra!,
 vive en casa grande,
 ten as tullas cheas;
 mais ¡xa pode o demo
 cargar coa riqueza!...

A. Noriega Varela. *Do Ermo*
 4.ª ed., Lugo 1946, p. 67


NOTAS

¹ cima, punta

LECTURA

Traballos non agrícolas

En Vilanova, nas noites de inverno, había antigamente fiadeiros. Este é hoxe un costume dos que poucos teñen xa acordo na aldea, se quitamos algúns vellos. A cousa ten boa esplicación:



cando se paróu de sementar liño e se venderon as ovellas, deixou de haber liño e la que fiar. Velahí por qué se acabaron as fías ou fiadeiros en Galicia.

Este é un capítulo da historia de Vilanova do que se lembra ben o tío Pepe, porque, sendo el novo, os fiadeiros de Vilanova eran moi sonados. Nestes días de Nadal, en que as noites son

longas e hai tempo abondo pra falar, o tío Pepe cóntalles ós netos cómo era daquela a vida na aldea. Tocante a esto dos fiadeiros dilles:

— Os fiadeiros facíanse neste mes de Nadal e no que ven. É unha época do ano en que a xente está folgada, porque o día é corto e non hai labores que facer na terra. Viña a ser unha época morta, que se aproveitaba pra realizar ou preparar cousas de usar ou comer na roda do ano. Varias destas cousas facíanse do liño e da la: eran escarpíns, medias, mantas e outras prendas más, tecidas ou calcetadas. Liño e la fiábanse sempre que houbese vagar, mesmo cando se iba á fonte. Pro era nos fiadeiros onde se fiaban más mazarocas ca en ningures. No fiadeiro cada ún fiaba pra sí, mais era un labor que se facía comunalmente. Era un traballo propio de mulleres ó que nunca faltaban os mozos de miróns. Facíase por quenda, cada noite nunha casa, millor dito, no curral da casa. Contra as nove da noite, despós de cear, iban chegando as mozas coas súas rocas, os seus fusos, la escarpeada e cardada e un banquiño con dous asentos: un prá fiadora e outro pra quen lle cadrase. Tamén levaban cadanséu candil. Canda elas, de estorbo, iban as nais, porque das nenas novas por máis conta que se teña nunca é de sobra: «Moza trouleira, súa nai á beira», decían os vellos de antes, e era boa verdade. Ó mesmo tempo iban chegando os rapaces e cada ún sentábase onda unha moza, se ela non poñía impedimento. Os mozos refugados sentábanse onde cadraba. E todos así, de parola, veña contar contos e falar de sucedidos hastra altas horas da noite. Nun intre calquera un mozo dos que tiñan noiva comenzaba a bailar: primeiro daba el soio unha volta ó curral punteando e despós sacaba á súa moza. Tras deles iban os demás todos. Valía calquera peza, principalmente a muiñeira dos vellos, que agora non se baila xa. A música era sinxeliña: poucas veces había gaita; o frecuente era que se levase o ritmo tocando cazolas, pandeiros, culleres e ferriños. Pra esto último valían mesmo as estrepias da casa. O baile alternábase con contos, xogos e loias. Aínda parece

que foi onte cando lle eu andaba facendo as beiras a vosa aboa, en paz descanse, nos fiadeiros de Vilanova.

Despois os netos fanlle moitas preguntas ó abó. Cada ún tiña as súas preocupacións e por eso eran moi variadas as preguntas. Carme, sempre matinando en cousas de vestir, inquire sobre o resto das operacións que precisaba a la. Vede o que lle contesta o tío Pepe.

—Despois de fiadas as mazarocas, ensarillábanse en madeixas. Cada madeixa levaba varias mazarocas, que se iban anoando unha tras da outra polos cabos. Feitas as madeixas lavábanse e tingúianse e, cando estaban ben enxoitiñas, nun intre de vagar, debandábanse na debandoira. O fío iba así pasando a un novelo. Pro aínda había que torcer, é decir, xuntar dous fíos nún, pra que resultase máis forte. Con esto quedaba a la disposta pra calctetar ou levala ó tear. E desto xa sabe más Carme ca min.

E era verdade. Coas espitas Carme non tiña rival. Sabía xa desde pequeniña facer medias, mesmo polo calcañal, que é o más difícil. Conforme medraba foi dependendo a facer puntos novos e prendas novas.

—¿E el pra quén era aquel «jersey» de oitos que acabáche-lo outro día? Igualiño, igualiño vinlle ún a un mozo desta parroquia —dixo Lelo.

A Carme mudou de cores e non volvéu gurgutar en toda a noite.

Os netos todos admiran ó tío Pepe, porque é coma un libro de historia que, asegún di D. Antón, «sabe a vella e a nova».

—Padriño —preguntou o Enrique— ¿e qué facían antes co leite? Agora en Vilanova vén dese todo, porque ven a camioneta buscalo, pro antes, que non había centrales leiteiras nin camionetas, ¿qué facían co que sobraba do consumo? Tirar non o tirarían.

—Antes —dixo o tío Pepe— vendíase o leite igual ca agora. O que pasa é que se levaba en latas do leite á vila. Vosa aboa ten levado ben delas mentres voso pai non acabou a carreira.

Pro sempre quedaban na casa dúas canadas ou más pra facer queixo e manteiga. Xa sabedes como se fai un queixo. Hai que deixar que o leite calle, cousa que en tempo de vran acontece de seu. De inverno, días coma hoxe, hai que poñé-la cazola a carón do lume, pra que estea morno, e bótaselle un pouco de presoiro. O presoiro na miña acordanza sacábase do calleiro do porco ou da vaca, pro hoxe vano mercar todos á botica. Despois de callado, o leite desórrese, vaia, quítaselle o soro. Así, fresquiño, cun pouco de azucré, é o requeixo; botado nunha queixeira a curar, sae o verdadeiro queixo. ¿Non víchedes nunca leite callado?

—Moitas veces —contestaron todos xuntos.

—Entón víchedes que lle aparece unha tona amarela: é a nata. A nata vaise apañando cunha culler pra unha cazola hastra xuntar tres ou catro litros dela. Despois métese nunha ola e mázase. Segundo se maza vaise xebrando a manteiga, que queda nadando en zurullos sobre do leite mazado. Estes zurullos xúntanse nunha baluga e envólvense na folla dunha berza. Pro todo esto desaparece, porque os labregos de agora son parvos: venden o leite e van mercar queixos de pataca e balugas de margarina ó comercio.

VOCABULARIO

antigamente: *antiguamente*

fiadeiros: *hiladeros, lugar donde se reúnen de noche las mujeres aldeanas para hilar*

acordo: *recuerdo*

liño: *lino*

ovellas: *ovejas*

fiar: *hilar*

fías: *vede fiadeiros*

sonado: *famoso*

folgada: *descansada, ociosa*

por quenda: *por turno*

curral: *corral*

rocas: *ruecas*

fusos: *husos*

la escarpeada: *lana abierta y preparada para cardar*

fiadora: *hiladora*

cadrarse: *cuadrarse*

trouleira: *divertida, alegre*

refugados: *desdeñados, rechazados*

de parola: *de charla*

punteando: *haciendo puntos en el baile*

loias: *desafíos en verso*

ensarillar: *hacer madejas con mazorcas de hilado*

madeixas: *madejas*

anoando: *anudando*
 tinguíanse: *se teñían*
 debandábanse: *se devanaban*
 debandoira: *devanadera*
 novelo: *ovillo*
 tear: *telar*
 espitás: *agujas de calcetar*
 gurgutar: *proferir, articular palabras*
 canadas: *recipientes donde se guarda la leche*

calle: *cuaje*
 presoiro: *cuajo*
 calleiro: *estómago*
 desórarse: *se separa el suero del coágulo*
 soro: *suero*
 requeixo: *requesón*
 queixeira: *quesera*
 xebrando: *separando*
 zurullos: *grumos*
 baluga: *pella de manteca*

PRONOME PERSOAL (Cont.)

6. Pronome reflesivo (vede Gallego 1, pp. 73-74)

Coincide formal e funcionalmente co castelán e ten as seguintes formas:

SIN PREPOSICION		CON PREPOSICION
me	nos	
te	vos	
se	se	si, consigo

As formas dos pronomes persoais de 1.^a e 2.^a persoa funcionan tamén como reflexis, anque prá 2.^a persoa sóio aparece **te** e nunca **che**:

Canséime de agardar «me cansé de aguardar».

Metécheste na lama «te metiste en el lodo».

Forma especial témola pró reflesto de 3.^a persoa: **se** pra singular e plural, **si** despóis de preposición e **consigo** no caso da preposición *con*:

Lavóuse no río «se lavó en el río».

Lavábanse ben «se lavaban bien».
Iba falando consigo «iba hablando consigo».
Cada ún paga por si «cada uno paga por sí».

No uso do reflesto hai unha diferenza importante co castelán. O reflesto de interés **non existe** en galego. Por eso distintas frases como «**me** comí un par de huevos», «**tú te** lo mereces», «**se** merece unos azotes», «lávate las manos», etc., hai que traducilas: *comín un par de ovos, merécelo, merece unhas azoutas, lava as mans*.

Xa sabemos que cando hai dúas formas obliquas, a de obxeto indirecto precede á de obxeto directo. Un caso especial é o de **se**, que vai en primeiro lugar:

Perdéuseme a colleita «se me perdió la cosecha».

Fóiselle o leite polo lume «se le fue la leche por el fuego».

Cando o reflesto **se** vai na compañía do indirecto **che**, débese colocar tamén en primeiro lugar, sendo vulgarismo a solución **che se**:

Acabóuseche a boa vida «se te acabó la buena vida».

7. Forma de solidaridade (vede Gallego 1, pp. 82-83)

A) No galego é moi frecuente o uso dun **che**, chamado de solidaridade. Unha frase como «no les hago caso» podémola traducir literalmente por «*non lle fago caso*». Agora ben, se queremos interesar ó noso interlocutor vivamente no feito, darlle unha participación afectiva intensa ou unha familiaridade especial, entón diremos «*non che lle fago caso*». Veleiquí algúns exemplos:

Dóicheme ben a cabeza «me duele bastante la cabeza».

Dóichelle ben a cabeza «le duele bastante la cabeza».

Non che lle quero nada «no le quiero nada».

Estes homes sonche uns lacazáns «estos hombres son unos holgazanes».

- B) Se lle damos ó noso interlocutor o tratamento de «*vostede*», o pronom de solidaridade é, naturalmente, **lle**:

Ténolle moito que facer «tengo mucho que hacer».

Dóilleme ben a cabeza «me duele bastante la cabeza».

- C) Se os interlocutores son varios, os pronomes de solidaridade serán **vos** (tratamento familiar) e **lles** (de cortesía):

Ténovos moito que facer «tengo mucho que hacer».

Ténolles moito que facer «tengo mucho que hacer».

Non vos teño traballo «no tengo trabajo».

Non lles teño traballo «no tengo trabajo».

Polos exemplos anteriores pódese ver que, ás veces, aparecen dous pronomes xuntos, con referencia ó mesmo verbo, pro o que non se pode é repetí-lo mesmo pronom. É decir, non son aceptables casos como **dóicheche a cabeza*, **dóillelle a cabeza*, **dóivosvo-la cabeza*.

- D) Na lingua falada tamén esiste a posibilidade de dous pronomes de solidaridade:

Échevos algo parvo «es algo tonto».

Dóichemevos ben a cabeza «me duele bastante la cabeza».

Háichevos moito que ver «hay mucho que ver».

Hállevos moito que ver «hay mucho que ver».

8. Encontro de máis de dúas formas oblicuas do pronom (vede Gallego 1, p. 83)

Como se viu anteriormente témo-la posibilidade de que se atopen tres formas oblicuas do pronom persoal, contando coa forma de solidaridade. As posibilidades son as seguintes:

PROCLÍTICOS				
	mo, ma, mos, mas	llo, lla, lllos, llas	nolo, -a, -os, -as	llelo, -a, -os, -as
che	<i>che mo, che ma</i> <i>che mos, che mas</i>	<i>che llo, che lla</i> <i>che lllos, che llas</i>	<i>che nolo, che nola</i> <i>che nolos, che nolas</i>	<i>che llelo, -a</i> <i>che llelos, -as</i>
lle	<i>lle mo, lle ma</i> <i>lle mos, lle mas</i>		<i>lle nolo, lle nola</i> <i>lle nolos, lle nolas</i>	

ENCLÍTICOS				
che	-chemo, -chema -chemos, -chemas	-chello, -chella -chellos, -chellas	-chenolo, -chenola -chenolos, -chenolas	-chellelo, -a -chellelos, -as
lle	-llemo, -llema -llemos, -llemas		-llenolo, -llenola -llenolos, -llenolas	

Exemplos:

Déuchemo «me lo dio».

Déuchenolo «nos lo dio».

Déuchema «me la dio».

Déuchenola «nos la dio».

EXERCICIOS

- I. Coloca o pronom de solidaridade *che* ou o reflesivo nas frases seguintes:

1. ¡Qué ben me viña!
2. Dávo-la vida.
3. Doime o lombo.
4. Foi no coche.
5. Lavóu na poza da auga.
6. ¿Qué más me dá?
7. ¡Érgue!
8. Teño moito traballo.

9. Era o demo.
 10. Hai moito que ver.
 11. Foise a ocasión.
 12. É ben parvo.
 13. Perdéu (= a min) o viño.
 14. Meteches onde non debías.
 15. Fun de vagar.
 16. Levo moito camiño andado.
 17. Foi moi boa prós fillos.
 18. Non quero nada.
 19. Foi certo.
 20. ¡Quén me dera!
- II. Coloca o pronome *lle* de solidaridade nas frases anteriores que o admitan.
- III. Coloca o pronome *vos* de solidaridade nas frases anteriores que o admitan.
- IV. Coloca o pronome *llés* de solidaridade nas frases anteriores que o admitan.
- V. Indica nas lecturas 9, 10 e 11 as formas reflesivas e os pronomes de solidaridade que atopes.
- VI. Intercala un *che* de solidaridade nas frases seguintes e despóis un *lle* de cortesía, se é posible:
1. Foi el quen mo dixo.
 2. Levóunos todo.
 3. Fóisenos un ano.
 4. Non mos quere vender.
 5. O rato furóulle-los libros.
 6. Téñollo que decir.
 7. Este viño non llo recomenda.
 8. Mandóumo polo rapaz.
 9. Quíxollo romper.
 10. ¡Quén llo dera!

- VII. Traduce a lectura ó castelán.
- VIII. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- IX. Versión ó galego (usa unha forma de solidaridade cando sexa posible):
1. Te doy la razón.
 2. Te duele la cabeza.
 3. Lávate las manos.
 4. Nos lo dio Juan.
 5. Me los trajo de la feria.
 6. Era una mula.
 7. No nos lo quiso decir.
 8. ¿Quieres que se lo diga yo?
 9. Son unos holgazanes.
 10. ¡Qué bien me venía!
- X. Conversa:
- ¿Por qué acabaron os fiadeiros?
 ¿Qué lles conta o tío Pepe ós netos?
 ¿En qué mes se facían os fiadeiros? ¿Por qué?
 ¿Quén fiaba? ¿A qué hora?
 ¿Por qué iban as nais coas fillas?
 ¿Qué levaban as fiadoras ás fíñas?
 ¿Qué sabía facer moi ben Carme?
 ¿Con qué facían a música pra bailar?
 ¿Con qué se fai o queixo?

TESTOS LITERARIOS

A FIANDEIRA¹

¡Fiandeira namorada,
 que fíñas detrás do lume,
 cos ollos postos nas chamas²
 roxiñas, brancas e azules!

¡Fiandeiriña que fías,
nas noites de longo inverno,
as liñas³ tan delgadiñas
que⁴ os fíos do pensamento!
Cae a neve branca fóra,
riba dos teitos, calada...
mentres ti fías e soñas
nunha cousiña lonxana...

E. Novoneyra, *Os eidos*

Ed. Galaxia, Vigo 1955, p. 81

NOTAS

¹ hilandera

² llamas

³ hebras

⁴ está en lugar de *coma*

ELAS CANTAN

Fai un luar coma día,
e as nenas das Coruxeiras
baixan cantando prá fía.

A. Noriega Varela, *Do Ermo*

4.^a ed., Lugo 1946, p. 208.

LECTURA

Na lonxa

D. Antón celebró o seu santo o 17 de xaneiro, convidando a xantar a moitos dos seus amigos e tamén a algúns enemigos, como foi o caso do mencíñeiro, porque se lle antoxou a dona Rosario. Aquel día celebróuse polo grande. O comenza houbo fontes con



berberechos, ameixas, langostinos, santiaguiños e zamburiñas. Faltaron as vieiras, lagostras e centolas, porque a economía familiar non permitía tanto dispendio. Xa se sabe o que son tres nenos no estudio. Estes peixes, e máis rodaballo que se coméu de primeiro prato, mercárallos o amigo Beltrán na lonxa de Foz o víspora. Pra completá-lo xantar botouse man do millor peixe de terra,

o porco, que andaba cos lacóns e a cachola pola mesa fozando entre grelos, longaíanzas e cachelos. Rematóuse o xantar cunha tarta que lle mandara Adela de Mondoñedo e que se comía sóio con vela.

A sobremesa alongouse tanto que se lióu o xantar coa merenda e a merenda coa cea. Cando foi prá cama o bandullo de D. Antón case non lle cabía dentro dos pantalóns e anque tomou unha boa cullerada de bicarbonato pra que as queimuras lle deixasen durmir, o caso é que pasóu a noite cun pesadelo enriba del.

Empezou soñando que estaba con dona Rosario na lonxa de Foz, óindo subastar un lote de gambas. Dona Rosario decíalle que estaban moi caras e el non lle podía contestar de abraiado que estaba, vendo á súa muller convertida nunha sardiña. Tan apaïolado estaba que non se decatou de que outro tal lle pasaba a el, hastra que o subastador, convertido á súa vez nun boi de francia, os colléu a entrambos coas cocas polo rabo e os meteu nunha morea de peixe. Arredor de D. Antón había xurelos, rapanantes, castañetas, pescadas, tranchos, ollomoles, zamborcas e badexos. Dona Rosario, convertida e todo nunha sardiña, seguía fala que te falarás. Un melgacho do lote veciño quería papar a unha esquía que andaba perdida. D. Antón conocéuno deseguida: era o menciñeiro, o ladrón do menciñeiro, que na aldea recetaba non sóio ós animais, senon a cantos cristianos podía. «Non te apures, Antón —decía dona Rosario—, que tanta culpa ten el coma os que lle fan caso».

Alí estaba tamén D. Salvador, o mestre, convertido en peixe sapo, coa súa pachorra de sempre, sin lle importar unha migia o seu novo estado. A muller berráballe coma de costume, pro esta vez con apariencia de morea.

Entón D. Antón decatóuse de que tódolos peixes que por alí rebulían lle eran conocidos. As anguías eran as fillas do carnicheiro; o marraxo era o alcalde; o cóngaro era o crego; o mocarte e o pión os fillos do Nelo, o drogueiro; a chepa era o limpabotas,

na realidade xa algo cargado de hombreiros. As maragotas eran dúas solteironas de Lestedo, dúas vellas que non tiveran quen lles petara na porta por mixiriqueiras. Os pintos eran os fillos de Rubín, e aquela xulia, alá lonxe, parecía lle a súa filla Carme, co traxe que levara á festa dos mariños.

A D. Antón non lle deu tempo a fixarse noutras cousas, pois sentiu que o collían polo rabo pra lle mirá-las galadas.

—Esta é fresca e está gorda, así que vale prá conserva —dixo alguén.

Botárono nunha caixa que estaba nunha carreta e levárono prá fábrica; con el iban varios milleiros de sardiñas más. Cando chegaron á fábrica escabezáronas e metérónas no forno a cocer. De alí pasáronas á lata. Enlataron xuntos a don Antón e a dona Rosario, batendo lombo con lombo. «Así —coidaba don Antón— xa non lle teño que aguantar más berros». Pro trabucábase, dona Rosario berraba ainda más; parecía, así eu medre, unha gavota. «Agora é a nosa, Antoniño; outra cocedura nesta lata tan afogadiza non a aguantamos». Don Antón iba confortala cando empezou a sentir tanta fogaxe, que espertou.

Quedou parvo de ver que dona Rosario estaba de pé moi preocupada, preguntándolle ó menciñeiro (¡quén iba pensalo!) se a indixestión do seu home podía ser peligrosa.

—Ímoslle dar unha sangría —decía o menciñeiro—. E hastra cadra ben, que estamos en crecente.

VOCABULARIO

menciñeiro: *curandero*

antoxóu: *antojó*

santiaguiños: *especie de mariscos*

zamburiñas: *marisco bivalvo semejante a la vieira*

lagostras: *langostas*

centolas: *centollas*

lonxa: *lonja*

longaíanzas: *longanizas*

bandullo: *barriga*

cullerada: *cucharada*

queimuras: *ardores de estómago*

durmir: *dormir*

pesadelo: *pesadilla*

apaïolado: *atontado*

boi de francia: *buey de francia (marisco)*

cocas: *tenacillas que tienen las centollas y otros mariscos*

morea: *montón*
 xurelos: *jureles*
 castañetas: *palometas negras*
 ollomoles: *besugos del Cantábrico*
 zamborcas: *sábalos*
 melgacho: *lijas* (pez)
 papar: *comer*
 esquia: *quisquilla*
 peixe sapo: *rape*
 morea: *morena* (pez)
 angúias: *anguilas*
 cóngaro: *congrio*
 mocarte: *boquerón*

pión: *pejerrey*
 drogueiro: *droguero*
 chepa: *chopa*
 realidade: *realidad*
 mixiriqueiras: *personas remilgadas*
 xulia: *doncella* (pez de mar)
 mariños: *marinos*
 galadas: *agallas*
 escabezáronas: *las descabezaron*
 afogadiza: *ahogadiza*
 fogaxe: *calor sofocante*
 indigestión: *indigestión*
 crecente: *cuarto creciente*

DEMOSTRATIVOS (vede Gallego 1, pp. 92-93)

1. Formas

a) Formas do demostrativo				b) Contracóns coas preposicións en, de			
	MASC.	FEM.	NEUT.	MASC.	FEM.	NEUTRO	
I	SING. PLUR.	este estes	esta estas	esto	neste, dese nestes, destes	nesta, destas nestas, destas	nesto, desto
II	SING. PLUR.	ese eses	esa esas	eso	nese, dese neses, deses	nesa, desa nesas, desas	neso, deso
III	SING. PLUR.	aquel aqueles	aquela aqueñas	aquelo	naquel, daquel naqueles, daqueles	naquela, daquela naqueñas, daqueñas	naquelo, daquelo

c) Formas do demostrativo co indefinido outro			d) Contracóns coas preposicións en, de		
	MASC.	FEM.	MASC.	FEM.	
I	SING. PLUR.	estoutro estoutros	estoutra estoutras	nestoutro, destoutro nestoutros, destoutros	nestoutra, destoutra nestoutras, destoutras
II	SING. PLUR.	esoutro esoutros	esoutra esoutras	nesoutro, desoutro nesoutros, desoutros	nesoutra, desoutra nesoutras, desoutras
III	SING. PLUR.	aqueloutro aqueloutros	aqueloutra aqueloutras	naqueloutro, daqueloutro naqueloutros, daqueloutros	naqueloutra, daqueloutra naqueloutras, daqueloutras

2. Valor do demostrativo

- A) **Este, ese, aquel** teñen o mesmo valor ca en castelán. As formas masculinas e femeninas poden funcionar como adxetivos e sustantivos, as neutras sóio como sustantivos:

Este é o que dis ti «éste es el que dices tú».

Este libro «este libro».

Non fagas eso «no hagas eso».

Os tres presentan a relación espacial correspondente ós pronomes *eu*, *ti*, *el*, e poden chegar a indicar o momento en que acontece unha acción. Así, a forma **este** representa un período de tempo máis ou menos longo no presente ou un tempo próximo ó actual: *neste ano*, *neste día*, *esta noite* (= a pasada ou a vindoira).

- B) A forma **ese** indica obxectos que están perto da persoas que escoita: **ese libro**. Partindo deste uso chégase a unha especificación en expresións como *por eso*, *eso xa*, *eso sí*:

¿E non estás canso despóis de andar de troula toda a noite?

¡Eso xa! «¿Y no estás cansado después de andar de juerga toda la noche? ¡Hombre, claro!».

- C) Algúns demostrativos pódense usar sin expresá-lo termo de referencia, podendo ter neste caso a intención de non indicar algo conocido:

Nesta non che digo nada «en esta (carta) no te digo nada».

Se te libras desta non volvas «si te libras de ésta no vuelvas».

¿Fixeches eso? «¿hiciste eso?».

- D) As formas **estoutro**, **esoutro**, **aqueloutro** supoñen primariamente a escolha entre dous termos, sin que sexa preciso a mesma relación espacial (ou temporal) das formas simples **este**, **ese**, **aquel**:

Entre este e estoutro non hai escolla «entre éste y el otro no se puede escoger».

Se non queres esas, colle esoutras «si no quieres esas, coge las otras».

Non quero este, quero esoutro «no quiero éste, quiero ese otro».

Se non queres aquel, colle estoutro «si no quieres aquél, coge éste».

Moitas veces aparece sóio un termo, quedando o outro sin expresión lingüística:

Quero millor aqueloutra «quiero mejor aquella otra».

Estoutra é millor «ésta es mejor».

Estas formas corresponden a «este otro», «ese otro», «aquel otro», ou a «el otro» e van fundidas na escritura (**estoutro**, etc.), por ser unha palabra única, como demuestra o feito de que sóio tome plural o segundo elemento (**estoutros** e non **estes otros*).

NÓTESE

- a) **Aquel** ten moitas veces valor sustantivo, significando entón «gracia», «motive», «oportunidade», «xeito», etc.:

Ten moito aquel a rapaza «tiene mucha gracia la chica».

Co aquel da festa viñen todos «con motivo de la fiesta vienen todos».

O mesmo acontece co femenino **aquela**, que pode significar «coidado», «desgracia», «interés», «deseuto», etc.:

Crióu o fillo con moita aquela «crió el hijo con mucha solicitud».

Non ten aquela ningunha «no tiene ninguna vergüenza».

A causa ten moita aquela «el asunto tiene mucha migia».

- b) A contracción **daquela** equivale moitas veces ó adverbio «entón»:

Daquela empezaba a traballar «entonces empezaba a trabajar».

Tamén é frecuente o seu uso como conxunción:

Daquela non cho digo «por lo tanto no te lo digo».

- c) As contracciones **nesto**, **nestas**, e tamén **con estas**, pódense usar adverbialmente, co significado de «entón», «ó momento de acontecer», «estando neso»:

Nesto sacan de navalla «en esto sacan de navaja».

Nestas entróu o irmán «en este momento entró el hermano».

3. Colocación dos demostrativos

Polo regular van sempre diante do sustantivo, pro colócanse despóis cando comenza a frase cun exclamativo:

¡Qué rapaz aquel! «¡qué chico aquél!».

EXERCICIOS

- I. Indica os demostrativos que aparecen nas lecturas 10, 11 e 12.
- II. Cambea o guión pola forma do demostrativo *este* que corresponda:
 1. — máquina escribe moi ben.
 2. — mazás saben millor ca — outras.
 3. Vin en — autobús porque non collín aqueloutro.
 4. — é o rapaz de quen falabas e — é súa irmá.
 5. De — non te libras tan doadamente.
 6. Con — hai que ter moito coidado.
 7. Estando en — viron chegá-lo tren.
 8. — cambios de tempo non che me prestan nada.
 9. Vou millor en — outro.
 10. Hasme pagar — traballo.
 11. Despois de — non tes nada que facer.
 12. En — mes haberá moita auga.
- III. Nos exercicios anteriores cambea, sempre que sexa posible, o guión polas formas correspondentes do demostrativo *ese*.
- IV. Nos exercicios anteriores cambea, sempre que sexa posible, o guión polas formas correspondentes do demostrativo *aquel*.
- V. Traduce ó castelán a lectura.
- VI. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.

VII. Versión ó galego:

1. De eso no me acuerdo.
2. Hace muchos años que pasó eso.
3. Era ya casi noche cerrada cuando le llegó aquella noticia.
4. Tiene mucha gracia.
5. Esto le sucedió a un vecino de esta aldea.
6. De esta manera llegó hasta la casa.
7. Desde entonces no se atrevió a salir de noche.
8. En aquel tiempo había mucha pesca en el mar.
9. Estando en esto el médico se quedó dormido.
10. No me des ese lápiz, quiero el otro.
11. Me gustan más estos libros que aquellos otros.
12. Si no te decides por éas, coge las otras.

VIII. Conversa:

- ¿Por qué fai festa D. Antón o 17 de Xaneiro?
 ¿A quién convidóu?
 ¿Qué comeron ese día?
 ¿Por qué non tiveron vieiras, lagostras e centolas?
 ¿Qué pasó despóis de comer?
 ¿Qué soñó pola noite D. Antón?
 ¿Quén estaba convertido nun melgacho?
 ¿Qué lle pasaba a D. Antón na lonxa?
 ¿Qué viu D. Antón ó espertar?

TESTO LITERARIO

Pedro non pegó ollo, e canso de bulir nas sabas erguéuse do leito e botouse polas rúas adiante. Sin procura-lo chegou ó Berbés no intre en que o día loita coa noite.

Os faroles municipales, choscos de sono, alumean áinda. Nas motoras atracadas brillan os peixes de prata¹. As mulleres arreigadas², van e veñen patuxando³ cos pés descalzos na lama gris

e marulleira⁴. Na lonxa hai un bruído⁵ abrouxador⁶; chíos⁷ de mulleres e orneos⁸ de homes; as voces dos vendedores parece que contan o tempo ó revés: ¡doce!, ¡once!, ¡dez!, ¡nove!, ¡oito!... Pasan en caixóns os peixes a centos, a milleiros, a millóns. Siguen atracando novas motoras, acuguladas de peixes grandes coma arroaces. Algúns peixes traen ollos brillantes e redondos coma lúas cheas. Os mariñeiros veñen con barbas de quince días, cos ollos adoecidos de sono, semellantes a náufragos. Os faroliños dos barcos bambéanse⁹ á randeeira¹⁰. E no borde do peirao¹¹ hai unha rapaciña chuchada¹² pola fame, cunha caldeireta nas mans, pregando sin acougo:

—Mariñeiros de bo corazón: ¡Botademe un peixe!

Nas grandes casas de acolá enriba dormen, enxoitas, as xentes de terra.

Aquel antícpio da realidade americá foi unha pedrada na concencia do malpocado emigrante, que liscóu¹³ do Berbés pra enzoufarse¹⁴ nas regalías do almorzo.

Cando daban as once da mañá o trasatlántico recibía no bandum a Pedro talmente coma unha balea¹⁵ pode engulir¹⁶ un xurelo.

Castelao, *Os dous de sempre*
 Ed. Galaxia, Vigo 1967, pp. 208-209

NOTAS

¹	plata	⁹	bambolean
²	arremangadas	¹⁰	columpio
³	chapoteando	¹¹	embarcadero
⁴	removida, agitada	¹²	chupada
⁵	ruido, griterío	¹³	se largó, se marchó
⁶	ensordecedor, que aturde	¹⁴	embadurnarse
⁷	chillidos	¹⁵	ballena
⁸	rebuznos, gritos	¹⁶	engullir, tragiar

LECTURA

Unha tertulia

Aquela noite toda a familia dos Soutos estaba xunta no cuarto de estar, coa calefacción acesa e un braseiro debaixo da mesa. Era



unha dasas noites de inverno en que se pechan portas e poxigos pra non deixar entrá-lo frío e máilo vento. O Enrique falaba da súa vida en Santiago:

—...E todo está moi cambiado. Se ti, papá, tiveses que volver aló outra vez, non atoparías moitas cousas das que había antes.

—Éche ben certo eso —dixo D. Antón. Non tes más ca mirar cómo cambiou esta aldea. E se cambian as aldeas, ¿qué será nas ciudades?

—E non vai ser así? —falou o abó—. Cando eu era rapaz coma o Enrique, Vilanova de Ribarteme era unha aldeña perdida nas montañas. No inverno quedabamos case sin posibilidade de comunicación

coas outras aldeas. E non era o frío ou a neve. Estaban tamén os lobos, que chegaban mesmo ás casas nos meses de invernía. Hoxe hai moi poucos e xa non se sinte falar deles decote, coma antes.

—Pois nos diarios lese, ás veces, algunha cousa dos lobos —dixo Enrique—. Chegan a atacar mesmo ós homes.

—É verdade, Enrique, anque eso non o fan máis ca cando andan moi esfameados. Pola fame arríscanse tamén a chegar ás casas, cousa que non fan cando teñen comida dabondo nos montes. Acórdome eu de cando un veciño desta aldea... Pro ó millor non queredes escoitá-las historias deste vello...

—Conte, conte, aboño —decía Lelo cos ollos abertos, mentres arrechegaba o seu tallo hastra se poñer entre as pernas do tío Pepe.

O vello sorriu; pasou a man pola cabeza do neno e, mirando pra el, comenzou a falar.

—Esto foi hai non sei cantos anos xa... Era eu entón un pouco meirande ca Lelo. Xurxo da Pena, que morréu hai uns anos, tiña a moza noutra parroquia. Estaban pra casar e Xurxo, que era un home moi arriscado, non quería deixar pasar aquel día sin ir botar unhas parrafadas con ela. Era, más ou menos, esta época. Marchou de día; aínda que non chovía, víanse unhas nubes moi mouras no ceo. Botou alá moito tempo, facendo plans pró casamento e cando quixo voltar a Vilanova, era case noite pecha. O pai da rapaza díxolle que quedase a durmir alá, que non conviña andar de noite por aqueles montes.

O Xurxo, que xa vos dixen que era moi arriscado, botouse a rir. Non había más dunha legua polo atallo e el era un home feito. Déronlle un facho por se marchaba a lúa, e saíu cantando polo camiño de Vilanova. Non levaría andado máis dun quilómetro cando as nubes taparon a lúa. Pro el conocía ben o carreiro aquel e tirou pra diante coma se nada. Ó pouco tempo, deuse conta que andaban ás carreiras pola beira do camiño. Entre os

toxos víanse puntiños relucentes. Xurxo sentiu que os pelos se lle alporizaban. ¡Eran os lobos! Quixo encendé-lo facho, mais os nervios non lle deixaban atinar ben. Tiña oído moitas veces que os lobos, cando traballan á xente, empezan por lle meter medo, con que decidíu non lles facer caso. Ún deles chegou a zorregarlle nas pernas co rabo. Xurxo, callado de medo, iba facendo o que podía pra manté-la tranquilidade. Daba berros pra que non se lle achegasen e desta maneira veu dar ó pé dun carballo que había cabo do camiño e agatuñóu por el arriba. Cando os homes de Vilanova saíron pola mañanciña con escopetas e cans pra buscalo, atopárono na mesma arbre, arrepiado. Os lobos estiveran alí debaixo toda a noite oubreando e rabuñando no toro do carballo. Tardou meses en poñerse ben. Envelentou más de vinte anos dun golpe. E desde aquela non se atrevéu nunca máis a saír da casa polas noites.

O Lelo fórase metendo cada vez más entre as pernas do abó. Cando o tío Pepe acabou o conto, o picariño tiña os ollos moi abertos e, desde onde estaba acurruchado, dixo:

—Enrique, ¿déixasme durmir contigo esta noite?

E Enrique, chiscándolle o ollo a dona Rosario, respondéu:

—Claro, Lelo, ven durmir comigo e así quítasme o medo.

VOCABULARIO

poxigos: hojas superiores de una puerta
esfameados: hambrientos

arríscanse: se arriesgan

tallo: tajuelo, banco

reluentes: relucientes, brillantes

alporizaban: erizaban

agatuñóu: trepó

arrepiado: horripilado, con miedo

toro: tronco del árbol, tuero

POSESIVOS (vede Gallego 1, pp. 100-101)

1. Formas

PERSOA	SINGULAR		PLURAL	
	MASCULINO	FEMENINO	MASCULINO	FEMENINO
1. ^a	meu	miña	meus	miñas
2. ^a	teu	túa	teus	túas
3. ^a	seu	súa	seus	súas
1. ^a	noso	nosa	nosos	nosas
2. ^a	voso	vosa	vosos	vosas
3. ^a	seu	súa	seus	súas

Os posesivos poden ser, como en castelán, pronomes ou adxetivos, pro teñen sempre a mesma forma, xa que non esisten formas átonas en galego:

A miña casa; a miña «mi casa; la mía».

A túa casa; a túa «tu casa; la tuyá».

Cando non se trata das formas que se refiren a *eu, ti, nós, vós*, temos sóio como posesivo a forma **seu**, **súa** e desta maneira pódese chegar a confusións:

O seu libro «su libro (de él, de ella, de ellos, de ellas, de usted, de ustedes)».

Pra evitar estas confusións empréganse máis frecuentemente as formas analíticas: **del** «suyo de él», **dela** «suyo de ella», **deles** «suyo de ellos», **delas** «suyo de ellas», **de vostede** «de usted», **de vostedes** «de ustedes»:

Collín a carta del «cogí su carta».

A dela non me convence «la suya no me convence».

2. Uso

- A) Xa dixemos ó falar do artigo que o posesivo esixe o uso do artigo determinado, fóra dos casos en que vai con nomes de parentesco ou en vocativo:

Miña casiña, meu lar «mi casita, mi hogar».

O meu can e a miña cadela «mi perro y mi perra».

Onte chegou meu irmán «ayer llegó mi hermano».

- B) Ás veces pode ter valores especiales:

- a) Pode indicar familiaridade (as formas de 1.^a persoa):

¿Qué conta o meu amigo? «¿qué cuenta mi amigo?».

- b) Pode equivaler a unha expresión indefinida:

Cíbrán tenche os seus cincuenta anos «Cipriano tiene unos cincuenta años».

- c) Tamén pode significar unha cousa habitual:

Deulle a súa volta «le dio su mareo».

- d) Co posesivo conócense algunas locucións, como *os meus* «los míos» (no sentido de «a miña familia»), *facer das súas* «hacer de las suyas», *o que ten de comer de seu* «el que tiene medios propios para comer», *xa nunca máis volve a seu* «ya nunca más vuelve a su sitio».

Son propias da fala popular expresións como *viña detrás miña* (por *viña detrás de mí*), *iba diante nosa* (por *iba diante de nós*), *un tío de meu que marchou pra Suiza* (por *un tío meu*).

3. Colocación do posesivo

Xeralmente vai colocado antes do sustantivo:

Miña nai «mi madre».

O meu libro «mi libro».

Pro hai algúns casos en que se pospón. Son os seguintes:

- A) Cando o sustantivo vai precedido dun interrogativo ou dun indefinido:

Ningunha cousa túa ten valor «ninguna cosa tuya tiene valor».
¿De qué casa miña me falas? «¿de qué casa mía me hablas?».

- B) Cando o sustantivo vai acompañado da forma *un* do artigo ou dun demostrativo:

Estes fillos teus son uns lambóns «estos hijos tuyos son unos dragones».
É un amigo meu «es un amigo mío».

- C) Ás veces pospónse pra marcar algo con énfasis:

Foi culpa túa «fue culpa tuya».
É cousa miña «es cosa mía».

RELATIVOS (vede Gallego 1, pp. 109-110)

Pró relativo témo-las formas **que**, **quen** e **cal**. As dúas primeiras son invariables, **cal** ten o plural **cales**.

- A) O más usado dos relativos é **que**:

Os exercicios que fixemos «los ejercicios que hicimos».

O cadre que pintou «el cuadro que pintó».

A historia que che quero contar «la historia que quiero contarte».

Pode ir acompañado polo antecedente **o**, **a**, **os**, **as**:

O que hai que ver «lo que hay que ver».

Dixeronmo os que chegaron «me lo dijeron los que llegaron».

Tesme que dá-la que me dixeches «me tienes que dar la que me dijiste».

Con este relativo podemos formar expresións alleas ó castelán:
¡As que ela nos dixo! «¡cuántas nos dijo!».

- B) **Quen** é invariable e sóio se usa en **singular**. Ten máis uso na literatura, pois na fala hai tendencia a sustituilo por **que**. En galego **non esiste** o plural ***quenes**:

Quen llo dixo foi o crego «quien se lo dijo fue el cura».
Foi María quen chegou «fue María la que llegó».
Os rapaces con quen viñeches «los chicos con quienes viniste».

Ás veces pode ter un valor indefinido:

Non foi quen pra facelo «no fue capaz de hacerlo».

- C) **Cal** ten a forma de plural *cales* e pódese usar por *que* e *quen* cando hai posibilidade de confusión ou se quere evitá-la repetición de *que* e tamén cando o relativo vai lonxe do antecedente. Como relativo vai precedido do artigo e, fundamentalmente, ten uso literario:

A irmá do pintor de quen falabamos onte.
A irmá do pintor do / da cal falabamos onte.

Tamén se pode usar coa preposición e o artigo:

A casa na cal se reuniron «la casa en la cual se reunieron».
A vila pola cal pasaban «la ciudad por la cual pasaban».
A vila lonxe da cal se atopaban «la ciudad lejos de la cual se encontraban».

Non se emprega **cal** se o antecedente non vai expresado ou se a preposición non vai seguida do artigo:

Do que fixen xa vos diréi o resultado «de lo que hice ya os diré el resultado».
A rapaza de quen che faléi «la chica de quien te hablé».

Sin o artigo pode formar unha locución comparativa ou unha correlación:

Cal o pai, tal o fillo «cual el padre, tal el hijo».
Cóntame o asunto tal cal é «cuéntame el asunto tal cual es».

No galego medieval esistía unha forma **cujo**, que desaparecéu no galego moderno. Algúns escritores sustituíron actualmente esta forma polo castelanismo **cuyo**.

INTERROGATIVOS E ESCLAMATIVOS (vede Gallego I, pp. 109-110)

Como interrogativos e exclamativos empréganse **que** e **quen**. Este último leva **sempre** o verbo en singular, fóra do verbo **ser**, que pode ir en plural. **Cal/cales**, sin artigo, úsase sóio como interrogativo:

¡Qué nenazo! «¡qué niño tan crecido!».
¡Qué fixeches? «¿qué hiciste?».
¡Quén é? «¿quién es?».
¡Quén sodes? «¿quiénes sois?».
¡Quén mo dixera! «¡quién me lo dijera!».
¡Cál queres? «¿cuálquieres?».
¡Cáles foron? «¿cuáles fueron?».

Ás veces **que** pode ir seguido da preposición **de** e dun nome pra indicar grande cantidade:

¡Qué de homes! «¡cuántos hombres!».
¡Qué deles! «¡cuántos!».

Co mesmo valor pode ir acompañado do artigo:

¡O que eles lle dixerón! «¡cuánto le dijeron!».
¡As que lle fixeron! «¡cuántas le hicieron!».

Tamén pode ter valor case interxectivo:

¡Qué! ¡Fixéche-lo que che mandéi? «¡qué! ¿has hecho lo que te he mandado?».

A forma **cal** pode ir con preposicíons:

¿Con cal vas? «¿con cuál vas?».

¿Pra cal dis? «¿para cuál dices?».

EXERCICIOS

- I. Indica os posesivos que hai na lectura.
- II. Indica os relativos, interrogativos e exclamativos que hai na lectura.
- III. Cambea a palabra en cursiva polas que poñemos ó fin de cada frase, modificando esta.

Ex.: Vouvos contá-lo meu *conto* (dor).

Vouvos contá-la miña dor.

1. *Eu collín as miñas cousas* (ti)
(el)
(ela)
(nós)
(ti e más el)
(eles)
2. *Dixéronme que iba con seu irmán* (irmá)
(pais)
(amigas)
3. *O meu can pillóu unha mosca* (cadela)

4. *Pepiño corre coa súa bicicleta* (eu)
(ti)
(ti e Antón)
(Carme)
(eu e Suso)
5. *Chegou a vosa carta* (paquete)
(traxes)
(mozas)

- IV. Cambea o guión por un relativo, interrogativo ou exclamativo:

1. Tesme que mandá-la conta da — falamos.
2. ¿A — buscas?
3. ¡ — feitiño é o neno!
4. ¿Con — te quedas?
5. — o fixo que o volva a poñer como estaba.
6. Non sei — é.
7. — llo fixo foi o xastre.
8. A filla do home de — falabamos onte.
9. A rapaza da — che faléi.
10. As — viñeron onte son boas.
11. Dime por — te decides.
12. ¿ — fixeches co libro — che emprestéi?

- V. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.

- VI. Versión ó galego:

1. No me vengas haciendo de las tuyas.
2. ¿Qué me dices de sus palabras?
3. Vuestras flores son muy hermosas.
4. Tenemos que pintar nuestra casa para que se parezca a la tuya.
5. No cuentes nada de lo que te dije, pues no quiero que se enfade mi hermano.

6. ¡Cuántas nos hizo ese holgazán!
7. El que quiera, que venga con nosotros a jugar a mi jardín.
8. ¿Quiénes fueron ayer a ver la película?
9. ¿A cuál de las dos te refieres?
10. Cuéntame las cosas tales cuales son.
11. Ayer llegó mi padre, hoy llegarán mis amigos y mañana llegarán sus cuñados.
12. ¿Quiénes van ahora a la Universidad?
13. Por tu culpa no puedo marcharme.
14. Las chicas con las que salisteis me han dado recuerdos para vosotros.
15. ¡Cuántos niños había en la escuela!

VII. Traduce ó castelán a lectura.

VIII. Conversa:

¿Qué facían aquela noite na casa dos Soutos?

¿De qué falaba Enrique?

¿Cáondo di o abó que os lobos se arriscan a chegar hasta as casas?

¿A qué foi Xurxo á outra parroquia?

¿Qué fan os lobos cando queren atacá-la xente?

¿Qué fixo Xurxo pra escapar dos lobos?

¿Quén encontróu a Xurxo ó día seguinte?

¿Qué fai Lelo ó acabá-lo conto?

IX. Esplica os seguintes refráns:

1. En terra de lobos hai que oubear coma todos.
2. Nunca un lobo come a outro.
3. O lobo farto de carne metéuse frade.
4. Non sóio o lobo come carne crúa.
5. Toda carne come o lobo, menos a súa, que a lambe.
6. O lobo e o raposo non son bos compañoiros.

TESTOS LITERARIOS

ÚN DE LOBOS

—¿E non reparaches se no momento se che arrepuñou¹ o cabelo?

—Non reparéi en nada, ho.

—¿E non che quitóu a fala?

—Nin o sei. Como non tiña nada que falar...

—¡Tan bo día² que non te embazara!³

—¡Tan bo día!

Tres anos levaba xa o Estebo Queixelao de caseiro alí, naqueles eidos tan desapartados⁴, e nunca lle pasara cousa semellante. Certo que aquel xaneiro fora de moita invernía e a neve durara máis do debido. Pro el procedía da serra, onde a neve duraba por veces un mes ou dous, e non embargantes⁵ nunca lle tiña pasado interquenencia⁶ tan amolada. Tiña visto polo monte, sí, algunas pegadas⁷, e unha mañá, ó raiá-lo día, parecéulle albiscar⁸ de lonxe tres bultos de lobo que fuxían serra enriba.

—Os lobos baixan cando teñen fame, eso ben o sei. Pro unha cousa é baixar e outra facerlle cara a un home —dixo o Estebo.

—Xa non será o primeiro que coman.

—Pois inda tería que rillar⁹ ...ó lobo gústalle a carne máis mol¹⁰.

—Gustará... Ti tiveches sorte, dígocho eu.

M. Casado Nieto, *Contos que non son contos*

Ed. Castrellos, Vigo 1969, pp. 35-36

NOTAS

¹ erizó

⁵ sin embargo

² ¡qué suerte!

⁶ obstáculo, molestia, inconveniente

³ dícese porque cuando el lobo echa

⁷ pisadas

el aliento (abafa) a una persona la

⁸ vislumbrar, divisar

deja paralizada como por encanta-

⁹ roer

miento

¹⁰ blanda

⁴ apartados

EIDOS SOIOS

I

¡Cousos¹ do lobo! ¡Caborcos² do xabarín!

II

¡Eidos soios, onde ninguén foi nin ha de ir!...

III

—¡O lobo! ¡Os ollos,
o lombo do lobo!...

IV

Baixa o lobo polo ollo do bosco
coma un sono...

movendo nas flairas³ dos teixos⁴
ruxindo⁵ nas follas dos carreiros
en busca de vaguada máis soia
e más medosa⁶...

Rastrexas... rastrexas...
párase e venta...

finca⁷ a pouta⁸, ergue a testa e oula⁹ cara ó ceo
con toda a sombra da noite na boca...

E. Novoneyra, *Os eidos*

Ed. Galaxia, Vigo 1955, pp. 107-108

NOTAS

¹ trampas; sitios a propósito para
correr y hacer cacería

² lugares hondos, oscuros y propicios
al miedo

³ ramas pequeñas con hojas
tejos

⁵ haciendo crujir

⁶ que infunde temor

⁷ hinca, apoya

⁸ garra

⁹ aúlla

LECTURA

A chegada da primaveira

Aquel día na escola tódolos rapaces estaban feitos uns remexos,
non tiñan parada.

—Lelo, ¿queres acougar? ¿Qué lle estás facendo a Susiño de
Rego? —dixolle a maestra.

—É que me arreóu un
couce por debaixo da mesa
—foi a resposta.

—Non é certo, profesora,
é un mentireiro —dixo
Susiño.

—Calade! Debedes ter
xuicio. A ver ti, Rosiña,
¿qué día é hoxe?

—Pois é o vinteún de
marzo.

—¿E ti sabes qué quere
decir o vinteún de marzo?

—É o comenzo da pri-
maveira —dixo Lelo, antes
de que os outros poideran
responder algunha cousa.

—Lelo, contesta cando che preguntan —dixolle a maestra—.
Té-la lingua moi lixeira pró que non debes. Xa que queres falar



dinos cáles son as cousas que más che gustan da primaveira.

—Pois a min son os niños dos paxaros, e sei de moitos. Miliño de Freixo e más eu imos sempre ós niños polo monte. Os niños que más me gustan son os de carrizo e tamén os de víchelocrego; os de rula son moi raros e este paxaro é moi asañadizo: cando ve que lle van dúas ou tres veces ó niño xa o deixa quedar. Eu sei de varios niños asañados.

—¿E ti sabes cando se casan os paxaros?

—Pola Candeloria, no mes de febreiro. Entón empézanse a ver ás moreas. O más bonito de todos é a bubela, que ten unha carapucha moi churrusqueira na cabeza. ¡Se non cheirase tanto! O más feo é o corvo e tampouco me gustan o estorniño e o melro. Os que se ven menos son os picafollas e as papuxas. En cambio, os chascos, os pimpíns e os pardales andan más pola nosa aldea.

—A ver, Miliño, ¿cál é o paxaro que pon os ovos más bonitos?

—Eu coido que é o escribidor, que os ten todos dibuxados —dixo Miliño.

—¿E os paxaros que millor cantan?

—Deben sé-lo canario e o xílgaro. Tamén cantan moi ben a laberca, a cotovía e o malvís; e o melro parece que asubía.

—Profesora —preguntou Mercedes de Avelino— ¿é certo que os cucos poñen os ovos nos niños dos outros paxaros?

—Claro que é certo —dijo Lelo— e despóis, cando nacen os paxaros, o cuco bota fóra os outros paxariños pra ter el más comida.

—Moi ben, Lelo, pro agora que me diga outro qué paxaro é o que pon más ovos.

—Pois élle o paspallás —dijo Susiño de Rego—, que fai o niño no medio do centeo ou do trigo; disque chega a poñer hastra doce ou catorce ovos.

—Vaia, vexo que sabedes moito de paxaros —falou a maestra— e tamén conoceredes os lagarteiros e os miñatos, que tanto medo lles poñen ás galíñas e ás pombas, e tamén oiríades falar

das aguias e dos boutres. Pro agora abonda de paxaros. ¿A quién lle gustan de vós as froles?

—A min —dijo Finiña da Pirucha—. Eu teño moitas na miña casa. Polo inverno non as deixamos fóra, porque se poden estragar coa xeada. Por eso gardámolo a semente e as cebolas hastra que se vai achegando a primaveira.

—¿E vos fixáchedesvos na mistura de cores que ten a paisaxe na primaveira? —dijo a maestra—. Os campos están cheos de margaridas e de herba; stalotes e chuchameles hainos hastra na porta da escola; as arbres dan en botar froles, primeiro as cereiras, despóis as sorbeiras, as pavieiras, as laranxeiras... ¡qué sei eu! Tamén lles toca a vez ás prantás: ós caraveles, ás rosas, ós pensamentos, ás mimosas, ás amoroteiras; hastra os toxos se cobren de chorima e as carpazas de rubela. E qué ben arrecende a farma dos piñeiros. Agora todo está verde; o ceo, cando non chove, está azul; se hai nubes, son brancas ou cincentas; as froles son azules, brancas, amarelas, rubias, violetas...

VOCABULARIO

remexos: *revoltosos*

mentireiro: *mentiroso*

ligeira: *ligera, ágil*

víchelocrego: *orpéndola*

asañadizo: *se dice del pájaro que abandona el nido cuando nota que anduvieron en él*

asañados: *abandonados* (*se dice de los nidos*)

bubela: *abubilla*

carapucha: *caperuza*

churrusqueira: *graciosa, donaireosa*

estorniño: *estornino*

picafollas: *especie de reyezuelos, paros*

papuxas: *currucas*

chascos: *collalbas*

pimpíns: *pinzones*

pardales: *gorriones*

escribidor: *escribano*

dibuxados: *dibujados*

xílgaro: *jilguero*

laberca: *alondra, calandria*

cotovía: *alondra crestada*

lagarteiros: *cernícalos*

miñatos: *milanos*

pombas: *palomas*

aguias: *águilas*

boutres: *buitres*

estragar: *estroppear*

margaridas: *margaritas*

estalotes: *flores de la digital*

chuchameles: *chupameles*

sorbeiras: *serbales*

pavieiras: *pavías*

laranxeiras: *narajos*

caraveles: *claveles*
amoroteiras: *fresas silvestres*
chorima: *flor del tejo*
carpazas: *especies de brezos rastreiros*

rubela: *flor de la «carpaza»*
farna: *polen*
cincuentas: *cenicientas*
rubias: *rojas*

INDEFINIDOS (vede Gallego 1, p. 110)

Nos indefinidos temos unha serie de formas invariables e outra de formas variables.

As invariables son:

algúen «alguien»	calquera «cualquiera»
ninguén «nadie»	cadaquén «cada uno, cada cual»
algo	quenquera «quienquiera»
nada	máis «demás, demasiado»
todo (colectivo)	menos
cada	demás «demás»

As variables son:

algún, algunha, algunos, algunas
ningún, ningunha, ningúns, ningunhas
todo, toda, todos, todas
outro, outra, otros, otras
certo, certa, certos, certas
un, unha, uns, unhas
moito, moita, moitos, moitas
pouco, pouca, poucos, poucas
outro, outra, otros, otras
varios, varias
ambos, ambas
mesmo, misma, mesmos, mesmas
propio, propia, propios, propias
canto, canta, cantos, cantas
tal, tales
tanto, tanta, tantos, tantas
demasiado, demasiada, demasiados, demasiadas

As formas invariables funcionan como pronomes; as variables, así como **cada**, **demás**, **máis** e **menos**, funcionan como pronomes e adjetivos. Neste último caso as formas variables teñen flesión de xénero ou número. As formas **ningún**, **ninguén** antepostas dispensan o uso de **non**:

*Non veu ninguén «no vino nadie» / Ninguén veu «nadie vino».
Ningún traballo me convencéu «ningún trabajo me convenció»/
Non me convencéu ningún traballo.*

Xa vimos na lección 12 que **outro** se xunta ós demostrativos: *estoutro, esoutro, aqueloutro*. Este indefinido pode estar en correlación con **ún**:

*Ún viña, o outro non «uno venía, el otro no».
Ún dáballe, outro berráballe «uno le daba, otro le reñía».*

Algúns teñen carácter cuantitativo: **pouco**, **moito**, **demasiado**. Empregados na forma masculina de singular, poden indicar unha cantidade indeterminada de algunha cousa e achéganse ós adverbios de cantidade.

Canto, ademáis de cuantitativo, é relativo, interrogativo ou exclamativo:

*Collín cantas quixen «cogí las que quise».
¿Cánto é? «¿cuánto es?».*

Tanto, ademáis de cuantitativo, é demostrativo:

Tanto tes, tanto vales «tanto tienes, tanto vales».

Calquera é invariable e non se apocopa diante do sustantivo:

*Calquera o pode saber «cualquiera lo puede saber».
Calquera día destes «cualquier día de estos».*

Ambos e **ambas** pódense usar como pronomes e adjetivos.

Se van como adjetivos, entón o sustantivo vai precedido do artigo determinado, dun posesivo ou dun demostrativo:

*Foron ámbolos fillos «fueron ambos hijos».
Viñeron ámbalas súas irmás «vinieron sus dos hermanas».*

Tradicional é **ambos e dous** «ambos».

Este indefinido non conoce singular e tampouco o teñen **varios, demáis e más**, que se utilizan como adjetivos ou pronomes; **máis** co artigo ten o valor de «a maior parte»:

Os demáis non quixeron vir «los demás no quisieron venir».

As demáis faltaron «las demás faltaron».

Os más / as más alporizáronse «la mayor parte se irritó».

Mesmo pode reforzar os pronomes persoais, concertando con eles en xénero e número, e pode ser adverbio. O femenino **mesma** precedido da contracción **na** (= *en a*) significa «o mesmo, da mesma maneira»:

Eu mesmo, nós mesmos «yo mismo, nosotros mismos».

Continúa na mesma «continúa en lo mismo».

Os mesmos peixes «los mismos peces».

Cada é invariable e sóio se usa en singular acompañando a **ún, unha, cal** ou a **sustantivos**:

Cada cousa a seu tempo «cada cosa a su tiempo».

Cada ún é cada ún «cada uno es cada uno».

Pódese usar en frases exclamativas pra reforzá-la idea de asombro:

¡Ten cada cousa! «¡tiene cada cosa!».

Tal, co plural **tales**, ten as mesmas funcións ca en castelán e pode ser pronomé ou adjetivo, chegando a té-lo sentido de **certo, así, aquello...**:

Estaba allí un tal Antón «estaba allí un tal Antonio».

Nunca vin tal cousa «nunca vi tal cosa».

Tales homes non os atopas «tales hombres no los encuentras».

Todo funciona como pronomé ou adjetivo:

Viñeron todas «vinieron todas».

¿Qué queres? Quero todo «¿qué quieres? Quiero todo».

Todo eso xa llo pedín «todo eso ya se lo pedí».

Todas estas cousas «todas estas cosas».

Xa sabemos que o plural esixe a forma **lo** do artigo:

Tódolos libros están na mesa «todos los libros están en la mesa».

Os cuantitativos **pouco** e **tanto**, precedidos dun indefinido, poden ir seguidos da preposición **de** e un **sustantivo** con certo matiz partitivo:

Un pouco de queixo «un poco de queso».

Unha pouca de auga «un poco de agua».

EXERCICIOS

- I. Indica os indefinidos que aparecen na lectura.
- II. Cambea o guión polo indefinido que corresponda:

1. Non atopéi a — no camiño.
2. — o pode comprender.
3. — me dixo que te vira.
4. Falou de darme o — e o —.
5. Mércame — roupa.
6. Os — deles non sabían —.
7. O — día coméu — o pan.
8. — deles tiñan un —xeito pra bailar.
9. Anda sempre cos — zapatos.
10. Non quero que o afagas a — lambetadas.
11. — que sexa non o deixes pasar.
12. Volve a estar na —.
13. — más ten facer esto ca non facer —.
14. Os — quedaron na festa.
15. — ten as súas mañas.

- III. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
 IV. Versión ó galego:

1. La mayor parte de ellos se cansó de esperar.
2. Marcharon ambos con todos los demás.
3. Nadie sabe nada acerca de las flores del campo.
4. En otros tiempos no había tantos problemas.
5. Cualquiera puede pensar lo mismo.
6. Dame un poco de agua y un poco de pan.
7. Cada uno tiene bastante con su trabajo.
8. Son demasiadas palabras para tan pocos hechos.
9. Ambos estaban enfadados, pero ninguno quería que los demás se enterasen.
10. No me dijo nada de las muchas cosas que le habían ocurrido.
11. Guárdate de decir tales palabras.
12. Cada cual dice lo que siente.

- V. Traduce ó castelán a lectura.

- VI. Conversa:

¿Qué cousas lle gustan a Lelo na primaveira?
 ¿Qué fan as rulas cando lles andan nos niños?
 ¿Qué paxaros lle gustan a Lelo e cáles non lle gustan?
 ¿Qué paxaros son os que millor cantan?
 ¿Qué fan os cucos nos niños dos outros paxaros?
 ¿Por qué non se deixan fóra as froles no inverno?
 ¿Cómo está o ceo na primaveira?
 ¿Cómo son as froles?

TESTOS LITERARIOS

Corría o ano de mil oitocentos sesenta e seis: era unha mañá de maio; empezaba a esclarecer, e ladrando os cans nas eiras, daban a xente¹ que pasaba polas congostras²; cantaban xa o

millangarrido³, a bubela e o cuco nas carballeiras, o melro e o reisefñor nos salgueirales⁴, o paspallás entre os centeos, e os xílgaros e carricíños, os chincheiros⁵ e siríns⁶ desfácianse nos eidos mirando cada ún pró seu amor, que alí os oviños no níxaro⁷ empolaba⁸, e adozando⁹ todos en concerto vario, traballos preludio de maternidade. Era o día vintesete, día da romaría no Pico-Sagro... subindo por aquel monte cuberto de carrouchiñas¹⁰ frolidas, queiroas¹¹ e recedentes¹² tomelos¹³, acudían de moitos ladlos, por diferentes carreiros, devotos que iban visitar ó santo San Sebastián, algúns hastra con ofrendas.

M. Valladares, *Maxina ou a filla espúrea*

Ed. Galaxia, Vigo 1970, pp. 111-112

NOTAS

¹	indicaban la presencia de gente	⁷	forma dialectal por «niño»
²	caminos angostos de carro	⁸	castellanismo por «chocabá»
³	oropéndola	⁹	endulzando
⁴	salcedas	¹⁰	éricas, brezos
⁵	pinzones	¹¹	variedad de brezo
⁶	nombre dialectal de pájaro cuya correspondencia castellana desconocemos	¹²	aromáticos, fragantes
		¹³	tomillos

A CÁNTIGA DO CUCO

Canta o cuco... cala e canta
 nos castiñeiros do vale...
 Pasa o tempo e non dí nada...
 e torna o cuco a cantar...


Novoneyra, *Os Eidos*

Ed. Galaxia, Vigo 1955, p. 113

LECTURA

Pesca de río

Cando o abó saíu da casa pra ir pescar pensou que sería millor empezar na Pena da Moura pra collé-lo río cara arriba e aproveitar ben as botas do lado de acó, máis sombrizas. Xa no río, sentado nunha pena, desatou os tacos da canaveira e empatóu-



nos. Á punteira metéulle unha tanza duns cinco metros pra afalazá-las botas do outro lado. Na sedela encabou un anzó con dous chumbos e triscou cos dentes o cacho que sobraba pra poder

poñer sin entretollos unha miñoca. Recolléu o carrete, o bote das miñocas, a caixa dos chumbos e dos anzós e gardou todo nos petos. Despóis de asentar ben o cesto ás costas fixo o primeiro lance. A hora non era moi boa pra empezar, coidou el, porque tamén as troitas dormen polo día e aínda máis con tanto sol, pro el non poido madrugar pois pasara boa parte da noite pescando na presa do machuco. Andivera ás anguiás: pillara tres coma tres lobos e eso que non poidera atopar de cebo máis ca unhas lesmas, porque Lelo non lle fora quen a pillar ras. Aproveitando a ocasión puxera tamén ameixóns pola beira do río e collera unha troita de dous quilos. Era unha noite quente e ó tío Pepe gustáballe buscá-las beiras ós gardarríos. Non é que el usase outros métodos prohibidos, pro eso de ir pescar de noite ó acudado tiña o seu aquél. Tampouco é que non soubese envenenar un regato con herba das troitas, ou redá-lo río, ou tirar unha botella de carburo nun pozo; pro eso parecíalle que non estaba ben, pois morría toda a cría nova.

Matinando nestas cousas, botando aquí e alí, fumando pipa tras pipa, ó tío Pepe empezoulle a pesar algo o cesto; mirou pra el e viu que xa tiña cerca dunha ducia de troitas, aínda que algunha era pouco máis ca un cabezolo, pro daba a medida. Pola outra banda do río viña outro troiteiro cunha canaveira de carrete. Pro o tío Pepe coidou que non lle estragaría o río, porque o outro non podería pasar da Pena do Boi. Á media tarde chegou ó Muíño Grande, un muíño vello, cheo de teas de araña, que vertía a fariña toda no tremiñado. Estaba moendo Moncho de Lorenzo e o tío Pepe, pasando a pontella do cubo, foi botar un pito con el.

—¿Qué? ¿Ves polo cocedoiro?

—Non, véñolle levantar ó muíño unha pouca de fariña que teño aquí prós animais.

—Aínda che moe ben. Case che moéu tres ferrados de centeo na peza.

—Ho, xa lle vin deitar onte pola noite, áinda que non lle deixei moita engrada. O río non lle leva agora moita auga, proben lle chegaba se o cubo e máila cal non a verteran. ¿E non ve? O muíño ten falta dunha boa pica.

—O que tedes é que retellalo, que por riba deben de entrar lirios e ratos a moreas.

—Tanto dá. Áinda non hai un ano que o carpinteiro lle botou unha moega nova e unhas penas ó rodicio e xa ve como está: todo feito unha trampa. E vostede ¿qué? ¿leva prá merenda?: troitas hainas.

—Algunha vaina habendo, pro somos moitos a andar no río e áinda que a maior parte non pesque gran cousa, hoxe unha, mañá outra... imos co río medio valdeiro. Antes vía-los troiteiros cunha ou dúas ganchadas de troitas e hoxe o que se leva ben o come o gato.

—Bo, vostede áinda as vai entendendo. O ano pasado, cando eu rematé a casa e din un albaroque de troitas, pillónunas todas vostede. E comemos a fartar todos. Eu, no seu canto, dedicábame ó reo. O outro día levaba tres o muiñeiro de Pedrapartida que botaron sete quilos.

—Xa, pro hastra aquí non chega, desque fixeron a presa do Miñoto.

O tío Pepe despedíuse do veciño e foi ver se se facía cuns saltóns por se caía algo máis no relo das aceas de Xora.

Contra a noite colléu unha troita grande. Xebróuna das outras e metéulle un ramallo pola galada pra lla dar a Lelo. Este estaba con seus irmáns e con Margarida de Acevedo bañándose no pozo do batán, abaxo das fervenzas. Berroulles que andivesen prá casa.

—¿E qué milagro por aquí, Margarida?

—Pois vinlle deitar ó muíño do albeiro e, como teño que levar unhas cuncas de fariña prás papas e non tiña cousa millor que

facer, fixen coma os seus netos, que me meteron cobiza. Agora voulle fresquiña. E a vostede non o colléu o sol pola ribeira...

E falando desto e máis do outro subiron polos prados. O tío Pepe víñalle á memoria aquello de «home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro», pro ós seus anos el xa tiña o palleiro feito.

VOCABULARIO

botas: *lugares propicios para pescar*

sombrizas: *sombrias*

canaveira: *caña de pescar*

empatónicos: *los unió*

tanza: *sedal*

afalazá-las: *aprovecharlas*

sedela: *sedal*

encabou: *sujetó el anzuelo al sedal*

anzó: *anzuelo*

chumbos: *plomos*

triscou: *partió con los dientes haciendo ruido*

entretillos: *estorbos*

recolléu: *recogió*

machuco: *martinet*

ameixóns: *estacas con un sedal y anzuelo que se clavan en la orilla del río para pescar truchas*

buscá-las beiras: *buscar las cosquillas a alguien*

gardarríos: *guardarríos*

acoutado: *acotado*

regato: *río pequeño*

redá-lo río: *poner redes en el río*

cabezolo: *renacuajo*

troiteiro: *pescador de truchas*

muíño: *molino*

tremiñado: *espacio que hay alrededor de la muela del molino*

moendo: *moliendo*

pontella: *pontezaula*

cubo: *depósito de agua estancada para mouer un molino*

coceidoiro: *cantidad de harina con la que se hace el pan*

engrada: *pieza del molino harinero que regula el paso del grano*

cal: *canal*

pica: *acción y efecto de picar*

retellalo: *retelejarlo*

lirios: *ratas de agua*

moega: *tolva*

rodicio: *rodezno*

feito unha trampa: *fig. arruinado, en malas condiciones*

ganchadas: *conjunto de truchas ensartadas en un palo*

albaroque: *alboroque*

no seu canto: *en su lugar*

reo: *especie de trucha asalmonada*

relo: *acequia ancha del molino*

aceas: *aceñas*

fervenzas: *cascadas, saltos de agua*

albeiro: *molino que sólo muele trigo*

cobiza: *deseo, envidia*

NUMERALES (vede *Gallego I*, p. 111)

A) Cardinales

1	un, unha
2	dous, dúas
3	tres
4	catro
5	cinco
6	seis
7	sete
8	oito
9	nove
10	dez
11	once
12	doce
13	trece
14	catorce
15	quince
16	dazaseis
17	dazasete
18	dazaoto
19	dazanove
20	vinte
21	vinteún, -unha
22	vinterdous, -dúas
30	trinta
31	trinta e un
40	corenta
50	cincuenta
60	sesenta
70	setenta
80	oitenta
90	noventa
100	cen
200	douscentos/duascentas
300	trescentos, -as
400	catrocentos, -as
500	cincocentos, -as
600	sciscentos, -as
700	setecentos, -as
800	oitocentos, -as
900	novecentos, -as
1.000	mil
1.000.000	un millón

B) Ordinales

primeiro, primeira
segundo, -a
terceiro, -a
cuarto, -a
quinto, -a
sesto, -a
sétimo, -a
oitavo, -a
noveno, -a
décimo, -a
undécimo, -a/décimo primeiro, -a
duodécimo, -a/décimo segundo, -a
décimo terceiro, -a
décimo cuarto, -a
décimo quinto, -a
décimo sexto, -a
décimo sétimo, -a
décimo oitavo, -a
décimo noveno, -a
vixésimo, -a
vixésimo primeiro, -a
vixésimo segundo, -a
trixésimo, -a
trixésimo primeiro, -a
cuadraxésimo, -a
quinquaxésimo, -a
sesaxésimo, -a
septuaxésimo, -a
octoxésimo, -a
nonaxésimo, -a
centésimo, -a
milésimo, a
millonésimo, a

NOTAS

1. Dos cardinales, teñen dúas formas **un** (fem. **unha**) e **dous** (fem. **dúas**), cos seus compostos (**vinteún**, **vinteunha**, **trinta** e **dous**, **trinta e dúas**, **dúas mil**, etc.).
2. Xunto á forma **cen** temos **cento**, co plural **centos**. A forma corta úsase como independente ou unida a **mil**, e pode ser adjetivo ou pronomé: *déame cen*, *hai máis de cen libros*, *cen mil*, *mil cen*. Nos compostos, cos numerales que non sexan **mil** e precedido dun indefinido, úsase **cento**: *déame un cento de pimentos*, *varios centos de paxaros*, *douscentos libros*, *doce centos de piñas*.
3. Pra poñé-la data úsase, xeralmente, o cardinal, a non ser cando se trata do primeiro día do mes:

Chegará o primeiro de xaneiro «llegará el primero de enero».
Santiago, a 1 de xaneiro.

4. Os ordinales varían en xénero e número. Os más empregados son os 10 primeiros, sendo os outros case sempre sustituídos polos cardinales: *século vinte*.
5. En enumeracións pode aparecer **derradeiro** «último»:

O derradeiro traballo que fixo «el último trabajo que hizo».

Lémbrese tamén que xunto á forma *terceiro* aínda se conserva a expresión **terzafeira** «martes».

C) Multiplicativos

A única forma vulgar é **doble**; as outras son cultismos con uso limitado: **duplo**, **triplo/triple**, **cuádruplo/cuádruple**, etc.

D) Partitivos

Son os seguintes:

medio, mitade	sétimo
tercio	oitavo
cuarto	noveno
quinto	décimo
sesto	

Sóio teñen forma propia **medio** e **tercio**, as outras coinciden cos ordinales. Tamén se conocen as formas **tercia parte**, **cuarta parte**, **quinta parte**, etc. Despois de **décimo** úsanse as formas con **-avo**: *onceavo, doceavo*, etc.

E) Colectivos (vede Gallego 1, p. 112)

Os más usados son:

par	quincena
parella	vintena
decena	cento, centena
ducia «docena»	milleiro «millar» (tamén pode valer «moitos»: <i>había un milleiro de nenos</i> «había muchos niños»).

Tamén debemos lembrá-los sustantivos **trío, terceto, cuarteto, quinteto, sesteto, oitava, novena, cuarentena**. Valor colectivo teñen certas expresións, como **unha man** «medida constituída por 4 sardiñas», **un feixe**, **unha morea**, **un fato**, **unha patulea**, **unha manada**, **unha manchea**, etc.

EXERCICIOS

- I. Indica os numerales que aparecen nas lecturas 14 e 15.
- II. Escribe en letras os seguintes numerales:
1.972, 191, 388, 6.534, 13.906, 24.719, 567.890, 2.018, 134, 8.º, 16.º, 20.º, 100.º, 30.º, 41.º.
- III. Le as seguintes frases:
 1. Teño 41 follas.
 2. Tocóunme a 10.ª parte do billete.
 3. Merquéi 19 libros.
 4. Eran 34 homes.
 5. A 4.ª convención.
 6. O libro foi feito no ano 1972.
- IV. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- V. Versión ó galego:
 1. Dame la mitad.
 2. Quiero una docena de huevos.
 3. Había un ciento de pimientos y quince cientos de repollos.
 4. En total habrá pasado un cuarto de siglo.
 5. Contigo no se pueden hablar dos palabras seguidas.
 6. Los últimos serán los primeros.
 7. Es el doble de lo que tú dices.
 8. Sois un hato de ladrones.
 9. Los obreros cobran cada quincena y a veces cada siete días.
 10. Es el último trabajo que hago.
 11. Se marchó el primero de febrero y volverá el 31 de diciembre.
 12. Había millares de palomas en la ciudad.
 13. Unos trabajaban la tierra a medias y otros al tercio.

VI. Traduce ó castelán a lectura.

VII. Conversa:

¿Por qué quere empezá-lo abó a pesca na Pena da Moura?

¿Cómo se dispuxo pra pescar?

¿Por qué di que non é boa hora pra empezá-la pesca das troitas?

¿Qué foi o que pasou?

¿Qué métodos de pesca usaba o tío Pepe?

¿Ónde foi pola tarde? ¿Con quén atopou?

¿Qué di o tío Pepe que lle deben facer ó muíño?

¿Por qué non se collen agora tantas troitas?

¿Qué facía Lelo? ¿Con quén estaba?

VIII. Esplica os seguintes refráns e ditos:

1. Non se pillan troitas a bragas enxoitas.
2. Pescador de cana come máis do que gana.
3. Pola boca morre o peixe.
4. No río que non ten peixes non hai que botá-las redes.
5. No bo río péscase a troita.

TESTO LITERARIO

RUZOS DE BEIRAL

Ruzos foi un gran pescador, e tan axiña como se erguía a veda, deixaba todo traballo e íbase coas súas canas polos ríos do país. Vivía das troitas que vendía nas fondas e nas tabernas, e adentrábbase no reino de León.

* * *

Ruzos de Beiral era un gran pescador de cana, pro quería que lle cresen que tiña segredos propios, raros licores nos que

poñer a amolecé-la¹ miñoca, e que co seu perfume atraía a troita. Decía que llos mercara a uns húngaros nun San Froilán, e que de paso os húngaros lle enseñaran a guisá-los coscos². A primeira vez que eu escoitéi que se comían os coscos foi ó señor cura de Oubelle.

* * * *

Ruzos, cando estaba con amigos de confianza, contaba que chegara a entendé-la vida toda da troita, os seus traballos e descansos, amores, vicios. Aseguraba que chegaría a pescar coa palabra, é decir, con palabriñas de troita.

—¡Como sei decirlles o que lles convén!

E o seu sobriño Evaristo aseguróume unha vez que o viu collar unha troita no pozo de Baño, asubiando. Ruzos púxose na ribeira a asubiar, onda uns bieiteiros³. De vez en cando paraba de asubiar, comía un saltón e botáballe outro á troita. A troita víñase acaroando⁴, tanto que xa cáseque non tiña auga que a cubrise. Ruzos botóulle máis saltóns. A troita coméu. Ruzos asubiaba e a troita respondíalle. E neste, Ruzos, cun gallo⁵ de carballo que levaba unha forquilla⁶ de a tres, moi afiada nas puntas, clavóu a troita e tiróuna prá terra.

—A troita choraba —dime o Evaristo—. Pro meu tío dáballe na cachola e berráballe:

—¡Ah, burra, burra!

Ruzos, coa pesca, arruinouse. Unha vez dixo que pra afondar algo máis na cencia das troitas, que iba a durmir no río. E durmíu. O día seguinte aparecél baldado e un mes despóis finóu⁷. O sobriño sacudía a cachola e decíame unha aleluia.

A. Gunqueiro, *Xente de aquí e de acolá*
Ed. Galaxia, Vigo 1971, pp. 155-156

NOTAS

¹ blandar

⁵ rama

² caracoles

⁶ horquilla

³ saúcos

⁷ murió


⁴ aproximando, acercando

LECTURA

Concentración parcelaria

A partida de tute estáse a rematar. O Roxo e Paco xogan de compañeiros. Aquel non está moi contento:

—¿Quén nos emparzaría a ti e a min? Mira de qué carta me fun e a ver se facémo-las dez de últimas, que esas ganan.



—Ei, que o tute inventóuno un mudo —protestaron os contrincantes.

—Pois dérasme cartas; eu cun trunfiño cativo pouca forza podo facer, estando os grandes na casa. O basto falláronnolo todo por te achicares á miña saída. Eso nunca se fai. Ale, ahí

vai o tres comido. Cincuenta e oito que perden e que tamén valen o partido.

Os dous amigos discuten as derradeiras xogadas entre a xol-dra que lles fan os outros xogadores. Pouco e pouco van acou-gando e, falando dunha cousa e de outra, veñen a dar na parce-laria. Ribarteme estaba dividido no tocante á concentración. Non se vía moi claro se conviña solicitala ou non. O Roxo era da opinión que sí, e canto máis axiña millor:

—Se a queremos facer, este é o momento xusto. Estána facendo no concello veciño e se a firmamos agora en dous anos podémola ter feita; xa o dixo o inxenieiro. Vós veredes.

—Eu por min firmo agora mesmiño. Pro hai outros que non están por esas —dixo Paco.

—Pois eu sonche ún deles —manifestou ún dos xogadores. Eu, desde logo, non tería ningún inconveniente en firmala se non entrasen na parcelación os prados. Mirade o que pasou en Vilachá: había algúin que tiña a trinta e a corenta ferrados de prado e non lle tocó ningún. Agora, se quere ter herba ten que facer prado en terras sin rega ou comprala a quen a teña; e a cousa cambea moito, porque se non tes herbas non tes nada. ¿Qué sacas ti das leiras, de catro terróns que non valen nada? O que te pode defender un pouco son os animais ou algúns pinos que vas malvendendo polo ano adiante. Como están as cousas agora, temos prados. Dirás ti que ánda me poden tocar más ferrados de prado. De acordo. Pro ¿e ó que non lle toca nada? Como non poida gardar unha pouca herba seca pró inverno xa non pode levantar cabeza.

—A min paréceme que esos casos que contas —dixo o Roxo— teñen que ser raros, se non a concentración parcelaria non se facía en ningures. Pro mira prá agra de aquí: non podes entrar nunha leira hastra que non se levante a colleita. Tes que sementá-lo que sementan os demás e, se non, teslle que pedir paso ó veciño. Eso pódelo facer dúas ou tres veces, pro namáis, porque non se pode abusar. E por riba tes leiras estradas por toda a pa-

rroquia; más ca leiras son guichas, e áinda non che collen as vacas dentro delas. E despóis cárgame un carro de esterco no outono, coas corredoiras feitas unhas lameiras, descarga, volve por máis, ara, cambea de leira e sempre o mesmo, perdendo o tempo polos camiños. Home, áinda non sei se non foi a teu curmán Xan ó que lle quedou un conchavello por outonar o ano pasado. Pódeseles esquencer a calquera.

—E non é eso sóio —engadiu Paco—. Pra virá-las vacas teslle que tripá-lo millo ó veciño, pasá-lo tempo facendo regos de media e cadullos ou mirando prós marcos. Se a relle do arado move ún, xa che están chamando a atención. E áinda que non fora eso ¿non era millor ter todo xunto, nunha peza, e poder entrar e saír dela cando che petara?

—¿E os camiños? —preguntou o Roxo—. Hai algunha corredera que non é camiño nin é nada; non hai animal que tronce por ela. Polo menos a parcelaria faiche camiños prás casas e prás leiras e chégachos á entrada do monte, o que non está nada mal. Se hai que desfacer un cómalo ou un muro pra que pase a carreteira fano e en paz, sin ter que andar apiucando polas portas. Hoxe se queres sacar un enfermo da casa, non podes: se é de inverno porque che chega a lama ós ollos e se é de vran porque tes que ir furando nas silvas.

—Cido —dixo o xogador que áinda non falara nada— que eso, con ser bo, non é todo. Pra min quizáis o máis importante é que podes comprar algunha maquinaria, que é a única maneira de lle sacar un produto á terra.

—Todo o que ti me digas —contestou o primeiro xogador— e se non che tocan prados?...

—E dálle cos prados.

—O trator non da leite. E, ademáis, contades con que vos dean as terras ó pé da casa. Xa me dirás ti cómo se van amañar pra repartilas dese xeito nun rueiro de dez ou doce casas que están todas nun puño. E tampouco lles poden dar a todos parcelas á beira da carreteira.

—Pois pra eso fan os camiños. A parcelaria...

A discusión non remataba, porque cada ún vía as cousas á súa maneira. No fondo había tamén un problema de sentimento: aquelas terras herdáranas dos pais, foran sempre da casa, traballaran nelas día a día, ano tras ano...; e pra cadaquén as súas eran millor cás dos veciños. Por eso lles costaba moito traballo ter que se formá-la idea de pasar a unha terra nova.

VOCABULARIO

emparzar: *emparejar*

trunfiño: *triumfo pequeño*

forza: *fuerza*

xogadas: *jugadas*

estradas: *espardidas*

guichas: *porciones pequeñas de terreno*

lameiras: *barriales*

conchavello: *terreno labrado de corta extensión*

outonar: *otoñar, sembrar la tierra en el otoño*

tripar: *pisar*

cadullos: *surcos del límite de una finca*

marcos: *mojones*

rella: *reja (del arado)*

tronce: *atraviese, cruce*

cómalo: *pequeña elevación o desnivel en el terreno, ribazo*

apiucando: *rogando*

furando: *horadando*

rueiro: *grupo de casas*

CONXUGACION DOS VERBOS REGULARES

(vede Gallego 1, pp. 126-127, 133-134 e 143-144)

	1. ^a	2. ^a	3. ^a
PRESENTE	canto cantas canta cantamos cantades cantan	collo colles colle collemos colledes collen	parto partes parte partimos partides

IMPERFECTO	cantaba cantabas cantaba cantabamos cantabades cantaban	collía collías collía collíamos colliades collían	partía partías partía partíamos partiades partían
P. PERFECTO	cantéi cantaches cantóu cantamos cantáchedes cantaron	collín colliches colléu collemos colléchedes colleron	partín partiches partíu partimos partíchedes partiron
P. PLUSCUAMPERF.	cantara cantaras cantara cantáramos cantárades cantaran	collera colleras collera colléramos collérades colleran	partira partiras partira partíramos partírades partíran
FUTURO	cantaréi cantarás cantará cantaremos cantaredes cantarán	colleréi collerás collerá colleremos colleredes collerán	partiréi partirás partirá partiremos partiredes partirán
FUT. HIPOTÉTICO	cantaría cantarías cantaría cantaríamos cantaríades cantarían	collería collerías collería colleríamos colleríades collerían	partiría partirías partiría partiríamos partiríades partirían

SUBXUNTIVO I	cante cantes cante cantemos cantedes canten	colla collas colla collamos collades collan	parta partas parta partamos partades partan
SUBXUNTIVO II	cantase cantases cantase cantásemos cantásedes cantasen	collese colleses collese collésemos collésedes collesen	partise partises partise partísemos partísedes partisen
IMPERATIVO	canta cantade	colle collede	parte partide
INFINITIVO	cantar cantares cantar cantarmos cantardes cantaren	coller colleres coller collermos collerde colleren	partir partires partir partirmos partirdes partiren partindo partido
XERUNDIO	cantando	collendo	
PARTICIPIO	cantado	collido	

EXERCICIOS

- Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- Completa as frases seguintes poñendo o tempo indicado:
 - Despós (ir, 3.^a pl. perf.) á taberna e (*xogar*, id.) ás cartas.

2. (*Ter*, 2.^a pl. pres.) tempo dabondo pró (*facer*, 2.^a pl. inf.).
3. Cando o (*ver*, 2.^a sing. subx. I), (*decir*, 2.^a sing. imperat.) lle que (*falar*, 3.^a sing. subx. I) comigo.
4. (*Falar*, 3.^a sing. plursc.) moito e agora (*querer*, imperf.) (*acougar*, inf.) un pouco.
5. (*Chegar*, 1.^a sing. fut.) mañá no trea que (*vir*, 3.^a sing. pres.) da capital pola noite.
6. Eu non (*ter*, 1.^a sing. fut. hip.) inconveniente en (*firmar*, inf.) a, se non (*entrar*, 3.^a pl. subx. II) os prados na parcelación.
7. (*Pasar*, 2.^a sing. pres.) o tempo (*mirar*, xer.) prós marcos.
8. ¿Non (*ser*, 3.^a sing. plursc.) millor (*ter*, inf.) todo xunto?
9. ¿(*Estar*, 2.^a pl. pres.) parvos ou (*querer*, id.) (*xogar*, inf.) comigo?

III. Traduce e conxuga en galego os seguintes tempos:

habíamos llegado, bebiese, venderás, comió, reciba, vuelvo, contaríais, tomad.

IV. Traduce ó castelán a lectura.

V. Versión ó galego:

1. El maestro ya había dicho a los niños de lo que iban a hablar aquel día en la escuela.
2. Si os vais al campo, avisadme e iré con vosotros.
3. Por mucho que te esfuerces no te harán caso.
4. Si hubiera sabido que veníais, me habría quedado en casa.
5. Todo lo que había hecho no le sirvió de nada.
6. Al venir tráeme un periódico.
7. Estemos o no, puedes disponer de nuestra casa.
8. ¿Qué harías si perdiases el autobús?
9. Casi todos decían que la concentración tendría que ser muy útil.
10. Ahora no da mucho trabajo preparar la tierra, pues la concentración hizo desaparecer las fincas pequeñas.
11. Queráis o no, todos acabaréis por aceptar los hechos.

VI. Conversa:

- ¿Por qué non está contento o Roxo?
- ¿Por qué non se amaña cun trunfo cativo?
- ¿De qué acaban falando?
- ¿Qué condición pon ún dos xogadóres prá concentración?
- ¿Qué di Paco a favor da parcelaria?
- ¿Qué engadíu o xogador que non falara nada?
- ¿Chegan a un acordo na súa discusión?
- ¿Por qué non queren, en realidade, deixá-las terras?

TESTO LITERARIO

A REFORMA AGRARIA NO MINIFUNDIO

Pra abreviar, non imos facer referencia no que sigue ás características xerais da producción agrícola, ás menores posibilidades de uso do capital na agricultura, á rixidez da oferta e da demanda, á opresión histórica sobre dos agricultores, ó seu baixo poder de contratación, aínda que pra un estudio serio e responsable resullen cuestións inesguellables¹.

Pró reconocemento da esistencia dun problema agrario e de que a Reforma Agraria é a única medida político-social abondo pró resolver, conformémonos co dito deica agora.

Eliminemos tamén do enfoque amplio da Reforma Agraria defeutos² que esta pretende correxir, e que non nos atinxen especialmente ós galegos, como son o latifundio económico, social e natural. Concretémonos esclusivamente no minifundio e na fragmentación, deseñando os procedementos que consideramos necesarios prá corrección destes defeutos, abrangendo³ posteriormente o escalonamento do proceso coma un imperativo económico, facendo referencia ás terras comunales e defendendo, pra rematar, o incremento da coacción nas medidas agrarias.

Coido que podemos admitir, sin moitas discrepancias, que un

proceso de reforma agraria comporta, como anteriormente dixemos, a resolución simultánea de graves problemas. A case totalidade destes problemas é común ó proceso de reforma das zonas latifundistas ou minifundistas do país. Non embargantes, a causa do espallamento⁴ demográfico, que é característica das bisbarras minifundistas, o tratamento de algúns problemas especiais, tense de realizar nestas de xeito moi diferente do utilizado nas bisbarras nas que a poboación⁵ está condensada nuns poucos núcleos importantes.

Tamén deixaremos de conta esta interesante cuestión, mais todos estaremos de acordo en que, así como a Reforma Agraria pretende a desmembración dos latifundios pra desacugular⁶ a concentración do poder económico, no minifundio tense de orientar a agrandá-las esplotacións agrarias, levándoas polo menos a un nivel de viabilidade. Neste problema técnico-xurídico apousa⁷, pra min, a gran diferencia que existe na aplicación do proceso de reforma a unha zona latifundista e a unha zona minifundista.

Abad Flores, en *Introducción á economía galega de hoxe*
Ed. Galaxia, Vigo 1969, pp. 41-42

NOTAS

¹ insoslayables

² defectos

³ comprendiendo, alcanzando

⁴ dispersión

⁵ población

⁶ descolmar


⁷ reposa

LECTURA

Xogos e deportes

En Vilanova, coma en tódolos sitios, cadaquén trata de pasá-lo tempo de folganza o millor que pode. Os rapaces aproveitan os intres libres pra brincar ou xogar. É a vida deles. Están sempre dando patadas nunha pelota e se non teñen unha de goma fana de trapo. O fútbol é o que lles gusta millor e cando dispoñen dun balón vólvense tolos. Fan dous bandos e xogan un partido: con porteiros, defensas, medios e dianteiros. O malo é que luxan e rachan a roupa e estragan os zapatitos.

Os nenos tamén xogan ás agachadas, á xusticia, ás guerras, á panda... e hai que vé-las cuadas e fuciñadas que levan os queapan dan cando os saltadores non fan ben os saltos. Cando vai chegando o inverno xogan ás bolas e fan bailá-los trompos. Todos se acordan daquel dito: «Polo San Martiño trompos ó camiño, pola Navidá bolas ó guá e polo San Antón trompos ó caixón».



O Lelo era moi mañoso pra facer xirá-lo trompo, pra collelo na man ou na uña e pra lles dar bechos ós trompos dos outros rapaces. Tiña moitos exemplares e todos moi ben coidados; ningún facía moscas ó bailar, nin eran longaritos.

Ós rapaces tamén os divirte moito andar con tiratacos ou con tiracroios. Tíranlle pedras ós paxaros ou boliñas ás nenas e ás mozas. Poucas veces atinan, pro eso tanto ten. O caso é xogar. Tamén teñen xoguetes: coches, trens, pistolas... Lelo andaba debecendo por unha bicicleta e trouxéronlla os Reises. As nenas prefiren xogar á raia, ás casas, á roda, ou saltar á corda. Dos xoguetes os que máis lles gustan son as monecas.

Pola televisión pódense ver moitos deportes. Amáis do fúbol, os que máis gustan en Vilanova son o baloncesto, o balonmán, o tenis, a natación, o boleo e máilo esquí. O rubi e o béisbol non os entenden moito; e agora na escola comenzan a facer atletismo.

Os grandes xogan moito ás cartas. Os domingos ármanse partidas de tute, de subastado ou de berisca, que duran toda a tarde. Resultan emocionantes prós que xogan e prós que non fan máis ca mirar. Tamén teñen moitos partidarios o dominó e as damas. Na taberna, amáis deso, hai unha ra e no vran van moitos xogar a ela. Fórmanse equipos e os que non xogan fan apostas entre sí.

Máis típicos de Vilanova son a estornela e a chave. «Eses son os xogos enxebres», como di o tío Pepe. Sempre conta que, cando el era novo, non había ningún que lle poidese ganar. Lelo leva moito tempo tratando de velo xogar, pro o abó sempre di que vai vello e que eso xa non é pra el. A pesares deso, Lelo conseguiú que lle aprendiera a xogar á estornela. O tío Pepe díxolle cómo había que collé-lo pau ou palanco e cómo se lle daba á estornela pra botala ben lonxe. Tamén era importante calculá-los pasos. Coas lecóns do abó quedou feito un campeón neste xogo. Ás veces non lle atina, pro sempre pensa que lle queda moito tempo pra chegar a ser tan bo coma o tío Pepe nos seus anos mozos.

VOCABULARIO

folganza: *descanso*
panda: *juego de muchachos que por turno saltan unos detrás de otros sobre el pandote, y el que incurre en falta sus-tituye al que deja de pandar*
fuciñadas: *caídas de bruces*
apandar: *pagar prenda en algunos juegos*
dar bechos: *clavar la punta de una peonza en otra*

longaritos: *larguiruchos*
tiracroios: *tirachinas*
corda: *cuerda*
rubi: *rugby*
estornela: *tala (juego)*
enxebres: *castizos, puros*
a pesares: *a pesar*
palanco: *palo que se utiliza en el juego de la tala*

OBSERVACIÓN OS VERBOS REGULARES

1. Primeira conxugación

Os verbos en **-ar** son os más numerosos e regulares de todos. Compre de todas maneiras que tomemos en consideración algúns problemas:

- A) Nos verbos da 2.^a conxugación que teñen **e**, **o**, no radical, hai unha alternancia de timbre nas formas en que o radical é tónico. Esta alternancia **non** existe nos verbos da 1.^a conxugación, pois neles o timbre da vocal mantéñese uniforme en tódalas persoas, sendo **sempre aberto** ou **sempre pechado**. É aberto en *xogo*, *xegas*, *xoga*, *xogan*; *xogue*, *xogues*, etc.; *segó*, *segas*, *sega*, *segan*; *segue*, *segues*, etc. É pechado en *corto* *cortas*, *corta*, *cortan*; *corte*, *cortes*, etc.; *remo*, *remas*, *rema*, *reman*; *reme*, *remes*, etc. Como nas formas en que o radical é átono a vocal é sempre pechada (por exemplo, no infinitivo: *xogar*, *segar*, *cortar*, *remar*), é difícil saber cando nun radical tónico teremos aberta ou pechada. Como norma xeral **non sempre válida**, podemos decir que teñen vocal aberta cando en castelán hai diptongo: *segó* (cast. «siego»), *acerto* (cast. «acierto»), *acordo* (cast. «acuerdo»), *probo* (cast. «pruebo»), *folgo* (cast. «huelgo»), etc. Se en castelán non hai

diptongo, o seu equivalente galego ten, polo xeral, a vocal pechada: *corto* (cast. «corto»), *ceo* (cast. «censo»), etc.

- B) Os verbos que no infinitivo acaban no diptongo **-iar** ofrecen tres soluciones naquelas formas en que o radical é tónico; a saber: no presente de indicativo, no subxuntivo I e no imperativo.

- a) Hai casos en que o diptongo se manteñ sempre, como ocorre cos verbos *odiar*, *estudiar*, *anguiar*, *aviciar*, *apropiar*, *espropiar*, *leriar*, *anunciar* e algún outro. Así: *odio*, *odias*, *odia*, *odian*, *odie*, etc.
- b) Outras veces o diptongo desfáise, como é o caso de *variar*, *trasvariar* e algún outro verbo. Así: *varío*, *varías*, *varía*, *varían*, *varie*, etc.
- c) E hai, finalmente, casos en que, amáis de desaparecé-lo diptongo, o *i* se abre en *e*, como ocorre con *rabiar* e *cambiar*. Así: *cambeo*, *cambeas*, *cambea*, *cambean*, *cambee*, etc.

- C) Os verbos acabados no diptongo **-uar** compórtanse dun xeito semellante ós que acabamos de ver.

- a) Algúns manteñen o diptongo sempre. É o caso de *menguar*, *fraguar*, *deslinguarse*, e outros.
- b) Os demáis acentúanse no **u** nas formas fortes do presente de ind., subx. I e imperat. É o caso de *graduar*, *escetuar*, *acentuar*, *situar* e algún outro. Vélahí unha amostra de cada ún dos casos:

fraguo	fragüe		acentúo	acentüé	
fraguas	fragües	fragua	acentúas	acentüés	acentúa
fragua	fragüe		acentúa	acentüé	
fraguamos	fragüemos		acentuamos	acentuemos	
fraguades	fragüedes	fraguade	acentuades	acentuedes	acentuade
fraguan	fragüen		acentúan	acentüén	

D) Moitos verbos acabados en **-iar**, **-uar** non forman diptongo nin siquera no infinitivo: *afiar*, *adobiar*, *arrefriar*, *arrepiar*, *chiar*, *enfiar*, *espiar*, *fiar* e outros; *recuar*, *baduar*, *recruar* e outros manteñen o hiato en toda a conxugación. Así: *afío*, *afiamos*, *afiaba*, *afiéi*, *afiara*, *afiaréi*, etc. silabéanse *a-fi-o*, *a-fi-a-mos*, *a-fi-a-ba*, *a-fi-éi*, *a-fi-a-ra*, *a-fi-a-reí*; *recúo*, *recuaba*, *recuéi*, *re-cuara*, *recuaréi*, etc. silabéanse *re-cú-o*, *re-cu-a-mos*, *re-cu-a-ba*, *re-cu-éi*, *re-cu-a-ra*, *re-cu-a-reí*, etc. Non se trata, naturalmente, dunha irregularidade, senón de todo o contrario. Convén, de todas maneiras, que o teñamos en conta á hora de rematar renglón pra separá-la palabra correctamente.

2. Segunda conxugación (vede Gallego 1, pp. 134-136)

Cos verbos da 2.^a conxugación compre facermos dúas categorías:

- A) Hai un grupo de verbos que alteran o timbre da vocal radical, cando se trata de **-e** ou de **-o**. Teñen timbre **pechado** a 1.^a persoa do presente de indicativo, as persoas 1.^a, 2.^a, 3.^a de sing. e 3.^a de plur. do subxuntivo I e a 2.^a de sing. do imperativo; téñeno **aberto** as persoas 2.^a e 3.^a de sing. e 3.^a de plur. do presente de indicativo. Vede un modelo:

vendo	venda	
vendes	vendas	vende
vende	venda	
vendemos	vendamos	
vendedes	vendades	vendede
venden	vendan	
torzo	torza	
torces	torzas	torce
torce	torza	
torcemos	torzamos	
torcedes	torzades	torcede
torcen	torzan	

Conforme a este modelo van, entre outros, os verbos que siguen:

esconder	verter	volver	comer	morrer	proceder
responder	ferver	beber	defender	coller	entender
perder	cocer	sorber	fender	erguer	frolocer
morder	meter	vencer	tender	encher	premer
tecer	correr	feder	coser	romper	atreverse
renixer	prender	mecer	acender	reconocer	chover
xemer	conocer	remexer	adoecer	suceder	mover
temer	toller	ceder	derreter		

e a mayoría dos acabados en **-ecer**.

- B) Hai outro grupo numeroso de verbos que manteñen o timbre **-o-**, **-e-** do radical sin alternancia: ou ben é **sempre** pechado ou ben aberto. Teñen sempre vocal **pechada** *ler, crer, deber e parecer*; teñen sempre vocal **aberta** (nas formas en que a raíz é tónica, claro está) *esquencer, querer e poder*, conforme ós modelos que siguen:

debo	deba		esquenzo	esquenza	
debes	debas	debe	esquenze	esquenzas	esquence
debe	deba		esquence	esquenza	
debemos	debamos		esquencemos	esquenzamos	
debedes	debades	debede	esquencedes	esquenzades	esquencede
deben	deban		esquenzen	esquenzan	

- C) Os verbos *ler, crer* e compostos, naqueles casos en que a desinencia persoal empece por **-e-**, funden o **-e-** do radical co da desinencia. Así, debemos ler e escribir: *les, le, len, lemos*, etc.
- D) O verbo *ler* e compostos, naqueles casos en que levan unha desinencia que empece por **-i-**, perden o **-e-** do radical. Así: *lia, lias, liamos...; lin, lices...*
- E) Os verbos acabados en **-oer, -aer** (*choer, doer, roer, moer, traer, caer, raer*), naqueles casos en que se acentúan no radical,

toman un **-i-** antihiático diante das desinencias que empecen por **-o-**, **-a-**. Os catro primeiros alteran o timbre da vocal radical conforme queda dito arriba en A). Vede un modelo.

moio	moia	
moes	moias	moe
moe	moia	
moemos	moiamos	
moedes	moiades	moede
moen	moian	

3. Terceira conxugación (vede Gallego 1, pp. 144-145)

A maioría dos verbos da terceira conxugación siguen o modelo regular que vimos atrás. Entre eles *espilir, urdir, spir, percibir, asistir, tinguir, cinguir, vivir, apurrir, abrir*, e poucos máis. O resto, tamén uns poucos, podemos reducilos a dous grupos, conforme ó tipo de alteracións que presenten:

- A) Igual ca en castelán hai un grupo deles que teñen **-i-** nas formas fortes do presente de ind. e imperat. e en tódalas formas do subx. I; teñen **-e-** nas formas débiles (ou sexa, nas formas acentuadas na desinencia), conforme ó modelo seguinte:

IND. PRES.	IMPERF.	PERF.	PLUSC.	FUT.	FUT. HIP.	SUBX. I	SUBX. II	IMPERAT.
pido	pedía	pedín	pedira	pediréi	pediría	pida	pedise	pide
pides	pedías	pediches	pediras	pedirás	pedirías	pidas	pedises	pede
pide	pedía	pediu	pedira	pedirá	pediría	pida	pedise	
pedimos	pedíamos	pedimos	pediramos	pediremos	pedirímos	pidamos	pedisemos	
pedides	pedíades	pedichedes	pedirades	pedirédes	pediríades	pidades	pedisedes	pedide
piden	pedían	pediron	pediran	pedirán	pedirían	pidan	pedisen	

Así conxúganse tamén *divertir, convertir, rendir, elexir, medir, mentir, seguir, sentir, vestir, inxerir, rexir, arrepentir, ferir, servir, concebir* e poucos máis.

- B) Algúns verbos que teñen *-u-* como vocal última do radical, ábrense en *-o-* nas 2.^a, 3.^a e 6.^a persoas do presente de indicativo, conforme ó modelo seguinte:

subo
sobes
sobe
subimos
subides
soben

Da mesma maneira conxúganse *tusir*, *cubrir*, *cumprir*, *acudir*, *durmir*, *sacudir*, *fuxir*, *engulir*, *sumir*, *lucir*, *ulir*, *cuspir* e algún máis.

4. Outras observacións que afectan ó verbo en xeral

- A) Compre ter en conta que, ás veces, dáse unha aparente irregularidade, que afecta sóio á ortografía. Trátase de casos como *fico* / *fique*, *cozo* / *coce*, *nego* / *negue*, *menguo* / *mengüe*. Aténdonos á pronuncia, que é o que importa, non hai tal irregularidade.
- B) En galego son da 2.^a e en castelán da 3.^a os verbos *toller*, *ferver*, *morrer*, *xemer*, *fender*, *erguer*, *derreter*.
- C) Ter en conta que o galego é menos dado ó uso dos reflexisivos có castelán. Así, **non** son **nunca** reflexisivos en galego *zarchar*, *adormecer*, *espertar*, *morrer*, *romper*, *caer*, *parar* e algún outro: *caíñ* «me caí», *rompéu* «se rompió», *morréu* «se murió».

Non son **case nunca** reflexisivos *sentar*, *casar*, *confesar*, *afogar*:

Foi sentar cabo dela «se fue a sentar junto a ella».
Estamos no preceuto, é tempo de confesar «estamos en el precepto, es tiempo de confesarse».

A parte desto, convén lembrar que en galego non hai forma pronominal de interés coma en castelán. É, polo tanto, incorrecto decir **toméime un chocolate*, **bebéuse dúas botellas*, **puxémono-lo sombreiro*, **lavéime as mans*.

EXERCICIOS

- I. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
II. Conxuga os seguintes verbos nos tempos indicados:

<i>variар</i> (pres. ind.)	<i>medir</i> (subx. I)
<i>cambiar</i> (pres. ind.)	<i>ler</i> (perf.)
<i>vencer</i> (pres. ind.)	<i>acudir</i> (pres. ind.)
<i>eleixir</i> (perf.)	<i>morrer</i> (pres. ind.)

- III. Completa as seguintes frases poñendo o tempo correspondente do verbo:

1. ¿(acordarse, 3.^a sing. pres.) de ti?
2. Esa palabra non se (acentuar, 3.^a sing. pres.).
3. Non (querer, 3.^a sing. pres.) que se (doer, 3.^a plur. subx. I) del.
4. Moito (cambiar, 2.^a sing. perf.) desque non te (ver, 1.^a sing. perf.).
5. Non (acudir, 2.^a sing. pres.) nunca cando te (chamar, 3.^a plur. pres.).
6. Non te (esquencer, 2.^a sing. subx. I) das cousas que (mandar, 3.^a plur. perf.) traer.
7. Os nenos (xogar, 3.^a plur. pres.) ó fúbol e non (acordarse, 3.^a plur. pres.) de ir prá casa.
8. (ler, 3.^a sing. imperf.) todo o que lle (caer, id.) nas mans.
9. O sol (lucir, 3.^a sing. pres.), os paxaros (fuxir, 3.^a plur. pres.), o vento (sacudir, 3.^a sing. pres.) as follas.

10. (*Elexir*, 2.^a sing. imperat.) ben as cousas que (*querer*, 2.^a sing. pres.).

IV. Traduce a lectura ó castelán.

V. Versión ó galego:

1. Nos pusimos los sombreros.
2. Todas las cosas cambian con el tiempo.
3. Cando juegan al fútbol rompen la ropa.
4. Los niños se divierten jugando.
5. Duerme toda la noche.
6. El perro muerde a todo el mundo.
7. Los dos hermanos estudian muy poco.
8. El molino no puede moler sin agua, pero en el invierno muele muy bien.
9. Cuando sube al cuarto se lava las manos y los dientes y se mete en la cama.
10. No se acuerda nunca de cerrar la ventana.

VI. Conversa:

- ¿En qué se divirten os rapaces de Vilanova?
¿Qué inconvenientes ten o fúbol?
¿A qué xogan os nenos?
¿Qué fai moi ben Lelo?
¿A qué prefieren xogá-las nenas?
¿A qué xogan os grandes?
¿Cáles son os xogos típicos de Vilanova?
¿Qué lle enseñou o tío Pepe a Lelo?
¿Qué pensa Lelo cando non atina á estornela?

VII. Comenta os seguintes refráns:

1. O millor das cartas é non xogalas.
2. Onde hai cartas calan barbas.
3. Por carta de máis ou carta de menos pérdense os xogos e vaise o diñeiro.

VIII. Redacción: Describe algún xogo.

TESTO LITERARIO

XOGADORES DE CARTAS

Son catro arredor da mesa, e tres miróns, o cal, por casualidade —esa razón que non existe— fai o número sete, polo que se contan os lumiares¹ do ceo. Mais son catro somentes os que fan o cadrado² máxico³ do xogo. Os outros tres ollan o xogo desde a alta torre invisible do silencio.

* * *

Son catro, arredor da mesa, e tres miróns. Ún deles vai vestido de loito⁴. Os outros van vestidos da cor do tempo. E as mans retortas de torgo⁵ de uz⁶ sosteñen os leques⁷ abertos onde se espallan⁸ símbolos de Hermes Trismegisto, frolecidas de cores heráldicas, e deitan no inocente verde de lameiro⁹ do tapete as notas diplomáticas —inofensivas e pacifistas— dos ases e dos trexes afoutos¹⁰ e pomposos, ós que hai que asistir, asegún lei estricta, e dos trunfos inaparentes, mais domeñantes¹¹ e cheos de imperio, valorizados pola insaculación da sorte, que se poñen cun pequeno golpe de remate da puxa¹² de cada baza.

* * *

Todo está concertado nas cartas, que soias deciden da sorte, porque elas somentes saben o que fan, e de onde veñen, e pra onde van, cheas do poder que lles dá a tradición e sufraxio¹³ unánime e costante de tódolos xogadores.

* * *

De cando en cando, ún baraxa¹⁴, e ó embrullá-las¹⁵ cartas, vai cruzando a sorte e tecendo os fados¹⁶ en urda¹⁷ e trama, con fíos¹⁸ de vida, con fíos de tempo, enfiados¹⁹ nas agullas das espadas, enrolados na roldana dos ouros, entrambilicados²⁰ no barroquismo dos ases, enmarañados no sarillo²¹ dos catros, e as mans de esclerosadas veas²² que misturan os símbolos, e a man impa-

ciente e cansa que se adianta pra cortar, inoran²³ de todo o misterio que están facendo andar dún a outro. E más así e todo, o que baraxa, como está sendo sacerdote namentres baraxa, oficia sempre, sin se decatar, litúrxicamente, e o que corta fai sempre tamén do mesmo xeito, coma quen fire²⁴ á vítima²⁵ do sacrificio.

Vicente Risco, *Leria*

Ed. Galaxia, 2.^a ed., Vigo 1970, pp. 137, 138, 139, 140

NOTAS

¹ lumbreras	¹⁴ baraja
² cuadrado	¹⁵ entremezclar
³ mágico	¹⁶ hados
⁴ luto	¹⁷ urdimbre
⁵ cepa del brezo	¹⁸ hilos
⁶ urce, brezo blanco	¹⁹ enhebrados
⁷ abanicos	²⁰ enmarañados, enredados
⁸ se esparcen, se extienden	²¹ devanadera
⁹ prado	²² venas
¹⁰ osados, atrevidos, animosos	²³ ignoran
¹¹ dominantes	²⁴ hierre
¹² puja	²⁵ víctima
¹³ sufragio	

LECTURA

A administración local

—Hoxe imos falar —dixo o mestre— da sociedade humana. Xa sabedes que os homes non viven soios. Forman grupos. O primeiro deles, o máis elemental, é a familia. As familias que viven nun mesmo lugar forman o que se chama... ¿cómo se chama, Luís?



—Chámanse aldeas, coma Vilanova, poño por caso.

—Moi ben. Sé hai máis familias ca nunha aldea, entón chámase unha vila ou, se é máis grande áinda, unha cidade. Varias aldeas xuntas que teñen unha mesma igrexa, forman unha...

—Unha parroquia, profesor —dixo un rapaz da primeira rea.

—Eso é: unha parroquia. Nela, o que leva as cousas da igrexa é o párroco e tamén hai un ou dous mestres pra termar de vós. As parroquias forman os municipios e en cada municipio hai un alcalde e máis un concello, formado polos concelleiros. Por eso os municipios se chaman tamén concellos. En cada parroquia do municipio hai un representante do alcalde, que é, como xa sabedes, o pedáneo; e en cada aldea un celador, que vai por quenda entre os veciños.

—¿O pedáneo é coma o alcalde da parroquia, profesor?

—Algo así, Lelo. Fai o que lle manda o alcalde e, amais, é o encargado de lle comunicar ó celador os avisos e as ordes do concello, pra que este informe ós veciños.

Os nenos estaban moi atentos ó mestre, que seguía a falar:

—Nos municipios ou concellos hai un xuzgado, co seu xuez, claro. Os de máis importancia teñen un xuzgado comarcal e os outros un xuzgado de paz, anque é ben certo que agora están morrendo os xuzgados comarcas e quedan sóio os de paz, nos que non é necesario que o xuez sexa abogado, pois pode ser calquera que teña boas axudas pra ganá-lo posto. Cando algúns veciños quere pleitar con outro ten que levá-lo asunto ó xuzgado e boa falla fai un xuzgado en cada municipio, pois nas nosas aldeas por calquera cousa andan de trangallada. Non se dan desafeitos de pelexar e prefieren perdé-los cartos nos pleitos antes de lle facer caso á razón.

Despois desto dixo o mestre:

—Os municipios agrúpanse en partidos xudiciais e na capital de cada partido, que se chama tamén cabeza de partido, está, ou estaba, o xuzgado de primeira instancia, que é onde van rematá-los pleitos cando o perdedor non é conforme coas boas razóns do xuzgado de paz ou coas sentencias do comarcal. Despois de alí xa hai que ir á Audiencia, onde xuzgan os maxistrados. ¿E quén sabe cál é a agrupación dos partidos xudiciais?

—É a provincia —saltou outra vez o da primeira rea.

—Ese Xelo é un sabichón —decíalle a Lelo, polo baixo, o seu

compañeiro de mesa—. Como seu pai traballa no concello, sabe todo destas cousas.

A clase acababa.

—Das provincias, das rexións e de outras cousas falaremos outro día —dixo o profesor.

E Lelo pensou que pra saber todo esto non facía falla ter un pai nas oficinas do Concello. El oíra falar na súa casa da función do secretario do concello, da dos alguaciles, da do porteiro, da dos oficiais... Sabía tamén do Rexistro Civil e que nas ciudades había máis dun xuzgado, un rexistrador da propiedade, dous ou máis notarios, escribanos, procuradores, abogados ás moreas... E coa súa lingua pequena decía que se o Luís era un sabichón, o seu compañeiro non era alá moi agudo e tiña moito de pasmón.

VOCABULARIO

desafeitos: *desacostumbrados*

pelexar: *pelear, luchar*

xudiciales: *judiciales*

maxistrados: *magistrados*

polo baixo: *en voz baja*

rexións: *regiones*

facer falla: *hacer falta, ser necesario*

pasmón: *pasmarote, bobalicón*

USOS DOS MODOS E DOS TEMPOS O INDICATIVO

É o modo da presentación da realidade. As accións expresadas en indicativo son concebidas polo falante como reales. As que suponen duda, temor, desexo, etc., van en subxuntivo:

Sei que ven hoxe «sé que viene hoy».

Temo que veña hoxe «temo que venga hoy».

Vexamos cásas son as formas temporais ou «tempos» do indicativo.

1. PRESENTE (Canto)

Indica que a acción verbal ocorre no mesmo intre en que se fala. É o chamado «presente puntual»:

Teño o lápiz na man «tengo el lápiz en la mano».

O momento en que se fala pódese prolongar tanto cara ó pasado coma cara ó futuro. Orixínase deste xeito o «presente actual»:

Estes días escribo pouco «estos días escribo poco».

Hai tamén o chamado «presente habitual», que indica accións que se repiten xeralmente:

O esprés para en Santiago «el exprés para en Santiago».

Por facer referencia ó intre actual, o presente é a forma máis axeitada prá expresión do intemporal. É o «presente permanente»:

A Terra xira ó redor do Sol «la Tierra gira alrededor del Sol».

Metafóricamente, a forma *canto* pódese empregar con relación ó pasado. É o «presente histórico»:

En 1861 celebranse os primeiros Xogos Florais en Galicia «en 1861 se celebraron los primeros Juegos Florales en Galicia».

Co uso do presente, a acción pasada acada un realce maior. Tamén, cunhas consecuencias semellantes, se pode utilizar con referencia ó futuro:

Mañá marcho pra Francia «mañana me marcho para Francia».

Esiste, ademáis, o «presente de mandato»:

Lévaslle esto a túa nai e volves aquí outra vez «le llevas esto a tu madre y vuelves aquí otra vez».

2. PASADO

A) **Imperfecto (cantaba)**: Indica un feito no pasado que coincide no tempo con outra acción indicada por outra forma verbal, por un adverbio ou frase adverbial ou polo contemento:

Cando cheguéi, había tres rapazas na porta «cuando llegué había tres chicas en la puerta».

O ano pasado levábase a saia más corta «el año pasado se llevaba la falda más corta».

Moitas veces un tempo do pasado esixe, por atracción gramatical, un imperfecto, anque a acción designada por este poida ter efecto no presente ou no futuro:

Souben onte que chegaba mañá «supe ayer que llegaba mañana».

O imperfecto é unha forma moi utilizada no estilo indirecto. Comparade, por exemplo:

Dixo: chego hoxe «dijo: llevo hoy».

Dixo que chegaba hoxe «dijo que llegaba hoy».

O chamado «imperfecto narrativo» utilízase nas descripcións, narracións, etc.:

Naquela casa había dous portas: unha daba á parte de diante e outra tiña saída á horta. Vivía nela unha familia que xa levaba moito tempo na aldea.

Metafóricamente, emprégase o «imperfecto irreal» pra indicar accións futuras sentidas como pouco probables:

Tocábame a min unha quiniela e non paraba de viaxar «si me tocase a mí una quiniela no paraba de viajar».

Utilízase tamén na apódisis das oracións condicionais irreales:

Se tivese o libro, prestábacho «si tuviera el libro, te lo prestaba».

Se estivese aberto, convidábate «si estuviera abierto, te convidabas».

As accións indicadas coa forma **cantaba** son consideradas polo falante na súa realización. De ahí a denominación de «imperfecto».

O «imperfecto de cortesía» utilizase pra distanciá-la acción con respecto ó interlocutor e darlle un tono respetuoso á expresión:

Queríalle pedir un favor «le quería pedir un favor».

Viña falar con vostede «venía a hablar con usted».

¿Podíame escutar cinco minutos? «¿no podría escucharme cinco minutos?».

B) **Perfecto (cantéi)**: Indica tamén un feito pasado. A diferencia coa forma *cantaba* consiste en que o imperfecto indica unha acción no seu desenrollo. O perfecto, en troques, refírese a unha acción xa acabada ou considerada como rematada (de ahí o nome de perfecto):

Escoitaron todos atentamente «escucharon todos atentamente».

Non me enteréi de nada «no me enteré de nada».

Contóumo todo hai un pedazo «me lo ha contado todo hace un rato».

En galego non esiste diferencia entre un perfecto recente e un perfecto máis alonxado. Estas matizacions, de ser consideradas necesarias, fanse esplícitas mediante determinacions de tipo adverbial:

Chegou hai cinco minutos «llegó hace cinco minutos».

Fixo dez anos o mes pasado «hizo diez años el mes pasado».

Nacéu no ano vintecinco «nació en el año veinticinco».

Hai que marcá-lo uso metafórico do perfecto pra se referir a accións futuras, pro que o falante considera como se estivesen xa realizadas:

Cando ti chegues, xa marchéi eu «cuando tu llegues, ya habré marchado».

C) **Pluscuamperfecto (cantara)**: Indica unha acción acabada no pasado, anterior a outra marcada tamén como pasada:

Chamou cando ti xa marcharas «llamó cuando tú ya habías marchado».

Non sabía que volveras da cidade «no sabía que habías vuelto de la ciudad».

É tamén forma usada no estilo indirecto:

Dixo: chegou onte «dijo: llegó ayer».

Dixo que chegara onte «dijo que había llegado ayer».

(Vede tamén **Subxuntivo II**).

3. FUTURO

A) **Futuro (cantaréi)**: Indica unha acción que aínda non sucedéu, esto é, referida ó tempo futuro:

Xa cho contaréi outro día «ya te lo contaré otro día».

Chegaréi mañá no avión «llegaré mañana en el avión».

Pódese usar metafóricamente indicando posibilidade no presente:

¿Cántos somos? seremos trinta persoas «¿cuántos somos? seremos treinta personas».

Serán as oito «serán las ocho».

Tamén ten valor concessivo no presente:

Será moi listo, pro non o parece «será muy listo, pero no lo parece».

B) **Futuro hipotético (cantaría)**: É, en primeiro termo, un futuro do pasado. É decir, indica unha acción posterior a outra realizada no pasado, sin ter en conta que sexa anterior, contemporánea ou posterior respecto do momento en que se fala:

Dixo que chegaría onte / hoxe / mañá «dijo que llegaría ayer / hoy / mañana».

A denominación de «futuro hipotético» procede de usos nos que indica unha acción probable ou con matices modales:

Se estivese aberto, convidaríate «si estuviera abierto, te invitaría».

Gustaríame chegar canto antes «me gustaría llegar cuanto antes».

Igual ca **cantaréi** indica probabilidade ou valor concesivo, mais no pasado:

«**Cántos éramos? seríamos trinta persoas** «¿cuántos éramos? seríamos treinta personas».

Serían (entón) as oito «serían (entonces) las ocho».

Sería moi simpática, pro non o parecía «sería muy simpática, pero no lo parecía».

Ten tamén un uso paralelo ó imperfecto de cortesía:

Quereríalle pedir un favor «querría pedirle un favor».

«**Poderíame escutar cinco minutos?** «¿me podría escuchar cinco minutos?».

É forma utilizada no estilo indirecto. Comparade:

Dixo: chegaréi mañá «dijo: llegaré mañana».

Dixo que chegaría mañá «dijo que llegaría mañana».

EXERCICIOS

- I. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- II. Indica na lectura os verbos que están en indicativo e por qué razón.
- III. Forma frases coas seguintes palabras, utilizando os tempos do indicativo.
 1. Ter, que, dar, a, ti, a, noticia.
 2. Decir, que, chegar, hoxe.
 3. Cando, vir, traer, moito, frío.
 4. Se, ter, cartos, ir, con, ti.

5. Xa, che, o, decir, se, ter, tempo.
6. Non, traer, o, neno, porque, chover.
7. Vir, a, ti, ben, que, eu, non, atoparte, en, o, camiño.
8. Cando, lle, gustar, a, comida, lamber, a, pota.
9. Ser, as, doce, cando, marchar.
10. No, lle, o, contar, por, moito, que, teimar.

IV. Versión ó galego:

1. He ido de paseo y me he cansado.
2. Estuvieron en la aldea para ver al pedáneo.
3. El juez no estaba y no se pudo celebrar el juicio.
4. Habrá que hablar con el alcalde y preguntarle si nos puede solucionar el asunto.
5. El sacerdote cuida de la iglesia.
6. Una vez que hubieron acabado con todo se marcharon de vacaciones.
7. En los juzgados de paz no se necesita un abogado como juez, sirve cualquier persona.
8. Se me escapó el perro y no lo encuentro.
9. Me encontré con él en la notaría y le di la noticia.
10. Hay mucho que ver y no dispongo de mucho tiempo.

V. Conversa:

¿Cómo di o mestre que vive o home?

¿Qué é unha aldea? ¿Cómo se chama se é más grande cá aldea?

¿Qué é unha parroquia?

¿Onde está o alcalde e quéén o axuda?

¿Qué é o pedáneo e qué fai?

¿Por qué di o mestre que fai falla un xuzgado en cada municipio?

¿Onde está o xuzgado de primeira instancia e cándo se recorre a el?

¿Qué pensou Lelo do seu compañoiro?

VI. Comenta os refráns seguintes:

1. A vida da aldea, Deus lla dea a quen a queira.
2. O que vai ó abogado, poucas veces volve desconsolado.
3. Leva o teu fío ó concello e ún diranche que é branco e outros que é negro.
4. Alcalde de aldea o que queira selo que o sexa.
5. Cen anos de guerras e non ún de pleitos.
6. Quen de pleito se libróu, boa sorte acadou.

TESTO LITERARIO

UN ENTERRO DE PRIMEIRA

Morréu un home deses
con máis abós ca días ten o ano.
—Media provincia en terras
e en diñeiro outro tanto,
cruz de Carlos III,
cadeira no Senado,
escudo no «landeaux», e «hotel» na rúa
de Goya ou de Serrano—.
Na tarxeta¹ da morte
que os xornais² publicaron,
os «ex» e os altos postos
encherían un saco:
—Ministro da Coroa,
Conselleiro³ de Estado,
Cabezaleiro⁴ ás veces,
cando non Secretario,
de Asociacións de Protección ás Bestas
e de Premio á Virtude e ó Traballo,
contra a Trata de Brancas,
de Fomento do Gando,

Xuntanzas patrióticas
e Casinos de rango...—
(Todo en letras maiúsculas
e tipo elceviriano,
pra que se vira ben que no-era⁵ o morto
ningún esfola-gatos).
E velahí vai o probe
nun carro do que tiran seis cabalos,
Porta do Sol adiante,
rúa Maior abaixo,
enzarrado⁶, ás escuras,
nun caixón de carballo.
Detrás, cregos e frades,
porteiros e lacaios,
coches da Real Casa,
—casacas roxas con galóns dourados,
media branca, peluca enfariñada⁷,
calzón corto, febilla⁸ no zapato—,
e en ringleiras, as pálidas meixelas
e os olliños pasmados
das nenas incluseiras
e os nenos asilados...
(¿Qué crueldade trae a estas farsadas
este xirón⁹ de humanidade tráxica?).
Despós, coas caras longas,
solenes¹⁰, de chisteira¹¹, enlevitados,
falándose baixiño,
con presa de enterralo,
os que eran inda onte seus compadres
nas festas ledas e nos negros tratos,
os que, se cadra, un día
o creto¹² lle enlixaron¹³.
De vagar, arredado do cortexo
camiño, paso a paso.

A mañá está limpa
e o sol de outono é caricioso e claro.
O pobo ri mirando prás garnidas
casacas dos lacaios,
as levitas solenes
e a negra fardamenta dos cabalos;
¡seica somentes eu ollo con pena
o caixón de carballo!

R. Cabanillas, *Obra completa*

Ed. Galicia, Buenos Aires 1959, pp. 79-80

NOTAS

- ¹ esquela
- ² periódicos (portuguesismo)
- ³ consejero
- ⁴ cabezalero
- ⁵ forma frecuente en Cabanillas por *non era*
- ⁶ encerrado

- ⁷ enharinada
- ⁸ hebilla (castellanismo por *fibela*)
- ⁹ jirón
- ¹⁰ solemnes
- ¹¹ chistera
- ¹² fama, reputación
- ¹³ ensuciaron, mancharon


LECTURA

As vacacións

Aquel día o mestre deulles ós rapaces a noticia:

—Xa sabedes que mañá non temos clase. Comenzan as vacacións.

Houbo un berro longo en tódalas gorxas. O profesor deixóu que as voces calaran e seguío:



—As vacacións, como tamén sabedes, non son pra perdé-las horas facendo o parvo. Non hai clases, pro vós podedes aproveitá-lo tempo de moitos xeitos. Os que quedades en Vilanova, amáis de vos bañar no río, podedes mirá-las labouras do vran, adicar-

vos a ollá-los paxaros e as froles, axudar a vosos pais más do que o facedes no curso...

—Eso xa o facemos no inverno, profesor.

—Ben sei, ho, pro agora habedes ter moito máis tempo pra facelo. No curso que ven, quero que todos saibades cómo se chaman os paxaros e as froles que hai en Vilanova. ¿Quén vai ir ó mar?

Lelo erguéu a man:

—Eu fun o ano pasado á casa de meus tíos en Portonovo. Supoño que este ano iréi tamén. Aquelo é moi divertido. Paso moito tempo na praia collendo cónchegas e pelouriños, facendo castelos na area e, de cando en vez, cun cordello e máis un engado collo algún peixe.

—Eso está ben —dixo o mestre—; as vacacións son pra folgar, pro hai que sabélo facer, tendo sempre unha boa disposición pra aprender cousas novas. O millor, desde logo, é deixá-lo lugar onde se está todo o ano e ir a outros sitios. Pro non é imprescindible. En calquera sitio se pode ún divertir e sempre atopamos moitas cousas interesantes que nos fan chegar ó novo curso con máis conocementos.

Cando Lelo chegou á casa, contóullo todo á nai. Enrique, que estaba diante, díxolle:

—A min paréceme moi ben eso. Tamén eu, se non fose o que teño entre mans, marchaba estes meses ó estranxeiro; a Inglaterra, poño por caso. Así conocía un país distinto deste, aprendía o inglés e, por riba, pasaba os dous meses de vacacións divertíndome todo o que poidese. Moitos amigos meus van marchar un ou dous meses a traballar fóra. Sacan prós viaxes e aínda lles queda algo forro.

—¿En Inglaterra hai praias, Enrique? —dixo Lelo.

—Claro, home. ¿Sei que non sabes que é unha illa?

—Pois entón, vou contigo a Inglaterra.

—Vaia, así xa non hai problemas, ¿nonsí, mamá?

—Non, ho. Estando Lelo por medio...

VOCABULARIO

gorxas: gargantas

cónchegas: conchas

pelouriños: guijarros pequeños

area: arena

folgar: descansar, estar ocioso

conocementos: conocimientos

forro: ahorrado

illa: isla

USOS DOS TEMPOS E DOS MODOS O SUBXUNTIVO

O subxuntivo é o modo da irrealidade, é decir, o daquelas accións que caen dentro do que é maxinable, deseñable, dudos, posible. Comparade nos exemplos que siguen cómo frases de contido real se opoñen a outras de contido irreal (lingüisticamente indicativo frente a subxuntivo):

Coido que ven pró San Froilán / non coido que veña pró San Froilán
«pienso que viene para el San Froilán / no creo que venga para el San Froilán».

Veu / quizás viñese «vino / quizás haya venido».

Chove / ¡que chova! «llueve / ¡que llueva!».

A este criterio, que atende ó contido ou significado das oracións, hai que engadi-lo do réxime:

A) Hai verbos que na **forma negativa** rixen obligatoriamente subxuntivo, como é o caso de *crer, coidar e supoñer; sempre* con subxuntivo van *querer e temer*:

Non creo que veña «no creo que venga».

Quero que o fagas «quiero que lo hagas».

B) Hai algunhas partículas subordinantes que rixen somentes subxuntivo sin que teña nada que vé-lo sentido da frase. Vede os seguintes exemplos, nos que sóio a **conxunción** é responsable do modo:

*Se non se porta ben, déalle leña «si no se porta bien, péguele».
Como non se porte ben, déalle leña.*

Entre as partículas subordinantes que rixen subxuntivo esclusivamente están, por ex., *como* (condic.), *porque* (final), *pra que, hastra que, sin que*.

- C) Co adverbio de duda *quizáis* é facultativo o uso do subxuntivo. Noutras expresións de duda, como *poida que, pode ser que* e algunas más, o subxuntivo é obligatorio.

Como norma xeral, podemos decir que os modos do galego correspóndense cos do castelán. Vexamos cada unha das formas en particular.

1. SUBXUNTIVO I (cante)

Espresa unha acción presente ou futura con referencia a outra tamén presente ou futura:

*Non quero que me digas nada «no quiero que me digas nada».
Dille que non veña hastra de hoxe nun ano «dile que no venga hasta dentro de un año».
Faréi o que poida «haré lo que pueda».*

Como vemos nos exemplos, hai unha correlación temporal: *digas ... quero, poida ... faréi*. É decir, o subxuntivo I espresa un tempo coincidente ou posterior ó expresado polo verbo da oración principal. Ora ben, esta referencia temporal ás veces non está expresada lingüisticamente. Neste caso supónse que a referencia é a do momento do diálogo. Dáse esto principalmente nas frases desiderativas, imperativas ou, simplemente, exclamativas:

*Que Deus te fade ben «que Dios te dé suerte».
Quédese aquí comigo «quédese aquí conmigo».
¡Sexa o que Deus queira! «¡sea lo que Dios quiera!».*

2. SUBXUNTIVO II (cantase)

Hai pra este tempo dúas formas aceptadas: **cantase** e **cantara**. En xeral, todo **cantase** é sustituíble por **cantara**, pro non ó revés. Lembrade que *cantara* é moitas veces pluscuamperfecto de indicativo e neste caso non equivale a **cantase**.

Así: *Paréceme raro que viñese «me parece raro que haya venido»* é sustituíble por *paréceme raro que viñera*. Pro *dixo que viñera «dijo que había venido»* non é sustituíble por **dixo que viñese*.

O máis enxebre é a forma **-se (cantase)** que, por outra banda, é a más preferida do pobo.

Con referencia á significación do subxuntivo II temos que distinguir tres casos:

- A) Dependendo dun verbo en pasado (perfecto, imperfecto, pluscuamperfecto) pódese expresar unha acción:

- a) **Anterior** á do verbo de que depende:

Aquel sacho non o mangaron ben, que se o mangasen ben non se desmangaba.

Ese día pillábanse os carros dos veciños, os arados, cancelas, cancelleiros... Non quedaba en orde cousa que Deus dese.

- b) **Contemporánea** ou **posterior** á do verbo de que depende:

*Tiña medo a que mentres iba me botasen de man «tenía miedo de que mientras iba me echasen el guante».
Non había quen quixese ir «no había quien quisiera ir».*

Ter en conta, polo tanto, que a forma galega **cantase**, tendo unha referencia no pasado, equivale ás formas castelás *cantase, hubiese cantado*. Ou sexa, en galego non se marca a diferencia perfectivo (*hubiese cantado*) / imperfectivo (*cantase*), por eso non témo-la forma **houbese cantado*.

- B) Dependendo dun verbo en presente ou en futuro, o subxuntivo II fai sempre referencia a un sucedido nun intre **anterior** ó da acción do verbo principal:

Non me importa o que fixeses antes de hoxe «no me importa lo que hayas hecho antes de hoy».

Dudo que calase «dudo que haya callado».

É a primeira vez que oio que houbese tal cousa «es la primera vez que oigo que haya habido tal cosa».

Como cando volva lle pasase algo ó neno has ter acordo «como cuando yo vuelva le haya pasado algo al niño te has de acordar de mí».

Por moito que te esmeres sempre ha de haber quen o fixese millor ca ti «por mucho que te esmeres siempre ha de haber quien lo haya hecho mejor que tú».

Lémbrese que neste caso, dependendo dun verbo en presente ou futuro, o subxuntivo II equivale ó castelán «haya + participio», coa diferencia de que en castelán refírese a un feito pasado e perfecto, mentres que o galego sóio a un feito pasado. Naturalmente, na lingua hai posibilidade de expresá-lo mesmo contido ca en castelán, por exemplo mediante a perífrasis **teña + participio**. Así:

Cando eu volva, espero que xa se teña ido o home ese «cuando yo vuelva, espero que ya se haya ido ese hombre».

- C) Hai veces que o subxuntivo II non depende de ningún verbo, senón que el mesmo fai de núcleo dunha oración independente. Tamén aquí debemos distinguir dous casos:

- a) Aqueles en que o contido da frase é un **desexo**:

¡Quén poidera convosco voar! «¡quién pudiera volar con vosotros!».

¡Se eu me volvera de 20! «¡si yo me volviera de 20!».

As pataquínas boas son ¡Houbera ben delas! «las patatas, qué buenas son. ¡Ojalá hubiese muchas!».

Notade ben que neste caso o subxuntivo II non ten valor temporal e tanto pode ser contemporáneo coma anterior ó momento do diálogo. O más común é que espese coincidencia:

¡Quén poidera convosco voar! (agora).

Caso de que así non sexa, hai que expresá-lo tempo por medios lésicos:

¡Quén poidera convosco voar, daquela!

¡Quén poidera convosco voar, en sendo eu mozo!

- b) Aqueles casos en que o contido da oración é un **reproche** por algo mal feito no pasado. Así:

Esquencínme de traelo. ¡Pois non te esquenceras! «me olvidé de traerlo. ¡Pues no haberte olvidado!».

Agora pésache por el. ¡Acordártase a tempo! «ahora te pesa por él. ¡Haberte acordado a tiempo!».

Neste segundo caso equivale, como se ve, á forma castelá «*hubiera + participio*» ou «*haberse + participio*».

Tanto pró desexo coma pró reproche, das dúas formas do Subxuntivo II (*cantase, cantara*), prefírese a segunda.

MODO IMPERATIVO

A única forma deste modo ten o mesmo valor e funcións có seu equivalente castelán.

EXERCICIOS

- I. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- II. Indica na lectura os verbos que están en subxuntivo e imperativo e por qué razón.

- III. Introduce nas frases seguintes o encabezado que vai en cursiva e modifica as formas verbais que sexa preciso sin variá-lo tempo.

Ex.: Foise sentar a rentes del. *Non coido que...*

Non coido que se fose sentar a rentes del.

1. É unha muller moito da súa casa. *Ela fai coma se...*
2. Vai marchar da casa un día destes. *Estou tremendo que...*
3. Come o que che dean. *Non...*
4. A quen ós trinta anos non ten siso e ós corenta non é rico, rachádelle o libro. *Como haxa...*
5. Contábame algúns contos. *Pedíalle que...*
6. Estivemos tres horas agardando. *Poida que...*
7. Cando el chegou xa ela tiña acabado. *Tiven medo que...*
8. Ha chegar el e non ha ter ela acabado. *Teño medo que...*
9. Veu onte. *Queira Deus que...*
10. Ven (el) hoxe. *Queira Deus que...*

- IV. Traduce a lectura ó castelán.

- V. Versión ó galego:

1. Es como si hubiera gritos de alegría.
2. Si tuviera muchas cosas repartiría contigo.
3. Como haya ido a casa de sus tíos habrá recibido la noticia.
4. No quisiera que vinieses conmigo.
5. Espero que te acuerdes de lo que te dije.
6. Duerme todo el tiempo que quieras.
7. Puede que durante las vacaciones aprendas algo nuevo.
8. Aunque te pongas furioso y te vuelvas loco, no sabrás lo que deseas saber.
9. Iría de buena gana al extranjero si no se lo impidiesen los exámenes de setiembre.
10. Te divierta o no, tienes que aprender los ejercicios.
11. Huye rápidamente para que no te cojan.
12. Acércate y dime lo que has oído.

VI. Conversa:

¿Por qué berran os rapaces na escola?

¿Cómo di o mestre que deben empregá-las vacacións?

¿Qué quere o mestre que saiban pró curso que ven?

¿Ónde estivo Lelo o ano pasado? ¿Qué facía?

¿Pra qué son as vacacións?

¿Qué di o Lelo ó chegar á casa? ¿Qué lle responde Enrique?

¿Por qué quere Lelo ir con Enrique a Inglaterra?

- VII. Redacción: Describe as túas vacacións de vran.

TESTO LITERARIO

Desde logo, tamén Laureano —coma Anselmo, coma Marcos, coma Xesús, coma Igartúa, coma tódolos españoles non comprendidos en casos especiales: enfermeiros, mordomos, adiñeirados, homosexuales ou becarios—, tamén Laureano traballara en Londres no «Ramo de Hostelería», aínda sendo el veterinario, ade máis de tipógrafo. Traballara no restaurante de Victoria Station. Estes socorridos traballos en restaurantes, cafeterías, hoteles —o más común era lavar cuncas, vasos, pratos, ou sexa, traballar no «washing up», como se adoitaba¹ decir— non eran desempeñados, de ordinario, legalmente, pro a Policía facía más ou menos coma se non soubera nada e non acostumaba² molestar a ningún hastra pasados uns meses. Despois de todo, como eran pequenos os salarios e facía falla man de obra, carecía de gravedade a infracción da lei e saían todos más ben beneficiados.

Pró español que legalmente quixera traballar no Reino Unido, había case namáis ca estes tres camiños:

- A) —O camiño sanitario (enfermeiro).
- B) —O camiño do servicio doméstico (mordomo ou «butler»).
- C) —O camiño de camareiro.

De tódolos xeitos, o anterior esquema é superficial. Na realidade, todo era máis complicado.

Pro agora Laureano estaba mal, porque levaba sin traballo varios días.

Camilo G. Suárez Llanos, *Como calquer outro día*

Ed. Galaxia, Vigo 1962, pp. 28-29

NOTAS


¹ acostumbraba, solía

² acostumbraba

LECTURA

Festa

Vilanova, por se non volo dixemos, é a cabeza dunha parroquia con 7 ou 8 lugares, que forman a freguesía de Ribarteme. Ún deles é Vilariño, que ven caendo no medio e medio dunha valgada cha e aberta a entrambos lados dun río que dá rega a moitas terras. Vilariño é un lugar de moitas herbas. Cada labrador mantén moi a gusto 8 e hasta 9 vacas e ben sabéde-lo que son as vacas: pra medí-la riqueza dunha casa abonda con mirar cántas hai na corte. Por eso Vilariño ten sona de sé-la aldea más farturenta da parroquia. Aínda é hoxe o día que non se sabe dun morgando de Vilariño que quedase sin casar: non quererán as mozas ir pra outro sitio, pro o que é pra Vilariño...



Vindo ó caso, Vilariño ten por patrón a Santiago e ben se sabe cómo son nas aldeas: se o Corpus en Vilanova foi sonado, o

Santiago en Vilariño non pode quedar atrás. Mesmo ó empezar xullo elexíuse unha comisión de festas entre a mocedade de Vilariño, pra que se encargase da organización de todo: Xelo quedou de ir falar cos músicos, Pedro de Moia encargouse da pólvora, o Mingos de Leirón e Roque de Macía prepararon unha tenda de bebidas pra sacar con qué pagar ós músicos e ó fogueteiro. Pepiño do Xastre, que era o de máis letras (estudiara hastra 6.^º), foi o encargado de escribilo programa. Védeo aquí:

VILARIÑO DE RIBARTEME
25 de xullo
FESTAS DE SANTIAGO

PROGRAMA

Ó riscá-lo día: Dianas e alboradas polos gaiteiros locales.

Ás 12: Misa cantada.

Ás 5: Concurso de gando patrocinado pola Diputación.

Ás 7: Gran baile amenizado polo afamado conxunto «The Boys» e o grupo de gaiteiros «Os enxebres».

Despós da cea: Gran verbena.

Os abonos ROSCA, S. A. son o millor que hai pra prados e leiras.

En moitas leguas arredor non houbo vila nin pobo onde non se apegase o cartel do Pepiño; porque, xa se sabe, se non hai reclamo non hai boa festa.

O víspora da festa, pola noitiña, presentóuse o fogueteiro cun macho cargado de foguetes e mesmo foi desaparellar e botar media ducia deles. Estouraron talmente coma tronos no lusco fusco.

Pra amanecer ó outro día saíron os gaiteiros tocando dianas e alboradas, asegún decía o programa. Ó son das gaitas, erguéronse as amas das casas pra matá-los pitos e poñé-los potes ó lume. Pouco despóis empezaron a chegar forasteiros, maiormente os ofrecidos ó santo. Uns viñan a pé, outros dacabalo, outros en coche. Logo se enchéu o lugar. Aínda bo é que en Vilariño ningúen é reparado en abrí-la cancela dun prado nun caso destes, se non non cabía a xente nos camiños e nos turreiros. Vilariño é unha aldea, pro non faltaron na festa os tiovivos, as lanchas voadoras, as barracas de tiro e outras atraccións. O que máis chamaba a atención dos nenos era un home que tiña ó lombo un pelejo de viño e por máis que vertía nunca se lle daba valdeirado. Había tamén aquí e alí, aproveitando a sombra dunha maceira ou de toldos, carros do país cheos de gaseosas, cervezas, caramelos e outras larpeiradas. Na carballeira do Fondo de Vila, onde estaba a feira, había tamén barracas de polbo. No turreiro, cabo da igrexa, estaba a tóbola da comisión de festas.

Pro vaimos por partes. Ás 12, como estaba previsto, foi a misa. Todo o mundo estivo a ela, e moi devoto, de non ser algúns descrídos que quedaron na taberna xogando á baraxa. Houbo procesión ó redor da igrexa e, mentres durou, tocaron as campás, por turno, Eladio do Civil e Suso do Zoqueiro. Non digamos xa dos foguetes.

Á saída da misa quen máis quen menos convidouse, xogóu uns boletos na tóbola e botou un pasodoble. Mentres tanto caía a hora de comer. A máis da xente traía a merenda da casa, pro houbo tamén moitos que estaban de convidados. Os Soutos foron comer cas Buxía e este intre aproveitóuno Enrique para lle pedir palabra á Auroriña, a filla máis nova do amo, pró baile das sete.

Ás 5 foi o concurso. En vacas levóu o primeiro premio unha

do Ferreiro de Lagoa. En almallos, ún de Cancio de Vilariño. Pro díxose que o xurado fora parcial.

Ás sete empezou o baile. Tocaban alternativamente o conxunto e os gaiteiros. O Enrique presentouse coa súa moza e non ben dá douis pasos ven Tino o Arrougado, péntalle no hombreiro e dille: «*Permité?*». O Enrique cedéu a parella e marchou romando todo cabreado. «*De Vilariño habías de ser! ¡Xa nos veremos en Vilanova!*».

Carme, que sorbia os ventos polo Pepiño, pouca máis sorte tivo. O Pepiño, xebre xa de Carme, falaba pró seu chaleque: «*Se pró ano que ven me toca facé-lo programa outra vez, heille poñer en letras ben grandes: «NON SE PERMITE O PERMITÉ».*

E así, nada máis empezar, foi a desfeita da festa pra Carme, Aurora, Enrique e Pepiño. Prós outros non foi hastra pasá-la media noite.

VOCABULARIO

freguesía: <i>feligresía</i>
valgada: <i>valle amplio</i>
cha: <i>llana</i>
abonda: <i>basta, es suficiente</i>
farturenta: <i>abundante, fértil</i>
morgado: <i>mayorazgo</i>
fogueteiro: <i>cohetero</i>
ó riscá-lo día: <i>al amanecer</i>
apegase: <i>pegase</i>
pola noitña: <i>a la anochecida</i>
desaparellar: <i>desaparejar</i>
estouraron: <i>detonaron con gran estrépito</i>

amañecer: <i>amanecer</i>
dacabalo: <i>a caballo</i>
ser reparado: <i>poner impedimento</i>
cancela: <i>cancilla</i>
turreiro: <i>espacio de terreno donde los aldeanos celebran sus fiestas</i>
valdeirado: <i>vaciado</i>
larpeiradas: <i>golosinas</i>
carballeira: <i>robledal</i>
polbo: <i>pulpo</i>
almallos: <i>toros sementales</i>
xurado: <i>jurado</i>

AS FORMAS INFINITAS DO VERBO

Chámense así aquelas formas verbales que non expresan modo nin tempo. Son o infinitivo, o xerundio e máilo participio. Como

non podemos facer un estudo estenso de cada ún deles, limitáremos a vé-las súas características más destacables.

1. O INFINITIVO (vede Gallego 1, pp. 151-153)

O infinitivo galego pode levar desinencias persoais, como outras formas do verbo. Estas desinencias son:

1. ^a	Ø	cantar
2. ^a	-es	cantares
3. ^a	Ø	cantar
4. ^a	-mos	cantarmos
5. ^a	-des	cantardes
6. ^a	-en	cantaren

A) Emprégase o infinitivo non persoal:

- a) Cando non hai suxeto persoal na frase nin hai posibilidade de repoñelo:

Non está ben deixar todo tan revolto «no está bien dejar todo tan revuelto».

Camiñar é moi sano «caminar es muy sano».

Compría facelo «era necesario hacerlo».

- b) Cando depende dun verbo persoal e ten o mesmo suxeto ca este:

Gústalles moito queixarse «les gusta mucho quejarse».

Non sabe facer outra cousa «no sabe hacer otra cosa».

Iban falar con seu pai «iban a hablar con su padre».

B) Pódese usá-lo infinitivo con desinencias persoais:

- a) Cando ten suxeto propio distinto do que leva o verbo principal:

Era o día de marcharen «era el día de marchar (ellos)».

Estares así non é normal «que estés así no es normal».

- b) Cando vai introducido por unha preposición ou un elemento equivalente, áinda que teña o mesmo suxeto có verbo do que depende:

Ó calaren falou o home aquel «al callarse ellos habló el hombre aquél».

Pra faceren eso non necesitan de mí «para hacer eso no necesitan de mí».

Nótese que, nestes dous casos, o infinitivo **precede** ó verbo. Se é o verbo o que vai diante, o infinitivo pode levar desinencias ou non:

Non necesitan de mí pra facer eso «no necesitan de mí para hacer eso».

Non necesitan de mí pra faceren eso.

A doble posibilidade é debida a que a frase é dabondo clara pola anteposición dunha forma persoal.

Úsase o infinitivo persoal sempre que se poida sustituir por unha forma finita do verbo:

Ó chegares, escribe = cando chegues, escribe

2. O XERUNDIO

Fóra das perífrasis, espresa unha circunstancia especial referida á acción do verbo principal. Funciona, pois, como complemento circunstancial:

Andando polo monte, chegaron á capela «andando por el monte, llegaron a la capilla».

Pódese referir tamén a un sustantivo; esto é, funcionar igual ca un adxetivo:

Vin unha muller lavando na roupa «vi a una mujer lavando la ropa».

É frecuente a construción **en + xerundio**:

En escurecendo, marchamos «en cuanto oscurezca, marchamos».

En calando vós, hei falar eu «en cuanto calléis vosotros, hablaré yo».

Ás veces, dáse a sufixación dun diminutivo:

¡Vai correndiño! «¡vete corriendo!».

En galego non esisten infinitivo nin xerundio compostos.

3. O PARTICIPIO

Fóra das perífrasis verbales, que se estudian na lección seguinte, o participio funciona sempre como un adxetivo.

O participio fórmase co morfema **-ado** prós verbos da primeira concjugación e **-ido** prós da segunda e da terceira. Existen participios irregulares. Veleiquí algúns:

de morrer	morto
de decir	dito
de facer	feito
de poñer	posto
de ver	visto
de abrir	aberto

Algúns verbos presentan doble forma. Unha delas, a regular, emprégase en función verbal (nas perífrasis, por exemplo). A irregular funciona sempre como adxetivo. Así:

de chocar	chocado	choco
de quentar	quentado	quente
de nubrar	nubrado	nubro
de espertar	espertado	esperto
de pagar	pagado	pago
de limpar	limpado	limpo
de fartar	fartado	farto
de acender	acendido	aceso
de coller	collido	colleito
de romper	rompido	roto
de moer	moído	mudo

Naturalmente, todas estas formas teñen alternancia masculino/femenino (*esperto/esperta*) e singular/plural (*esperto/espertos*).

EXERCICIOS

- I. Indica nas lecturas 19 e 20 as formas nominales que atopes.
- II. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- III. Completa, poñendo o infinitivo conxugado, e traduce as seguintes frases:
 1. Con (*ter*) tantos anos non tes moita cabeza.
 2. Pra (*facer*) esto non vos tiñades que poñer con tantos reparos.
 3. Xa era tempo de (*zar*, 1.^a pers. pl.).
 4. Ó (*sair*) pechade a porta.
 5. De (*vir*, 3.^a pers. pl.) será xa moi tarde.
- IV. Versión ó galego:
 1. Al llegar a casa llamadme por teléfono.
 2. Está despierto toda la noche.

3. El llegar tú tan tarde disgustó a mamá.
4. He calentado la sopa y aún está caliente.
5. Lo encontré comiendo y bebiendo.
6. Para darme esta noticia no necesitabais tantas vueltas.
7. Con gritar no consigues nada.
8. La luz estaba encendida.
9. Al llegar el hermano se acabó la fiesta.
10. Viniendo todos nos divertiremos más.

V. Traduce ó castelán a lectura.

VI. Conversa:

- ¿Qué é Vilanova?
 ¿Cál é a riqueza de Vilariño?
 ¿De qué ten fama Vilariño?
 ¿Cómo se organizan as festas?
 ¿Qué se fixo o víspora da festa?
 ¿Cómo é a mañá do día de festa?
 ¿Qué lle pasou a Enrique no baile?
 ¿Qué fixo a xente á saída da misa?

VII. Esplica os refráns seguintes:

1. Festa dun día pouca ruina cría; se dura más, quizás, quizás.
2. Ó que vai á festa pódelle rompé-la testa.
3. Se a vella é gaiteira, ¿qué fará a moza solteira?
4. Asegún me tocan, bailo.
5. Todo o que di o pandeiro non é verdadeiro.

VIII. Redacción: Un día de festa.

TESTOS LITERARIOS

ROMANCE DE DON GAIFEROS

—¿Ónde vai aquel romeiro, meu romeiro ónde irá?
 ¡Camiño de Compostela, non sei se aló chegará!

Os pés leva cheos de sangue, xa non pode más andar.
 ¡Malpocado! ¡Probe vello! Non sei se aló chegará.
 Ten longas e brancas barbas, ollos de doce mirar,
 ollos gazos¹, leonados, verdes coma auga do mar.
 —¿Ónde ides, meu romeiro? ¿Ónde queredes chegar?
 —Camiño de Compostela, onde teño o meu fogar².
 Compostela é miña terra, deixéina sete anos hai,
 relucente en sete soles, brillante coma un altar.
 —Cóllase a min, meu velliño, imos xuntos camiñar.
 Eu son troveiro³ das trovas da Virxe de Bonaval.
 —Eu chámome don Gaiferos, Gaiferos de Mormaltán:
 se agora non teño forzas, meu Santiago mas dará.
 Chegaron a Compostela e foron á catedral.
 Desta maneira falou Gaiferos de Mormaltán:
 —Gracias, meu señor Santiago, ós vosos pés me tes xa;
 se queres tirarme a vida, pódesma, Señor, tirar,
 porque morreréi contento nesta santa catedral.
 E o vello das brancas barbas caéu tendido no chan;
 pechou os seus ollos verdes, verdes coma auga do mar.
 O obispo que esto viu, alí o mandou enterrar.
 E así morréu, meus señores, Gaiferos de Mormaltán.
 ¡Este é ún dos moitos milagros que Santiago Apóstol fai!

Adaptación de F. Santalices
 Discos Columbia, ECGE 70918

NOTAS

¹ garzos

² hogar

³ trovero

Ir á misa nas festas e á saída
 na paz do adro conversar cos vellos
 deses ditos, costumes e consellos

con que a vida do campo está tecida.
 Tralo¹ humilde xantar, mentres que a xente
 moza relooca² no turreiro, ledá,
 ler un libro no fondo da arboreda
 ou visitar na vila algúns parentes.
 E ó volver cara á chouza³, pasenifo⁴,
 platicando da anada⁵ cun veciño,
 baixo a dourada craridá⁶ da tarde
 ir vertendo, ó pasar, na aldea en calma,
 este saúdo todo mel da i-alma:
 «¡Vaia con ben, paisano! ¡Deus o garde!».

R. Cabanillas, *Obra Completa*

Ed. Galicia, Buenos Aires 1959, p. 132

NOTAS

¹ tras el (forma popular)

⁴ muy despacio, poco a poco

² se divierte bulliciosamente

⁵ cosecha


³ choza

⁶ claridad (forma popular)

LECTURA

A pesca no mar

Don Antón ten un amigo na vila, médico coma el, que vai pasar sempre no vran uns días á praia e este ano convidóuno a estar con el unha semá facendo vida de solteiros. Chámase D.



e a pana ben limpa pra cando chegase o peixe. Tiveron coidado de levá-los traxes de augas, por se o tempo non tiña man. Co

Xosé e, como é un amigo da infancia, don Antón tiña unhas ganas doentes de ir velo pra relembrar tempos pasados.

D. Xosé é un gran pescador e amigo de tódolos mariñeiros do pobo, así que o primeiro día que chegou D. Antón xa lle tiñan preparada unha xornada completa de pesca. D. Antón sóio tivo que montar na lancha e deixarse ir, pois entre D. Xosé e os mariñeiros Venancio e Manolo tiñan amañados os aparellos e os gurruchos ben surtidos, a rede na cadeira da lancha

único que non contaran foi co estómago de D. Antón, que non estaba afeito ó vaivén da lancha e comenzou deseguida a revólverselle e a botar fóra o que comera antes do viaxe. Deste xeito, a primeira parte da xornada tivo que pasala deitado o probe de D. Antón na tilla da lancha, lembrándose da súa muller e dos seus pequenos, coma se fosse un moribundo.

Cando foi quen pra se erguer notou que xa largaran a rede; o peixe enmallara e os mariñeiros estaban embarcando con trueles ou salabardos. E ánda por riba de perdé-la xornada de pesca tivo que achantar coas bromas dos mariñeiros. Menos mal que á volta largáronse os palangres e D. Antón veu tendo conta do seu moi engaiolado. Así e todo, cando chegou ó porto e puxo o pé na terra, xuró de non volver a embarcar.

Comoquera que fosse, o viaxe espertou nel curiosidade polas cousas do mar e, máis ca nada, pola pesca, anque decidiu ponérse ó tanto por boca de D. Xosé, porque lle pareceu que así non habería risco de mareo.

E con esto déulle polo pau a D. Xosé, pra quen falar de pesca é unha teima; de vagar foille esplicando a D. Antón que os mariñeiros tiñan tres clases de aparellos de pesca: o primeiro tipo é o xeito, que se tende hastra que enmalla o peixe; por unha beira vai sostido pola lancha e pola outra leva un bourel e un pandullo ou un rizón. Coma o xeito son o sardiñal, a volanta, a beta ou embalo, a cazoeira, a rede de pión, a raeira, a rasca e o trasmallo, entre outros.

Outro tipo de rede é a traíña, aparello que se vai largando mentres o barco rodea o banco de peixe, facendo un cerco hastra chegar ó bourel que marca o primeiro pano da rede. Tírase entón dunha corda que leva a rede por baixo, chamada xareta ou chave, que a pecha coma se fosse unha bolsa dentro da que queda o peixe. Pra estes dous tipos de aparellos hai que embalá-lo peixe cun embalo. Coma a traíña son o trabuquete, a tarrafa e o cedazo.

O outro tipo de aparellos son os de arrastre, nos que hai que turrar polas pernas ou pernadas da rede, pra que o peixe quede

no cope; os más conocidos son a xábrega, o boliche, a parexa, a rapeta, o bou e a patexeira.

D. Xosé seguía, fala que te falarás, sobre das clases das mallas, das trallas, dos chumbos, dos palangres, dos anzós, das nasas, dos medios mundos, das paínzas, e qué sei eu de qué; pro D. Antón tiña tal rebumbio na cabeza que estaba empezando a botar de menos o vaivén do barco.

VOCABULARIO

relembra: recordar

mariñeiro: marinero

gurruchos: cestos redondos con asa

cadeira: compartimento de los barcos para meter las redes

o tempo non tiña man: el tiempo no continuaba bueno

trueles: aros de hierro o madera con una red en forma de saco

achantar: soportar, aguantar

engaiolado: embelesado, embebido

bourel: boya compuesta de muchos corchos unidos en las redes de pescar

pandullo: piedra arriñonada que se ata a las relinas inferiores de las redes

sardiñal: sardinal

volanta: aparejo de pesca que se emplea para la merluza, el abadejo y el escacho

embalo: procedimiento de pesca por el que los peces son atraídos por medio de golpes; palo con el que se golpea el agua

cazocera: cazonal

rede de pión: tipo de red

raeira: aparejo pesquero para las rayas

rasca: arte fijo de fondo para la pesca de la langosta

xareta: cuerda que lleva la red por debajo

chave: véde xareta

tarrafa: arte de cerco y jareta

pernas da rede: las dos bandas que forman parte de la red de varios aparejos propios de Galicia

pernadas da rede: véde pernas da rede

xábrega: jábega

parexa: sistema de pesca con dos barcos para arrastrar las redes

rapeta: arte de arrastre

patexeira: arte de arrastre

medios mundos: aparejos de pesca, formando un cerco redondo

paínzas: barras de hierro en forma de lanza para pescar «longuerón»

PERIFRASIS VERBALES (vede Gallego 1, pp. 172-175)

As perifrasis verbales compónense dun verbo en forma persoal e máis dun infinitivo, xerundio ou participio. O primeiro chámase

verbo ou forma ausiliar; o segundo, forma ausiliada. Entre as dúas pode existir unha preposición ou concunción. Das dúas formas verbales que componen a perífrasis, a primeira indica a persoa, tempo e modo; a segunda aporta o contido semántico esencial. O significado da perífrasis é, non embargantes, unitario. Esto é debido principalmente a que o verbo ausiliar foi perdendo a súa significación orixinal progresivamente hasta se trasformar nun elemento puramente gramatical. Son perífrasis verbales, por exemplo:

Heille levar un feixe de libros «he de llevarle un montón de libros».

Teño que levá-lo neno á escola «tengo que llevar el niño a la escuela».

Vou calear estas paredes «voy a blanquear estas paredes».

Levo visto moitas terras «he visto muchas tierras».

Teño estado miles de veces na súa casa «he estado miles de veces en su casa».

Estou escribindo unha carta «estoy escribiendo una carta».

Ando a escribir un libro «estoy escribiendo un libro».

Baseándonos nestes criterios, consideraremos perífrasis verbales as construcións antes indicadas. En troques, construcións coma as seguintes:

Debemos agardar por eles «debemos esperar por ellos».

Quérenvos levar con eles «os quieren llevar con ellos».

Pensa voltar canto antes «piensa volver cuanto antes»,

non son perífrasis, porque nelas o primeiro elemento conserva o seu sentido orixinal. Non hai, pois, grammaticalización e, polo tanto, tampouco existe verbo ausiliar.

Vexamos agora as principales perífrasis verbales do galego.

A) Acción referida ó futuro

IR, HABER, HABER DE + INFINITIVO indican un proceso fu-

turo. Co auxiliar *ir* queda más patente a voluntariedade do suxeto:

Vouvos contar un caso curioso «os voy a contar un caso curioso».

Imos botar unha cántiga «vamos a cantar una canción».

Con **haber** está más patente a obligatoriedade:

Hasme (de) traer aquel libro «me has de traer aquel libro».

Hei (de) ir un día á vosa casa «he de ir un día a vuestra casa».

Naturalmente, debido á gramaticalización, estes valores non están sempre presentes:

Se non apuras vas perdé-lo tren «si no te apuras vas a perder el tren».

Este neno ha chegar moi alto «este niño ha de llegar muy alto».

ESTAR A + INFINITIVO pode indicar unha acción a punto de ocorrir:

Están a saír da casa «están para salir de la casa».

Estou a acabá-lo libro «estoy a punto de acabar el libro».

B) **Acción durativa**

ESTAR A, ANDAR A + INFINITIVO indican un proceso que se está realizando:

Andan a segá-lo centeo «andan segando el centeno».

Estou a agardar por ela «estoy aguardando por ella».

O mesmo valor teñen **ANDAR, ESTAR e LEVAR + XERUNDIO**:

Andan segando o centeo.

Estou agardando por ela.

Levan falando media hora «llevan hablando media hora».

IR + XERUNDIO espresa un proceso durativo e, ó mesmo tempo, pasenxamente realizado:

A porta foise pechando «la puerta se fue cerrando».

Os rapaces van adepredendo a ler «los muchachos van aprendiendo a leer».

C) **Acción obligatoria**

Pode ser expresada polas seguintes perifrasis verbales: **TER QUE, TER DE, HABER, HABER DE, HABER QUE + INFINITIVO**:

Teño que escribirlle a meu irmán «tengo que escribirle a mi hermano».

Teño de escribirlle a meu irmán.

Has (de) ir onde eu queira «has de ir a donde yo quiera».

Hai que falarlle moi alto pra que sinta «hay que hablarle muy alto para que oiga».

DEBER (DE) + INFINITIVO non a debemos considerar perifrasis cando ten valor obligativo.

D) **Acción hipotética**

Pódese expresar por medio de **DEBER OU DEBER DE + INFINITIVO**:

Non debe saber moito porque non di nada «no debe saber mucho porque no dice nada».

Debe de chegar hoxe porque están todos na estación «debe llegar hoy porque están todos en la estación».

E) **Acción irreal no pasado**

É expresada por **HABER (DE) + INFINITIVO**:

Houbemos de levar un bo golpe «estuvimos a punto de llevar un buen golpe».

F) Comenzo da acción

Empréganse normalmente as construcións BOTAR A, POÑER-SE A + INFINITIVO:

Botóuse a berrar coma unha tola «se puso a gritar como una loca».

Puxéronse a falar de vestidos «se pusieron a hablar de vestidos».

G) Valor terminativo

VIR A, CHEGAR A + INFINITIVO indican accións que chegan ó seu remate, mais cunha indicación a todo o proceso desenvolvido hasta ese intre:

Viñeron a saber por fin quién era aquel home «llegaron a saber por fin quién era aquel hombre».

Chegaron a ser coma amigos «llegaron a ser como amigos».

H) Acción rematada

LEVAR + PARTICIPIO indica a acción rematada:

Moito leva sofrido ese home «mucho lleva sufrido ese hombre».

TER + PARTICIPIO expresa unha acción rematada e reiterada:

Aquí temos visto moito deso «aquí hemos visto mucho de eso».

DAR + PARTICIPIO indica tamén a acción rematada. Úsase xeralmente en forma negativa:

Non dou feito este traballo «no soy capaz de hacer este trabajo».

I) Estado

A máis importante perifrasis de estado é ESTAR + PARTICIPIO:

O camiño está cuberto de neve «el camino está cubierto de nieve».

J) Voz pasiva

É moi pouco frecuente. Fórmase coa perifrasis SER + PAR-TICIPIO:

Moitas arbres foron deitadas por aquel airón «muchos árboles fueron tumbados por aquel ventarrón».

EXERCICIOS

- I. Indica as perifrasis verbales que aparecen nas lecturas 19, 20 e 21 e o seu valor.
- II. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.
- III. Traduce a lectura ó castelán.
- IV. Versión ó galego:
 1. Le has de llevar todas las manzanas.
 2. Tenemos que ver cómo se porta el chico.
 3. Estoy cansado de decirte siempre lo mismo.
 4. Llegaron a tener muchos millones.
 5. Estoy acabando de escribir esta carta.
 6. Andaban buscando una criada.
 7. Fuimos a buscar los paquetes a la estación.
 8. Los injertos fueron deshechos por el granizo.
 9. Se echó a llorar cuando recibió la noticia.
 10. He estado muchas veces en el teatro.
 11. Los alimentos se fueron acabando.
 12. Estuvimos a punto de coger una pulmonía.

V. Conversa:

- ¿Con quién foi pescar D. Antón?
¿Cál é a afición de D. Xosé?

¿Qué lle tiñan preparado a D. Antón pra cando chegase?
¿Amáis dos aparellos qué outras cousas levaron?
¿Qué lle pasóu a D. Antón no mar?
¿Cómo pasóu D. Antón a primeira parte da xornada?
¿Cántas clases de aparellos hai?
¿De qué fala Don Xosé?

VI. Redacción: Un día de pesca no mar.

VII. Comenta as cántigas e os refráns seguintes:

1. Arrimadiña a unha pena 3. O mariñeiro no mar
púxenme a considerar ten sempre dabondo pena:
os traballiños que pasa unha vez perde o timón,
un mariñeiro no mar. outra vez rífalle a vela.
2. Non o quero mariñeiro 4. O mariñeiro o domingo,
nin tampouco pescador, bo zapato e boa media,
que teñen o mar por cama o luns pola mañanciña
e o ceo por cobertor. vai descalzo pola area.
5. Mariñeiro que dorme, peixes non colle.
6. O que non se aventura non pasa o mar.
7. Non hai millor rede cá que colle o peixe.
8. Quen non sabe de mar, non sabe de marear.

TESTOS LITERARIOS

AXÚDATE

O vello Bastián botou un grolo de viño, limpou o bico¹ coa manga da chaqueta, e, acomodándose no banco coma quen se dispón pra unha longa conversa, dixo:

—Rapaces, atendede este feito que me pasóu a min cando era patrón do falucho *A Virxe de Chamorro*, que foi a embarcación máis lixeira e de más sorte de cantas saíron da praia de Mani-

ños. Eramos catorce homes. Saímos unha mañá moi cedo, o día da Asunción, ó mar. Chegamos hastra a altura do cabo Prior, onde atopamos co falucho de Pepe do Rilo, que era un beato a quien Deus teña na súa presencia.

O mar estaba rizado: as marexadas tiñan un movemento desigual no cume, que me facía desconfiar do tempo. Cando nos preparabamos a pescar (estabamos a quince millas de Prioriño) o ceo comenzouse a poñer rubio, acendido pola banda de Nordeste. Despois, pasenxamente, foi esmorecendo aquela cor hastra se tornar en cincuenta e tristeira.

Compañeircs —dixen eu entón— estásse preparando un fero² Nordeste.

As marexadas comenzáronse a erguer, lixeiras, súpetas³. De vez en cando os *carneiros*⁴ asomaban por enriba das ondas. O vento inflaba a vela de tal xeito que coidéi que se tronzaría o pau.

—¡Cara á terra! —berréi—; e dunha orzada⁵ puxen a popa ó temporal.

¡Aínda me arrepío, rapaces, aínda se me calla o sangue nas veas pensando naqueles duros momentos! As gaivotas viraban as ás pra un lado, despóis pró outro... Baixaban hastra tocaren a tona do mar, e logo subían ás nubes, como unha cortiza⁶ moi afondada que se ceiba e busca o alto das escuras augas.

Tomamos un rizo á vela; pouco despóis tivemos que tomalos todos. Xa non quedaba máis ca unha vara de pano. Unha forte racha asubiou rifando a vela⁷: non quedaba máis remedio ca abaixala. A pau seco seguímo-la nosa retirada.

A cen brazas, por babor, navegaba a lancha de Pepe do Rilo.

O vento zumbaba con tal furia, que, arrincando a auga do mar, semellaba un espeso neboeiro. As ardentías, cada vez más altas e más bruantes⁸, comenzaban a branquear ó longo. O sol xa non se vía, coma se chegara pra nós a triste noite das tebras. Erguín a cabeza... ¡meu Deus!... o ceo estaba claro por enriba do meu curuto⁹. As gaivotas, berrando, asustadas, fuxían en bus-

ca dos penedos da costa brava. ¡A mareira, a negra mareira rexurdía¹⁰ con toda a súa maldita traición!

Se unha daquelas ardentes, se unha daquelas bruantes mrexadas chegaba a romper sobre a popa do falucho . ¡eramos perdidos! ¡A morte amostraba xa a súa negra boca desde o fondo do mar salado!

* * *

Chegamos ó abrigo do Segundo, e logo despóis a Mugardos. No malecón agardábanno-las nosas familias.

M. Lugris Freire, *A carón do lar*
Ed. Castrelos, Vigo 1970, pp. 17-18, 20

NOTAS

¹ labio, parte en torno a los labios	⁶ corteza, corcho, colmena
² fiero	⁷ enredando la vela
³ repentinhas, súbitas	⁸ rugientes
⁴ espuma que se forma en la cresta	⁹ coronilla
de las olas	¹⁰ resurgía
⁵ golpe, giro al orzar	

GALERNAZO

Vías de auga,
velas rotas,
o demo ceibo na barra,
foxen prá terra as gaivotas,
¡e chorán nenos en Corme!,
e a nai que ten moitos fillos
non sei cómo sono dorme...

A. Noriega Varela, *Do Ermo*
4.^a ed., Lugo 1946, p. 111


LECTURA

Barcos

O señor Venancio e Manolo, dous mariñeiros amigos de D. Antón, son bos conoedores das cousas do mar, porque desde os 14 anos son pescadores de oficio. O outro día, nunha taberna da Cruña, que lle chaman «O arao», comentaban con D. Xosé e D. Antón a derradeira xornada de pesca, na que tantas pezas de robalo mataran.

—Hogano foi de sorte pró noso bou —decía Venancio—. Quizáis sacaríamos máis de 100.000 pesos da venda do peixe. Xa se sabe que somos varios a repartir, pro de calquera xeito ainda tocamos a unha boa tallada. Cando eu era novo andabamos nunha lancha xeiteira, a remos ou a vela, que daquela ninguén andaba a motor...

—Beba outro vasiño,
D. Antón, que este élle un bo viño de Cambados —tercia Manolo.



...e levabámo-las bancadas cheas de rede e homes —proseguíu Venancio—; o peixe non lles era nada doadó de atopar: tiñamos que andar á ardora ou ó mansío pra dar con el. E áinda por riba facer tódalas faenas á man...

—Tome outro vasiño D. Antón, que é bebedeiro.

...agora fano todo de outro xeito. Pra largar usan roldanas e poleas desas e hastra buscan o peixe con radar. Con recirlle que non sóio van a motor as lanchas, as bujetas e hastra os botes (que na miña mocedadade ¡quén se acorda!), senón que chegan a poñérllelo ás chalanás e mesmo ás dormas. Áinda me acordo ben da última en que andiven, que era do Rancho, un patrón que había aquí moi afamado...

—Tome outro vasiño, D. Antón.

...Aquela dorna era moi mariñeira. Tiña uns 6 metros de eslora e dous de manga. Era chata de popa e de proa bicuda. Levaba tres bancadas: a cadeira, o panel e o cubilete. Logo estaba o cofiño de popa. ¿Vostede viu algunha vez unha dorna por dentro?...

D. Antón negóuno cun movemento de cabeza e, entremetros, Manolo enchíalle de novo o vaso.

...Pois a dorna éralle coma todas, pro era a máis xeitosa de cantas barcas había por aquí. Díolle esto porque están a desaparecer e é unha boa pena.

—Pedro, o Chanqueiro, debéuse enrolar na vaca do Chosco. ¿Sentiches algo? —preguntóulle Manolo ó Venancio.

—Non sabía nada, pro coido que o Chosco non o contratará, porque o Pedro é mariñeiro de terra adentro: maréase nos barcos, non sabe andar polos corredores, non ten idea do que é un estrobo ou un tolete, pois nunca colléu un remo na man, e estou seguro de que cando o colla ha de agarralo pola pa en vez de polo aguión.

—¿Non quere outro vasiño, D. Antón?

Desta vez D. Antón sacóu forzas de non sei ónde e conseguiu decir que se tiña que ir prá casa, que lle era tarde, que lle iba

rifar Dona Rosario. En vez de ver un par de mariñeiros vía catro envoltos nunha nube de fume. O viño ser sería froxo, pro traballara.

Cando saíu á rúa o mareo volvéuse ledicia e, sin pensar que se o vían os seus fillos e a súa muller lle iban perdé-lo respeito que lle tiñan, púxose a cantar facendo eses:

Miña dorna, miña dorna,
xeitosiña e ben lixeira,
dá gusto vela chegare
cargadiña de vieira.

VOCABULARIO

robalo: *róbalo*

de calquera xeito: *de cualquier manera*

tallada: *tajada*

doadó: *fácil*

á ardora: *sistema de pesca en el que se emplea la fosforescencia del mar para localizar los bancos de peces*

mansío: *banco de sardinas*

ser bebedeiro: *(referido al vino) que se bebe bien*

buetas: *pequeños botes de remo, con proa y popa redondeadas*

bicuda: *puntiaguda*

cadeira: *compartimiento de los barcos para meter las redes*

panel: *compartimiento de las lanchas pesqueras en que se echa el pescado que se coge o se colocan las redes o enseres*

cubilete: *pequeño departamento de una embarcación pesquera en el que se echan los peces*

entremetros: *mientras tanto*

vaca: *tipo de embarcación pesquera*

aguión: *parte por donde se empuña el remo*

envoltos: *envueltos*

fume: *humo*

O ADVERBIO (vede Gallego 1, pp. 182-184)

Adverbio é unha palabra que espresa unha circunstancia referida ó verbo ou ben modifica a un adjetivo e mesmo a outro adverbio. Entre os moitos que pode haber, velahí os máis importantes:

1. DE TEMPO

Temos que considerá-los seguintes casos:


- A) Aqueles en que a modificación temporal se mide dunha maneira absoluta; é decir, desde o momento presente. Temos que ter en conta dous sistemas según a vaguedade dos termos que se oponen:

a)	<i>trasanente</i>	<i>antonte</i>	<i>onte</i>	<i>hoxe</i>	<i>mañá</i>	<i>pasadomañá</i>
b)	<i>noutrora</i>	<i>antes</i>	<i>agora</i>	<i>logo</i>	<i>axiña</i>	<i>despois</i>

Como é lóxico, cada termo ten un valor relativo ós outros todos.

- B) Aqueloutros en que o modificador temporal ten valor relativo; é decir, cando se refire a un tempo xa expresado, que tanto pode ser presente coma pasado ou futuro. As circunstancias poden ser: **coincidencia puntual** (*daquela*, *entón*, *xa*, *aínda*, *cando*), **coincidencia durativa** (*mentres*, *entrementres*), **anterioridade remota** (*antes*), **posterioridade remota** (*despois*).

Esquemáticamente, tomado a liña como unha secuencia temporal que vai do pasado cara ó futuro:



Compren unhas observacións:

- a) **Xa** con tempos imperfectivos do verbo (presente e imperfecto) espresa coincidencia co intre de que se fala, dándolle á acción verbal perspectiva cara ó futuro (*xa chove*, *xa non chove*); con tempos perfectivos do verbo (perfecto e pluscuamperfecto) espresa coincidencia co remate da acción (*xa comín abondo*, *xa non comín outro bocado*).
- b) **Aínda** espresa coincidencia cun proceso ou estado, dándolle perspectiva cara a un pasado (*aínda chove*, *aínda non chove*, *aínda non tiven tempo*).
- c) **Daquela** e **entón** son pronominales demostrativos e equivalen a «naquel momento».
- d) **Cando** é pronominal relativo e equivale a «no momento en que».

- C) Hai, por último, adverbios que abarcan todo o tempo: *sempre*, *decote* e *nunca*.

Quedan moitas outras posibilidades na lingua de precisá-los momentos dunha acción. Unha moi frecuente é adxuntando o adverbio modal *mesmo*: *agora mesmo*, *mañá mesmo*. Hai igualmente un número grande de frases adverbiais que cumplen a mesma función. Por exemplo: *de contado*, *a miúdo*, *de camiño*.

2. DE LUGAR

Tamén na expresión do lugar debemos considerar varios casos:

- A) Aqueles casos en que a determinación do sitio se mide dunha maneira absoluta; é decir, desde a posición do falante. Neste sentido hai que considerar aínda dous sistemas:

SISTEMA 1	aquí	ahí	alí
SISTEMA 2	acá acó	alá acolá aló acoló	

Cando aparecen dúas ou más formas na mesma cesta trátase de sinónimos.

Os adverbios do Sistema 1 refírense a **estados**, os do Sistema 2 a **movementos**: *Velo ahí está; velo alá vai; aquí está; traino acá; aquí chovéu; ¿qué pasou por alá?* Non sempre se manteñen ben separados ambos sistemas, anque se pode decir que, en xeral, o primeiro pode sustituír ó segundo e non viceversa.

Estes adverbios pódense traspoñer á esfera temporal:

De aquí a alá ha de haber moito que ver «de aquí a allá ha de haber mucho que ver».

Eso foi alá en tempos moi vellos «eso fue allá en tiempos muy remotos».

- B) Aqueloutros casos en que a localización se mide dunha maneira relativa; é decir, con referencia a unha cousa calquera. Se maximamos espacio tridimensional (un caixón, por exemplo), podemos colocar unha chave **dentro** ou **fóra**, **diante** ou **detrás**, **enriba** ou **debaixo**, **perto** ou **lonxe**. Hai, naturalmente, outros procedementos de localizar e precisar un punto; por exemplo, mediante frases más ou menos longas: **A carón**, **a rentes**, **a rentes mesmo**, **ó redor**, **á beira**, **á beirña**, etc.
- C) Se hai adverbios correlatos dos pronomes demostrativos, tamén hai outros que teñen correspondencia cos relativos

(**onde**), cos interrogativos (**¿ónde?**, **¿ú?**), e cos indefinidos (**algures**, **ningures**). O interrogativo **¿ú?** leva enclítica a 2.^a forma do artigo ou o pronomé oblicuo de 3.^a persoa, concertando en xénero e número coa cousa preguntada:

Velahí tes un coitelo. ¿Úlo? «ahí tienes un cuchillo. ¿En dónde?».

Sei de dous niños de pega. ¿Úlos? «sé de dos nidos de urraca. ¿En dónde?».

¿Ú-los gatos? «¿en dónde están los gatos?».

3. DE MODO

Espresan unha modalidade. Tamén, como nos casos anteriores, debemos considerar varias clases:

- A) De significación **ocasional**; é decir, pronominales: o demonstrativo **así**, o relativo **como/coma**, o interrogativo **¿cómo?** e o indefinido **igual**.
- B) De significación **constante**: **ben**, **mal**, **despacio**, **mesmo**, **boamente**, **malamente**, e moitos outros en **-mente**. Tamén se poden usar como adverbios de modo moitos adxetivos: *falar alto*, *caber xusto*, *andar lento*... Modos de ser ou de facer hainos por milleiros. Podemos decir, sin medo a pasarnos, que cada cousa ten o seu xeito. Por eso as expresións modales son as más abundantes de todas: **a modo**, **a xeito**, **ás apalpadas**, **ós poucos**, **de vagar**, **a eito**, **de face**, **de camiño**, **a miúdo**, **de seguido**, **ó chou**, **ó bon tuntún**, **á pata coxa**... Cando non hai un adverbio ou unha expresión modal xa feita recúrrrese ás comparanzas, que se forman coas seguintes fórmulas:

tal cal

tal tal

así coma.

4. QUANTITATIVOS

Precisan o seu núcleo engadindo unha idea de cantidade. Son case sempre pronominales. Esta é a lista dos máis importantes: **canto** (relativo), **tan, tanto** (demonstrativos), **moi, moito, más, abondo, demáis, nada, menos, sóio, case, ben, miga, chisca, pisca** (indefinidos), **cánto** (interrogativo e exclamativo). Tamén hai frases adverbiais prá expresión da cantidade. Estas baséanse xeralmente nunha comparanza e fórmanse con arreglo ás seguintes fórmulas:

tan(to)... ...**coma, canto**
máis... ...**ca**
menos... ...**ca**

Nótese:

- a) **Ben**, aparte da súa significación modal más frecuente, resulta moitas veces síntesis de *moito* e *moi*, anque é más ponderativo:

Amoláchesme ben «me fastidiaste mucho».

Teño ben que facer «tengo mucho que hacer».

Hai ben que foi eso «hace mucho que fue eso».

Quéroche ben «te quiero mucho».

- b) **Case**, amais do seu significado normal (cast. «caso»), é moitas veces exclamativo:

¡Case me doi este dedo! «¡cómo me duele este dedo!».

¡Case me amolaches! «¡cómo me fastidiaste!».

5. DE ORDE

Son, en realidade, unha variante dos de tempo. Nunha sucesión de cousas ou de feitos marcan os turnos en que se suceden. Así, por exemplo: **primeiramente, despóns, en terceiro lugar, finalmente**.

6. DE AFIRMACIÓN

Dinnos de algo que sucede. A afirmación sóio pode ser unha:

sí, tamén. De todas maneiras pódese expresar unha afirmación con diferentes grados de énfasis: **sí por certo, abofé, certamente, seguramente.**

7. DE NEGACIÓN

Dinnos de algo que non sucede: **non, tampouco.** Tamén hai grados de negación, que se expresan especialmente mediante frases adverbiales: **nunca, nunca na vida, non por certo, etc.**

Nótese que en galego non é frecuente contestar cos adverbios **sí** e **non** pra afirmar ou negar. Prefírese repetí-lo verbo, ou o auxiliar do verbo nas perifrasis. Así: *¿Vas á feira?* — *Vou*; *¿Foches á feira?* — *Non fun*; *¿has vir á miña casa?* — *Hei*; *¿habería moito que ver?* — *Non houbo tal*.

7. DE DUDA

Dinnos de algo do que o noso conocemento non está seguro. Os principales son: **quizáis, seica, igual** e moitas frases como **se cadra, pode ser, o mesmo**, etc.

EXERCICIOS

- I. Indica os adverbios que se atopan nas lecturas 21 e 22 e o seu valor.
- II. Conxuga os tempos dos verbos que están na lectura.
- III. Traduce ó castelán a lectura.
- IV. Versión ó galego:
 1. Ahora no hay tantas dornas como antes; dentro de poco desaparecerán.
 2. Ayer me dijiste otra cosa, hoy me dices así y mañana cambiarás otra vez de idea.
 3. En alguna parte lo encontraremos.

4. Entonces no había tanto ruido como en nuestro tiempo.
5. El árbol estaba caído a ras del suelo.
6. Durante el invierno está siempre al lado del fuego.
7. Hay bastante trabajo en los barcos y fuera de ellos.
8. Siempre me dices lo mismo y luego haces lo que quieras.
9. También yo te dije que sí.
10. Detrás de mí te puedes poner, pero delante no lo consiento.
11. Bien o mal, el caso es hacerlo.
12. Pronto tendrás noticias mías y a menudo.

V. Conversa:

- ¿Qué son Venancio e Manolo?
 ¿De qué falaron con D. Xosé e D. Antón?
 ¿Cómo lles foi na derradeira xornada de pesca?
 ¿Cómo di Venancio que pescaban cando eran novos?
 ¿Cómo fan agora a pesca?
 ¿Qué fai D. Antón mentres escoita a conversa?
 ¿Por qué din que o Chosco non contratará a Pedro o Chanqueiro?
 ¿Qué lle pasaba a D. Antón cando marchóu?

VI. Redacción: Describe algunha embarcación que conozas.

TESTO LITERARIO

Os probes de Deus

Mais nos seus intres de quietude, saltábanlle as bágoas ó falar do seu buque.

—¡Figurarvos! —contaba no corro dos vellos—. Era un barco grande, con moitas bandeiras e velas branquiñas coma a mesma escuma do mar. Eu alí no timón, mandando á xente. ¡Orza!
 ¡Vira! Alí éravos coma un rei este vello. ¡O meu bergantín! Non sei qué daba porque o vírades un intre. ¡Quedaríades parviños!

E tamén na Casa da Caridade aquel home tiña un aristocrático prestixio. ¡Fora capitán de barco!

Ninguén podía decir outro tanto, e todos, pois, sentíndose inferiores a aquel home que tanto mundo andivera, ollábano coma un ser superior.

Cando caera doente, todos iban á beira do seu leito escoitá-las historias. E decote, denantes¹ de se deitaren, chegaban onda el pra preguntarlle pola súa saúde.

Mais pouco e pouco ficou soio, agás² da compaña que lle facía algúns intres o vello Lueiro.

Decote chamábao á súa beira pra botar un párrafo, que invariabilmente escomenzaba polo eloxio do bergantín seu.

—¡Se víra-lo meu bergantín! ¡Quedábaste parviño!

E o mesmo acotío³, arreo. Tiña arelas⁴ de que o escoitaran e fixeran xestos⁵ de asombro. Entón ficaba satisfeito e poñíase a cantar coplas mariñeiras.

E tíñalle boa lei ó Pedro Lueiro, porque se asombraba de todo o que lle contaba, e sentíase ledo da súainxenuidade.

Amado Carballo, *Obras en prosa e verso*
Ed. Castrellos, Vigo 1970, pp. 32-33

NOTAS

¹ antes

² excepto, fuera de

³ diariamente

⁴ ansias

⁵ gestos

LECTURA


Os viaxes ó estranxeiro

Enrique non poido ir a Inglaterra, porque seus pais non quixeron e tamén por culpa da carreira, que o andaba amolando máis da conta. Non lle entraban ben as cousas da Patoloxía e

tiña que traballar arreo pra botala en setembre. Dábanlle envexa outros compañeiros e amigos, que tiveran más sorte cos esames do curso, e tamén aqueles lacazáns pra quen daba o mesmo aprobar en setembre ou en febreiro.

Destes eran Manolo e Rafael, que andaban ás voltas co selectivo de Filosofía. Aquel vran marcharon pra Francia, con poucos cartos e dispostos a dar bo cabo deles. En París atoparon con moitos conocidos, entre eles

Camilo e Filiberto, veciños da mesma vila, cos que tiñan xa pasadas moitas horas de troula polas rúas de Santiago e de Salamanca. Filiberto era pintor e pasaba moitas tempadas na capital fran-



cesa, unhas veces con cartos e outras vivindo de pan e leite. Naqueles días vendera algúun cadro e espallaba o diñeiro ás mancheas. Os franceses no seu peto rebulían e tódolos amigos aproveitaban a súa boa fortuna.

Naquela ocasión, cando se atoparon os catro amigos, decidiron mercar un coche de segunda man e dar unha camiñada polos países do Mercado Común. Escomenzaron por Bélgica, seguiron por Holanda e chegaron despóis a Alemania. En Bruselas estiveron algúun tempo, pra que Filiberto poidera vender algúun cadro. O rapaz dábase moita maña prós facer e tiña unha técnica especial pra tirar 5 ou 6 copias dun mesmo orixinal. Non é que as copias derradeiras tivesen a mesma cara cás primeiras, pro valían pra ter conta dos clientes; e Filiberto tiña moitos naquela capital, onde xa era conocido.

Despós de deixar Bruselas, colleron cara a Holanda, co seu fotingo vello e estartelado, que lles servía, ás veces, de cama e de comedor. Nos Países Baixos non tiveron problemas, aínda que lle iban facendo perder ó coche parte da súa figura primitiva: ou porque se esquencían de que levaba o freo de man posto e queimaban as zapatas, ou porque batían nunha estaca dando marcha atrás e fendían a defensa en dous anacos, ou porque machucaban o gardabarros esquierdo ó bater noutro coche... Eso sin contar que, de cando en vez, lles fallaban os platinos ou a tapa do delco e se lles fundían as buxías. E tamén sin falar da batería, que sóio lles deixaba acendé-lo coche despóis de moita teima. Os atrancos non impediron que chegasen a Hamburgo e levasen áinda o pensamento de cruzar Alemania de riba abaixo, pra se meter por Austria e rematar en Italia.

En Hamburgo tiña unha moza Camilo e hastra falaba de casar con ela. Por eso aproveitaron pra se deter alí uns días e conocer ben os arrabaldos típicos daquela cidade, que boa fama teñen no estranxeiro. Co seu coche iban percorrendo as rúas e axiña se convertiron nunha atracción turística. A xente ollaba pra aqueles mozos con moitas barbas, cazadoras, pantalóns vaqueiros

e zapatos de tenis; pro o que más atraía era o coche, que xa perdera a súa cor e estaba cheo de croques por todas partes. Por eso, cando se detiñan nunha praza e o artefacto escomenzaba a fumar, había moreas de curiosos, un pouco inquietos, cunha perna aparellada pra fuxir polo medo dun estoupiado. O malo foi que tamén a policía quixo ser curiosa e se interesou polo estado do vehículo. Os catro amigos tiveron que lles deixar facer unha inspección. E había que vé-lo medo do que se puxera de guiandeiro, cando viu que os freos non eran seguros e as marchas berraban pola falla de embrague. Caso perdido. Ó coche non lle foi permitido continuá-lo viaxe e os ocupantes quedaron en Hamburgo algúns días máis, vivindo á conta da moza de Camilo. Despois colleron o tren e voltaron pra París. Non chegaron a Italia, pro deixaeron detrás unha boa chea de acontecementos e levaban con eles novas esperencias pra contar. Ben que as deixaban oír Manole e Rafael ó comenzo do novo curso, cando volveron de París pra seguir barallando con aquel condenado selectivo.

VOCABULARIO

espallaba: *espacia*
 ás mancheas: *a manos llenas*
 camiñada: *caminata, viaje*
 estartelado: *destartalado*
 freo: *freno*
 machucaban: *machacaban*

percorrendo: *recorriendo*
 inquietos: *inquietos*
 aparellada: *preparada, aparejada*
 guiandeiro: *conductor*
 esperencias: *experiencias*
 barallando: *peleando, altercando*

A PREPOSICIÓN (vede Gallego I, p. 189-190)

A función da preposición é a de servir de nexo entre un elemento sintáctico calquera e o seu complemento. É sempre átona e antepónse ó seu termo, que é sempre un sustantivo ou unha palabra ou frase equivalente a un sustantivo. Dito de outra ma-

neira: todo aquello que funciona como termo dunha preposición queda sustantivado por ela.

O núcleo dun sintagma no que entra a preposición como relacionante pode ser un nome (*té con limón*), un pronome (*calquera de nós*), un verbo (*traballan con ansia*), un adverbio (*perto da casa*) e algunas interxeccións (*;ai de ti!*).

As relacóns que se establecen entre o núcleo e o seu termo son moi diversas, aténdonos especialmente ás preposiciones máis usadas. Estas relacóns son:

A: Indica

- a) **obxeto directo** de persoa: *Vin a Xan no bar* «vi a Juan en el bar».
- b) **obxeto indirecto**: *Dádelle os paquetes a el* «dadle los paquetes a él».
- c) idea de **movimento**: *Púxose á beira do camiño* «se puso al lado del camino».

Ascendéu a coronel «ascendió a coronel».
Vai a Santiago «va a Santiago».

- d) idea de **valor**: *Ó tres por cento* «al tres por ciento».
A ducia a dez pesos «la docena a diez duros».
- e) idea de **distancia**: *De aquí á casa* «de aquí a la casa».
- f) idea de **situación** no tempo e no espacio: *Erguínme ás catro* «me levanté a las cuatro».
Faléille á porta «le hablé a la puerta».
- g) idea de **modo**: *Fixeno á man* «lo hice a mano».

CON: Indica

- a) **compañía**: *Vive co irmán* «vive con el hermano».
- b) **circunstancia modal**: *Traballa con ansia* «trabaja con ansia».

- c) **instrumento:** *Espetéino cun martelo* «lo clavé con un martillo».

CONTRA: Indica

- a) **oposición:** *Contra ti non dixen nada* «contra ti no dije nada».

Xarope contra a tose «jarabe contra la tos».

- b) **aproximación:** *Agárdote contra a noite* «te espero hacia la noche».

Está contra a casa «está pegado a la casa».

DE: Indica

- a) **pertenencia:** *O libro do cativo* «el libro del niño».

- b) **orixe:** *Son de Santiago* «soy de Santiago».

De min a ti «de mí a ti».

- c) **modo:** *Está de pé* «está de pie».

- d) **materia:** *Un saco de mazás* «un saco de manzanas».

Temos de todo «tenemos de todo».

- e) **asunto:** *Falan de fúbol* «hablan de fútbol».

- f) **condición:** *Home de xenio* «hombre de genio».

- g) **tempo:** *Faino de día* «hazlo de día».

EN: Indica, en xeral, idea de **repouso** dentro de certos límites espaciales, temporales ou abstractos. A saber:

- a) **lugar:** *Está na casa* «está en casa».

- b) **resultado de movimiento:** *Vai en Vigo* «ha ido a Vigo».

- c) **tempo:** *Fixomo nun mes* «me lo hizo en un mes».

Lino no día «lo leí en el día».

- d) **modo:** *Falaba en serio* «hablaba en serio».

Estaba en canelas «estaba en piernas».

- e) algumas veces indica **movemento** dentro de certos límites:

Saltaba de pena en pena «saltaba de peña en peña».

De porta en porta «de puerta en puerta».

De día en día «de día en día».

ENTRE: Indica

- a) **situación ou estado** entre dous límites: *Entre a casa e o adro* «entre la casa y el atrio».

Entre a vendima e a castiñeira «entre la vendimia y la recogida de la castaña».

- b) **cooperación:** *Erguéreron entre catro* «lo levantaron entre cuatro».

HASTRA: Indica un **límite** no espacio ou no tempo:

Fomos hastra o río «fuimos hasta el río».

Estaremos hastra as cinco «estaremos hasta las cinco».

PRA: Indica

- a) **obxeto indirecto:** *O xoguete déronmo pró pícaro* «el juguete me lo dieron para el niño».

- b) **dirección** dun movemento: *Ven pra aquí* «viene para aquí».

- c) **fin:** *Traballa pra comer* «trabaja para comer».

- d) **tempo:** *Hei de volver pró vran* «he de volver para el verano».

- e) **inminencia** da acción: *Está pra chegar* «está a punto de llegar».

POR: Indica

- a) **axente** de pasiva: *Castigado pola nai* «castigado por la madre».

- b) **espacio:** *Iba pola rúa* «iba por la calle».

c) **tempo**: *Vino polas doce* «lo vi hacia las doce».

Polo vran os días son longos «en el verano los días son largos».

d) **causa**: *Díxollo por facelo rabiar* «lo dijo para hacerlo rabiar».

e) **modo**: *Fixeno por forza* «lo hice por fuerza».

f) **medio**: *Mándocho por correo* «te lo mando por correo».

g) **equivalencia**: *Canto por non chorar* «canto por no llorar».

h) **privación**: *Está por facer* «está por hacer».

SIN: Indica

a) **privación**: *Está sin facer* «está sin hacer».

b) **escepción**: *Eso sin contá-las accións* «eso sin contar las acciones».

SOBRE: Indica **aproximación**: *Vino sobre as dúas* «lo vi sobre las dos».

Costa sobre 5 pesetas «cuesta sobre 5 pesetas».

EXERCICIOS

I. Indica o valor das preposicións que aparecen na lectura.

II. Conxuga os tempos dos verbos que aparecen na lectura.

III. Traduce ó castelán a lectura.

IV. Versión ó galego:

1. Se marcharon a París con unos amigos para pasar las vacaciones de verano.
2. Hacia las doce de la mañana llegaron a la estación sin saber a qué hora salía el tren para Madrid.
3. Entre tú y su madre estáis estropeando al niño.

4. Por tu culpa no llegué hasta la ciudad y tuve que quedarme en el pueblo.

5. La limpieza está sin hacer y la criada no viene hasta mañana.

6. A eso de las doce se marchó de viaje.

7. En una esquina se había colocado cerca de la pared, a su lado.

8. Para hacer eso no necesitabas mi permiso.

9. Se despidió hasta el día siguiente.

10. Se dirigió hacia mí con cara de pocos amigos.

11. Fue con el padre a la feria.

12. No quiero que estés junto a mí.

13. Estaban preparados para huir por el miedo que tenían.

14. Vive sin trabajar.

V. Conversa:

¿Por qué non foi Enrique ó estranxeiro?

¿Qué facían algúns compañeiros cos esames?

¿Con quén atoparon os amigos de Enrique en París?

¿Qué decidiron os catro amigos en París?

¿Qué era Filiberto e cómo facía o seu traballo?

¿Cómo era o coche que mercaron?

¿Por onde andiveron co coche?

¿Qué lles pasou en Hamburgo?

¿Qué facían nesta ciidade?

VI. Redacción: Conta un viaxe ou unha escursión.

TESTO LITERARIO


—¿Qué tal recordo¹ gardas ti de París?

Ben seguro, Carlos maxinábase de antemán a resposta de Anselmo, pois xa este lle tiña contado historias autobiográficas de París.

LECTURA

O regalo

Nos primeiros días de agosto chegoulle unha carta á familia de don Antón cun contido que xa deixaba adiviñar o sobre alon-



—Xa entréi co pé derecho —dixo Anselmo.

Entrara por vez primeira na Gare d'Austerlitz pola mañá, de moi cedo. Ventábase no ceo un día soleado e tranquilo. Anselmo fora o derradeiro en baixar do tren. Chegaba sin diñeiro, case sin francés e sin conocer persoas. Decidira pasear polo andén, en canto que non discurrira nada razoable e gratis que facer. Súpetamente², viu que cara a el camiñaba un rapaz loiro. Era francés. Despois de lle pedir tímidamente disculpas, amosáralle unha foto «tamaño carnet». Quería saber se, de casualidade, Anselmo era o da foto. Anselmo mirou prá foto e comprobou que o retrato era outro.

—Non. Eu non son --tencionou³ decir en francés.

O rapaz volvéulle pedir disculpas e gardou a foto.

Dixo —Anselmo pouco e pouco fóra entendendo— que no tren aquel debería ter chegado un español que el quería recibir. Traía pra identificalo a foto.

Anselmo escotárao atentamente, pra logo lle preguntar se sabía de algúns hotel barato.

Quizás por sentí-la necesidade de que o traballo que se tomara de ir á estación fora útil de algunha maneira, o rapaz francés aquel portárase como un irmán con Anselmo. Despois de o invitar a un té, buscáralle por teléfono un hotel barato e acabara por lle proporcionar tamén o primeiro emprego: limpar coches nun garaxe.

Camilo G. Suárez-Llanos, *Como calquer outro día*
Ed. Galaxia, Vigo 1962, pp. 219-220

NOTAS

¹ recuerdo

² súbitamente, de repente

³ intentó, trató de

gado, dunha cor branca especial. Dentro viña un papel cartonado cunhas palabras que os Souto agardaban había meses:

*Andrea Ríos
Uxío País*

*Silvia Pasiños
Paulos Fraíz*

participáñlle o casamento dos seus fillos

BELA e PEPIÑO

e teñen o gusto de convidalo á ceremonia relixiosa, que se celebrará na igrexa parroquial de Santa María o dia 15 de agosto, á unha da tarde

Xantar: «Restaurante Breogán»

Eirapedriña, 1972

—¡Xa era hora! —dixo Enrique—. Non se poderán queixar de relacións longas. Debe haber cinco anos que son mozos.

—Ó Pepiño costóulle traballo amolecer, pro tódalas cousas veñen a maduro e a el tamén lle tiña que chegá-lo día —falou don Antón.

—¿E qué regalo lles imos facer? —terciou dona Rosario—. Esta vez témonos que lucir, pois non lles podemos dar calquera cousa pola amistade que temos coas dúas familias.

—¿Qué vos parece se lles regalamos un xogo de café? —dixo o tío Pepe.

—¡Qué cousas tes, papá! ¿Cómo lles imos dar un xogo de café? Eso é pouca cousa, e ademais han ter tres ou catro da mesma especie. Xa sabedes que a xente ten pouca maxinación e nas aldeas sóio saben regalar xogos de café, cobertores, colchas, vasos, pratos ou cousas así. Nós temos que pensar de outra maneira. Pra min sería bo unha bandexa de prata. Algo que non subira moito de precio e resultara unha cousa fina.

—Non me parece mal —dixo Enrique—. Pro hoxe hai creacións fantásticas de louza, feitas en Sargadelos, e a Pepe ben que

lle gustan estas figuras decorativas. Eu decidiría por unha delas ou tamén por unha chilindrada xeitosa pró coche: unha radio, por exemplo.

—Mirade, o millor que podemos facer —dixo Carme— é ir mamá e máis eu á vila e ver nos comercios os regalos más axeitados...

—Non, ho; a vós soiás non vos deixo ir —interrumpíuna don Antón—. Como teñades cartos sodes capaces de me deixá-la carreira valdeira. Eu vou con vós e deste xeito teré coidado de que non perdáde-la cabeza.

—Vaia. Calquera que te oíse diría que somos unhas espilfarradoras. E ben sabe Deus que aforramos todo o que podemos. Pro, se ves connosco, non te queixes ós dous minutos de que queremos ollar todo sin mercar nada. Antes de se decidir por un obxeto hai que ver tódalas posibilidades e compará-los precios, e tamén hai que ralear un pouco pra que che descontenten unhas pesetas.

Así o fixeron. O outro día, dona Rosario, Carme e don Antón foron á vila e non deixaron un comercio sin lle botar unha ollada: praterías, tendas de obxetos artísticos, moblerías, bazares, comercios de aparellos domésticos... Don Antón botaba chispas, quería que se decidisen dunha vez por unha cousa ou por outra, que non o mareasen máis. Despois de moito tempo decidíronse. Mercaron o que se lles a elles antoxou e tamén gastaron o que elas quixerón. Don Antón pagou, meteu o regalo no coche e volvou prá casa sin gurgutar unha palabra, matinando no complicado que é facer entrar en razón a dúas mulleres cando están dispostas a saír coa súa.

Xa na casa, a nai e máila filla souberon convencer ó tío Pepe e a Enrique de que aquel fora o millor regalo que atoparan. O que non se convencéu foi don Antón, que ainda non se fixera á idea de ter que gastar tantos cartos nun aparello que non lle traía ningún proveito. Hastra soñou aquela noite que berraba co tendeiro, porque non lle quería rebaixar nin un patacón.

VOCABULARIO

amolecer. *ablandar*
chilindrada: *fruslería, nimiedad*

aforramos: *ahorramos*
ralear: *regatear*

CONXUNCIÓNS (vede Gallego 1, pp. 196-198)

As convencións coordinan ou subordinan oracións e coordinan elementos non oracionais idénticos:

Non ven porque non quere «no viene porque no quiere».

Ún ou outro metéróno no peto «uno u otro lo metieron en el bolsillo».

O caitivo xoga e brinca no xardín «el niño juega y salta en el jardín».

As oracións poden ter entre si unha relativa independencia ou poden ser un elemento sintáctico imprescindible dunha oración principal. Ás partículas que establecen a primeira relación chámases tradicionalmente convencións coordinantes; a segunda relación establecese por medio das convencións subordinantes.

1. Convencións coordinantes

Conforme á clase de relación que establecen, clasíficanse en:

A) COPULATIVAS

E: *Ven o pai e o fillo* «viene el padre y el hijo».

Nin: *Non ven nin o pai nin o fillo* «no viene ni el padre ni el hijo».

É moi frecuente reforzá-la convención e co adverbio **máis**; a convención resultante ten un matiz intensivo:

Viñemos ti e más eu «vinimos tú y yo».

B) DISXUNTIVAS

Ou: *Dámo ou voume* «dámelo o me voy».

Ora ... ora: *Fregan por quenda: ora unha, ora outra* «friegan por turno: ora una, ora otra».

Ben ... ben: *Ben ti, ben el, traédemo* «bien tú, bien él, traédmelo».

C) ADVERSATIVAS

Pro: *É tarde, pro téñoo que facer* «es tarde, pero tengo que hacerlo».

Mais: *Caéu ben, mais non lle deu tempo a botí-las mans* «cayó bien, pero no le dio tiempo a echar las manos».

Anque: *É listo, anque algo parado* «es listo, aunque algo parado».

Senón: *Non foi pola mañá, senón pola tarde* «no fue por la mañana, sino por la tarde».

Con todo: *Ten traballo abondo, con todo sóbralle tempo* «tiene trabajo en abundancia, con todo le sobra tiempo».

Agora ben: *Non te canses, agora ben, fai algo* «no te canses, ahora bien, haz algo».

Non embargantes: *Éche terco, non embargantes axiña cede* «es terco, sin embargo cede pronto».

2. Convencións subordinantes

Establecen, como dixemos, unha relación coa oración principal idéntica á que teñen o sustantivo ou o adverbio co seu verbo na oración simple. Clasifícanse da seguinte maneira:

A) COMPLETIVAS

Que: *Non é nada seguro que veña* «no es nada seguro que venga».

Se: *Pregúntalle se ven ó cine* «pregúntale si viene al cine».

B) FINALES

(A) que: *Vai (a) que te mire o médico* «ve a que te mire el médico».

Pra que: *Doucho pra que o gastes na festa* «te lo doy para que lo gastes en la fiesta».

Pra: *Foise á aldea pra cazar* «se fue a la aldea para cazar».

C) CAUSALES

Como: *Como ten vontade, estudia* «como tiene voluntad, estudia».

Xa que: *Xa que teño que parar, heilles dá-lo recado* «ya que tengo que parar, les daré el recado».

Porque: *Dinlo, porque mo pedíu* «se lo di, porque me lo pidió».

Que: *Non fága-lo parvo que te conozco* «no hagas el tonto que te conozco».

Pois: *Non era el, pois ainda non chegara* «no era él, pues aún no había llegado».

En vista de que: *En vista de que non fago falta, vou estudiar* «en vista de que no hago falta, me voy a estudiar».

D) CONSECUKTIVAS

Pois: *Non tes sede, pois non bebas, ningúén cho manda* «no tienes sed, pues no bebas, nadie te manda».

De xeito que: *Aquelo non acababa, de xeito que nós non esperámo-lo remate* «aquello no acababa, así que nosotros no esperamos el final».

Conque: *Fai moito sol, conque non saias sin sombreiro* «hace mucho sol, conque no salgas sin sombrero».

Logo: *Chora, logo é que ten fame* «llora, entonces es que tiene hambre».

Así que: *Non estou na casa, así que non veñas* «no estoy en casa, así que no vengas».

Polo tanto: *Rifaban con todos, polo tanto non quisen saber nada* «reñían con todos, por tanto no quise saber nada».

Que: *Había tanto rebumbio, que non se podía falar* «había tanto jaleo, que no se podía hablar».

E) TEMPORALES

Cando: *Cando vós caledes, hei falar eu* «cuando vosotros calléis, hablaré yo».

Mentres: *Mentres plancho, prepara a cea* «mientras plancho, prepara la cena».

Namentres: *Namentres estudias, apaga a radio* «mientras estudias, apaga la radio».

Así que: *Así que acabes, recolle todo* «cuando termines, recoge todo».

Ó que: *Ó que xantamos, fómonos ó río* «después de comer, nos fuimos al río».

Despois que: *Despois que amane o coche, heite vir buscar* «después que arregle el coche, te vendré a buscar».

En canto: *En canto non molesto, ningúén me ten que decir nada* «mientras no moleste, nadie me tiene que decir nada».

Aínda non: *Aínda non escampara, xa estaba xogando á pelota* «aún no había escampado, cuando ya estaba jugando a la pelota».

Sempre que: *Sempre que te veño ver atopo a teu pai no curral* «siempre que vengo a verte encuentro a tu padre en el corral».

Desque: *Desque o aviséi, non o volvéu facer* «desde que lo avisé, no volvió a hacerlo».

Axiña que: *Axiña que o vin, conocíno* «tan pronto como lo vi, lo conocí».

F) CONDICIONALES

Se: *Se fai día, érguete cedo* «si hace buen día, levántate temprano».

Como: *Como non chegues a tempo, hasme oír* «como no llegues a tiempo, me oirás».

De: *De traballar, pon tino no que fas* «si trabajas, ten cuidado con lo que haces».

Onda non: *Vaime axiña por auga á fonte, onda non pégoche* «vete pronto por agua a la fuente, si no, te pego».

G) COMPARATIVAS

Tal cal: *Cóntovolo tal cal o vin* «os lo cuento tal como lo vi».

Tal coma: *A casa era tal coma ela o dixera* «la casa era tal como ella había dicho».

Tanto coma: *Ten tanto coma o que más* «tiene tanto como el que más».

Máis ca: *Leva más ca un centeo verde* «lleva más (palos) que una estera».

Menos ca: *Houbo menos pesca hoxe ca onte* «hubo menos pesca hoy que ayer».

Coma se: *Decían coma se fose certo* «lo decían como si fuera cierto».

Do que: *É más grande do que ti pensas* «es más grande de lo que tú piensas».

H) CONCESIVAS

Anque: *Anque viva mil anos non esquenzo o conto* «aunque viva mil años no olvidaré el asunto».

Así: *Báñase no mar así sexa no medio do inverno* «se baña en el mar aunque sea en mitad del invierno».

Por más que: *Por más que lle prediques, non fas nada* «por más que le prediques, no haces nada».

Aínda que: *Aínda que queira non pode remediarlo* «aunque quiera no puede remediarlo».

Siquera: *Xógame ben, siquera sexa por unha vez* «juega bien, al menos por una vez».

Por moito que: *Non fas bo del por moito que lle prediques*

«no consigues cosa buena de él por mucho que le prediques».

A pesar de que: *Non cacéi nada a pesar de que madruguéi* «no cacé nada a pesar de que madrugué».

EXERCICIOS

I. Indica nas lecturas 23 e 24 o valor de cada unha das concuncións.

II. Traduce ó castelán a lectura 24.

III. Versión ó galego:

1. Hay que casarse para tener muchos regalos.
2. Convencieron al abuelo de que aquel era el mejor regalo que habían encontrado.
3. Por más que hagáis, no convenceréis a D. Antón de lo contrario.
4. Mientras las mujeres buscaban los regalos, el médico se arrepentía de haber ido de compras con ellas.
5. Vente esta tarde a mi casa para ver los regalos, si no me enfado contigo.
6. Si piensas trabajar toda la tarde, no te olvides de la merienda.
7. Aún no habían llegado a la ciudad, cuando empezaron a discutir sobre los comercios que debían visitar para comprar el regalo.
8. Ya que tengo que pagar el dinero, lo haré cuanto antes.
9. Es un poco caro, pero me gusta mucho.
10. Como no vengas cuando te llame, te arrepentirás.
11. Dijo que le quería comprar un juego de café, pero todos protestaron, porque era un obsequio poco original.
12. Por mucho que me digas, no te lo creeré.
13. Desde que se marcharon al campo, no escribieron. Sin

- embargo, nosotros lo hicimos tan pronto como nos fue posible.
14. Tiene más peso de lo que tú creías.
 15. No se pusieron de acuerdo, de manera que todo se quedó como estaba.
 16. Llegaron el sobrino y el tío, si bien nadie los esperaba.
 17. Después de salir se dio cuenta de que había dejado el dinero en casa.
 18. No digas tonterías que sé como piensas; si no lo supiera, no vendría a molestarte con esta petición.
 19. Lo decía como si se tratase de algo extraño.
 20. Hazlo bien, siquiera sea la última vez.

IV. Conversa:

¿De qué trataba a carta que lles chegou ós Souto?
 ¿Quén se casaba?
 ¿Qué lles quería regalar o abó?
 ¿Qué lle respondéu o médico?
 ¿Qué pensaba Enrique?
 ¿Cál foi a decisión que tomaron?
 ¿Por qué quixo ir D. Antón coas mulleres?
 ¿Qué fixeron as mulleres na vila?
 ¿Por qué non estaba contento D. Antón?

V. Comenta os refráns e ditos seguintes:

1. ¿Por qué non te casas Xan? As que me dan non as quero, e as que eu quero non mas dan.
2. O casado casa quere.
3. O que se casa por todo pasa.
4. Palabras de casamento, moitas veces lévaas o vento.
5. Casamento con foguetes, acaba con moquetes.
6. O que lonxe vai casar, ou leva chata, ou vaina buscar.
7. O casar quere acertar.

TESTOS LITERARIOS

O NOME DELA

Fora o meu amor de neno. Un amoriño devanceiro¹, imposible, alonxado² un día na borralla dos anos. Fora o nidio³ querer que agromá⁴ denantes que a ventanía⁵ da vida traia deica nós tanta feitura, tanto engado, tanto degoiro... pra que os chamos con nome de amores.

Foise. E eu funlle fiel. A miña testemuña⁶ sería ben estraña:
 —Non hei chamar co nome dela a ningunha rapaza que o leve.

E desde entón, ás que o levaban: ¡Escoita!, ¡Ti!, ¡Oe!, ¡Nena!
 ¡Cántos xeitos de alcumalas⁷, pra non decilo!

Coidaredes que o rompín por un novo namoro⁸, un namoro na súa sazón. Nin por penso⁹. Foi tamén de neno. Cunha amiguiña. Aquela cativa que tiña unha bicicleta. Funlle pedir que ma emprestase¹⁰. E chaméina polo seu nome, que era o nome dela. E digo unha «amiguiña» e non escribo aquí cómo se chamou aquel meu primeiro amor, por gardar siquera neste intre o voto que, por tan pouca cousa, quebréi daquela.

X. Filgueira Valverde, *Quintana viva*

Ed. Galaxia, Vigo 1971, pp. 126-127

NOTAS

¹ antiguo, viejo

⁶ testimonio

² alejado

⁷ nombrarlas, apodarlas

³ limpio, puro

⁸ amor

⁴ brota

⁹ ni por pienso (castellanismo)

⁵ viento

¹⁰ prestase

BERNALDINO E SABELIÑA

—Polo mundo me vou, madre,
polo mundo a camiñare
en busca de Bernaldino
que non o podo atopare.
E foise de terra en terra
e de lugar en lugare;
topou unha lavandeira
lavando nun areale¹.
—De Bernaldino, señora,
¿qué novas me pode dare?
—Bernaldino é da raiña²
o paxeciño³ galane.
Ó decir estas palabras
Bernaldino á porta estae.
—¿Quén te trouxo aquí, Sabela,
quén te trouxo a este lugare?

Casto Sampedro e Filgueira Valverde, *Cancionero Musical de Galicia*
«El Museo de Pontevedra», T. I, Pontevedra 1942, p. 114

NOTAS

¹ arenal

² reina

³ pajecito

⁴ besar

—Teus amores, Bernaldino,
por aquí me fan andare.
Colléronse polo brazo,
puxéronse a paseare.
En canto os vira a raiña
ós dous mandara matare.
A ela entérrana no coro,
a el entérrano no altare.
Dela nacéu unha fonte,
e del un verde olivare;
tanto medran ún e o outro
que ós ceos foron chegare;
cando os ventos sopran mainos
os dous se queren falare,
cando os ventos sopran recios
os dous se queren bicare⁴.

querer	saber	caber	oír	andar	saír	valer
querendo	sabendo	cabendo	oíndo	andando	saíndo	valendo
querido	sabido	cabido	oído	andado	saído	valido
	sei	caibo	oio		saio	vallo
	sabes	cabes	oes		saes	vales
	sabe	cabe	oe		sae	vale
	sabemos	cabemos	óimos		saímos	valemos
	sabedes	cabedes	oídes		saídes	valedes
	saben	caben	oen		saen	valen
quixen	souben	couben		andiven		
quixeches	sobeches	coubeches		andiveches		
quixo	soubo	coubo		andivo		
quixemos	soubemos	coubemos		andivemos		
quixéchedes	soubéchedes	coubéchedes		andivéchedes		
quixerón	souberon	couberon		andiveron		